

CADERNOS DE LINGUA



10

2.º SEMESTRE. 1994

REAL
ACADEMIA
GALEGA



R E A L
ACADEMIA
GALEGA





CADERNOS DE LINGUA

2º SEMESTRE, 1994

10

REAL
ACADEMIA
GALEGA





Director: Constantino García
Vicedirector: Manuel González González
Coordinador: Xosé Luís Regueira
Secretaria: María do Carme Pazos Balado

Coordinadores de área:

Carlos Díaz Abraira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,
 Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

Colaboracións e correspondencia:

Orixinais para publicación e correspondencia en xeral enviaranse ó
 coordinador:

Xosé Luís Regueira Fernández
 r/. Hórreo, 31-2º
 15702 Santiago de Compostela

Subscripción e intercambio: Dirixirse a

Editorial Galaxia, S. A.
 r/. Reconquista, 1 - 36201 Vigo

© Real Academia Galega
 A Coruña, 1990

Edita: Real Academia Galega
 r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua
 Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: M. Janeiro

Imprime: Obradoiro Gráfico, S. L.
 Avda. Rebullón, 49 - Mos

Esta publicación é posible gracias á colaboración económica da Consellería de
 Cultura da Xunta de Galicia.

En xullo de 1992 tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago o curso de estudos "Linguística e a expresión en galego: recursos e modelos lingüísticos", dirixido polos profesores Xosé Xove e Xosé Luis Regueira e coa presenza de outros membros do Centro de estudos lingüísticos. O curso consistiu de sete conferencias e de dúas sesións prácticas que trataron temas relacionados cos diferentes niveis e fenómenos lingüísticos e, en particular, cos problemas que se le presentan actualmente á lingua no proceso de estandarización de novas normas e prácticas.

O obxectivo do curso consistía en proporcionar un estado da cuestión dos estudos lingüísticos en Galicia, así como tamén a servir como plataforma de reflexión sobre o uso da lingua e sobre os seus diferentes recursos gramaticais e lexicais propios da lingua, adaptándose as diferentes situacións que se van presentando no proceso de estandarización para unha futura normalización da lingua galega.

ÍNDICE

ARTIGOS

- J. KABATEK, Variedades lingüísticas e competencia comunicativa.....7
- R. ÁLVAREZ BLANCO, Gramática descritiva e gramática prescritiva19
- X. L. REGUEIRA, Modelos fonéticos e autenticidade lingüística.....37
- X. XOVE FERREIRO, Do designado á expresión: a perspectiva onomasiolóxica no ensino da lingua sobre o exemplo da cuantificación61
- E. GONZÁLEZ SEOANE, Variedade e empobrecemento do léxico.....89
- F. A. CIDRÁS ESCÁNEO, Modelos de lingua e variación sintáctica.....103
- E. TORRAS OLIVERAS, A aprendizaxe dunha lingua en proceso de normalización: a tensión uniformidade/diversidade no caso do catalán.....119
- X. R. GARCÍA SOTO, Reversión evolutiva do castelanismismo133

RECENSIONÍS

- Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro* (X. Domínguez Dono)143
- Geolingüística. Trabajos europeos*, ed. por P. GARCÍA MOUTON (Mari Carme García Ares).....151

En xullo de 1993 tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago o curso de verán "Gramática e expresión en galego: recursos e modelos lingüísticos", dirixido polos profesores Xosé Xove e Xosé Luís Regueira e co profesor Francisco Cidrás como secretario. O curso constou de oito conferencias e unha mesa redonda que trataron temas relacionados cos diferentes niveis e rexistros lingüísticos e, en particular, cos problemas que se lle presentan actualmente ó galego no proceso de elaboración de novos niveis e rexistros.

O obxectivo do curso consistía basicamente en chama-la atención dos interesados na normalización da lingua galega e iniciar con eles unha reflexión sobre a necesidade de poñer en obra tódolos recursos gramaticais e expresivos propios da lingua, adecuándoos ós distintos niveis e rexistros que están en proceso de elaboración, para evita-la alienación, por unha parte, e tamén un reduccionismo empobrecedor, pola outra.

Tanto o tema coma os obxectivos deste curso coinciden plenamente cunha das ideas directrices dos Cadernos desde o seu primeiro número, polo que decidimos recoller nun volume monográfico os textos das oito conferencias, algúns deles con adicións ou modificacións froito da discusión e dos comentarios dos asistentes ó curso.

Este libro, por tanto, é diferente para unha mesma parte, para un mesmo fundamento que é a comunicación por medio de signos lingüísticos, pero con sequenza resulto útil porque nos permite chegar a explicacións non demasiado complexas dos diversos aspectos. Ademais, resultante por ben paralela ó propio desenvolvemento da teoría lingüística: tentativa desde Georg von der Habel até a finais do século pasado, ou, cando menos, desde Ferdinand de Saussure, na descrición do sistema lingüístico, os lingüistas, polo menos os das escolas tradicionalistas, pasaron por aí e máis a se integrar pola explicación; máis tarde, sobre todo a raíz do desenvolvemento da sociolingüística e da psicolingüística nos anos sesenta, o interese centrouse na competencia dos falantes, e, finalmente, en

En xullo de 1993 tivo lugar no Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago o curso de verán "Gramática e expresión en galego: teorías e modelos lingüísticos", dirixido polos profesores Xosé Xové e Xosé Luis Iglesias e co profesor Francisco Clavero como secretario. O curso consistía de oito conferencias e unha mesa redonda que tratara temas relacionados cos diferentes niveis e texturas lingüísticas e, en particular, cos problemas que se lle presentan actualmente á lingüística no proceso de elaboración do novo nivel e textura.

O obxectivo do curso consistía basicamente en chamar a atención dos interesados na normalización da lingua galega e facer con eles unha reflexión sobre a necesidade de poder, en certos ámbitos teóricos gramaticais e expresivos propios da lingua, establecer os límites entre a lingua e a escritura que están en proceso de elaboración, para evitar a confusión por unha parte e tamén un reduccionismo excesivo, pola outra.

Tanto o tema como os aspectos desta curso foron tratados desde un punto de vista teórico, dirixíndose aos Caballeros de a súa primeira reunión, pola que despois recibiu un volume monográfico no que se recollían os traballos presentados, algunhas delas con edicións ou modificacións feitas despois da súa realización.

VARIEDADES LINGÜÍSTICAS E COMPETENCIA COMUNICATIVA

JOHANNES KABATEK
Universidade de Paderborn (Alemaña)

0. Abarcar en poucas liñas o tema da *variación* e da *competencia lingüística* semella unha tarefa case imposible de levar ó cabo tendo en conta a súa relación con toda a teoría da linguaxe. Por isto, o que se pretende aquí non pode ser máis ca unha pequena introducción á problemática e un intento de achegarnos a través de varios pasos ás cuestións fundamentais do campo da variación lingüística: presentaremos unha redución abstracta e, sen embargo, xustificada polos feitos mesmos. A tarefa da ciencia consiste en dici-las cousas sen complicalas, e de abstraer onde é xustificicado. Nun primeiro punto, falarase da *linguaxe* como feito xeral, despois da *lingua* como sistema de signos para a comunicación dunha comunidade histórica. O terceiro punto tratará da variación lingüística, ou sexa, os diversos sistemas de signos lingüísticos que poden coexistir nunha comunidade. O cuarto punto é un cambio de perspectiva da descrición puramente lingüística, da descrición de sistemas como unidades abstractas, ó falante mesmo, que usa estas variantes, parte da súa competencia lingüística. O último punto xa non se concentra só na competencia lingüística dun falante, senón que dá lugar á descrición do acto comunicativo e ós factores que entran en xogo neste acto, condicionado pola competencia comunicativa dos falantes.

Son cinco perspectivas diferentes para unha mesma cousa, para un mesmo fenómeno que é a comunicación por medio de signos lingüísticos, pero este esquema resulta útil porque nos permite chegar a explicacións non demasiado caóticas dos diversos aspectos. Ademais, xustifícanse por iren paralelas ó propio desenvolvemento da teoría lingüística: concentrada, desde Georg von der Gabelentz a finais do século pasado, ou, cando menos, desde Ferdinand de Saussure, na descrición do *sistema* lingüístico, os lingüistas, polo menos os das escolas tradicionais, pasaron cada vez máis a se interesar pola variación; máis tarde, sobre todo a raíz do desenvolvemento da sociolingüística e da psicolingüística nos anos sesenta, o interese centrouse na competencia dos falantes, e ultimamente es-

tamos a dar un paso máis adiante coas descrições pragmáticas dos actos comunicativos. Nesta historia, a lingüística faise co tempo menos *lingüística* e entra en campos cada vez menos limitados. Perde o seu grao de abstracción e achégase cada vez máis á realidade concreta perdendo en claridade, pois a realidade sen abstracción é imposible de describir. Nalgúns campos da lingüística, como p.e. nalgún que outro traballo no campo da análise conversacional xa estamos case na situación absurda dos xeógrafos ingleses descritos por Borges que fan un mapa de Inglaterra a escala real: un mapa perfecto, pero xa non útil pois xa non é mapa, senón copia da realidade.

1. A repartición nos diferentes puntos corresponde, *grosso modo*, á diferenciación feita polo gran lingüista Eugenio Coseriu, entre *linguaxe*, *lingua* e *fala*; entre *linguaxe*, no nivel *universal*, do falar en xeral, *lingua*, no nivel *histórico* das comunidades lingüísticas; e *fala*, no nivel *individual* dos textos -e por textos entende tódolos textos, sexan escritos ou falados, desde unha fórmula como "bos días" ata as *Cantigas de Santa María*¹. Quixera engadi-lo nivel interindividual do acto comunicativo, aínda que sexa, en realidade, só un aspecto do nivel individual.

O primeiro dos tres niveis, o nivel universal, refírese ó feito universal da linguaxe como propio de tódolos seres humanos, é dicir, a capacidade ou, mellor dito, a necesidade dos seres humanos de categorizala realidade por medio de signos lingüísticos, de crea-la realidade lingüisticamente. E digo *necesidade* porque non hai persoa que non fale ou que non se comunique ou que non pense coa axuda da linguaxe. O que fai ós seres humanos é precisamente a linguaxe, e os homes adoitan falar, ou pensar falando, de forma continua. A necesidade de *significar*, de *crear* ou *recrear signos* é universal e parece mesmo formar parte da natureza do home, pero só o feito universal de falar e de significar, non a maneira *como se fai*². Se pensamos na lingua dos xordomudos, debemos dicir que é tamén lingua, derivada, iso si, dunha lingua falada, pero é *sistema de signos lingüísticos* con tódalas características dunha lingua. Poderíamos falar coas mans, cos pés, e mesmo cos ollos, mais as posibilidades do noso aparato articulatorio e do noso oído son tales que o máis doado é

¹ Véxase como introducción xeral á teoría coseriana o seu libro *La competencia lingüística*, Madrid: Gredos 1992.

² Esta é basicamente a idea de Chomsky cando di que a *language* pertence á natureza do ser humano. Traducir, como se soe facer, *language* por "lingua" pode levar a confusións, pois non se refire a "lingua" nin no sentido de "langue" de Saussure nin no sentido de "lingua" na teoría coseriana: o que é parte da natureza é a linguaxe como feito humano xeral ou, como di Saussure, a *faculté de langage*, é dicir, a capacidade de crear signos lingüísticos.

falar coa boca, solución de practicamente tódalas culturas, porque permite ademais te-la man libre para outras actividades.

O feito de falar é universal. Pero as máis de 3000 linguas no mundo son tan diferentes que é difícil determina-lo lingüisticamente universal, porque as linguas forman parte da *cultura*, das tradicións creadas polas respectivas comunidades xa non por *necesidade* da natureza senón por *liberdade*. É dicir, o falar é unha necesidade humana, pero non o *como*, o *xeito*, do falar. As linguas son diferentes por tradición histórica, transmitense a través do tempo, pola tradición oral, pola imitación de modelos e non por factores da natureza como p.e. factores xenéticos, de sexo, de clima ou de idade. Desde Aristóteles faise a distinción entre cultura e natureza, e xa desde entón xorde a discusión sobre un principio que hoxe en día xeralmente se imputa a Ferdinand de Saussure, o principio da chamada "arbitrariedade do signo" (*arbitraire du signe*), quere dicir, a inexistencia dunha relación necesaria entre a forma acústica e o concepto dun signo lingüístico³. En lugar de "mesa" poderíamos dicir tamén "coitelo", como en alemán se di "Messer" (pronunciado [mesə] e quere dicir "coitelo", pero non se fai, pois falamos ou galego ou castelán ou alemán, porque falar é sempre falar unha lingua, falando situámonos dentro da tradición dunha comunidade e aceptámo-las súas normas⁴. E mesmo en casos de conceptos como "nai", que na maioría das linguas por unha razón que de verdade é de natureza, se designa a través de conceptos como "mama", "ama", "nana", "mor", "mum" etc., non temos tampouco necesidade, senón liberdade limitada polas posibilidades articulatorias do neno pequeno para quen soe ser unha das primeiras palabras a pronunciar. Algo semellante pasa coas interxeccións a coas palabras onomatopéicas.

2. A arbitrariedade é condición previa para a existencia das diversas linguas. Cada lingua é un sistema de signos, con elementos que teñen a súa función só con vistas ó sistema enteiro. Todo pensar é distinguir, opoñer unha cousa a outra, só no contraste podemos ve-las cousas, só co coñecemento da calor sabemos o que é o frío. Tamén os elementos lingüísticos se opoñen a outros. Igual que un concepto lingüístico só pode existir en oposición a outros, como o teito depende da casa e a casa do teito ou do chan no que está situada, todo na lingua funciona por oposicións. E para que a lingua e, polo tanto, a comunicación, funcione, os falantes teñen

³ Cf. E. Coseriu, "L'arbitraire du signe. Zur Spätgeschichte eines aristotelischen Begriffes", *Archiv für das Studium neuerer Sprachen und Literaturen* 204 (1968), pp. 81-112.

⁴ Cf. E. Coseriu, *Sincronía, diacronía e historia*, 3ª ed. Madrid: Gredos 1978, p. 70.

que cumprir cunhas condicións básicas para seren comprendidos: cada discurso, cada texto, debe corresponder ás regras dun *sistema*, que p.e. no caso dunha lingua codificada coñecemos -polo menos en parte- a través da *gramática*, as regras dunha lingua. Sabemos p.e. que en galego temos que distinguilo *e* aberto do *e* pechado, temos que face-la diferenca entre o adverbio “ben”, ou a terceira persoa do verbo “vir” por unha banda e maila terceira forma de plural do verbo “ver”, “ven” ou o imperativo de “vir”, “ven”. Se non facémo-la distinción, hai malentendidos. Cando dicimos:

“Ten que apoiarse na vara”

é outra cousa que cando dicimos

“Ten que apoiarse na barra”;

cambia o significado e cambia o contexto que nos imaxinamos, porque hai dentro da estrutura das linguas unhas ideas do que significan os elementos, e cada elemento debe quedar dentro duns límites para cumprir coa súa función. E cada lingua ten estrutura de seu, cada estrutura é diferente.

3. Alén do sistema, hai distintas posibilidades -incontadas posibilidades- de realizalo. Cando dez persoas -ou mesmo mil- pronuncian a mesma palabra, cada un faino coas súas propias características de voz, de tonalidade, de entoación, de duración de sons etc. Pero as mil persoas que pronuncien p.e. a palabra “casa” teñen todas que facelo dentro dun límite que permita a comprensión pola comunidade -cousa simple e lóxica, pensamos, pero hai detrás unha capacidade de abstracción enorme, non lograda na súa totalidade por ningunha máquina, por máis sofisticada que sexa a técnica dos nosos días.

Pero nunha comunidade nunca se realiza todo o sistema, senón só unha parte das múltiples posibilidades. O conxunto das realizacións feitas é o que Coseriu chama a *norma* dunha lingua, non no sentido de *norma normativa* senón de *norma descritiva*, de tradicións das realizacións concretas do sistema. No portugués. p.e., temos no caso do *rr* dobre a condición de que se pronuncie de forma distinta a tódolos outros elementos do sistema, débese distinguir p.e. a palabra “caro” de “carro”. Pero na norma do portugués, temos dúas posibles realizacións deste fonema: en vez de [‘karu], con vibrante labial múltiple, dise cada vez máis [‘kaRu], cun *erre* que coñecemos tamén do alemán ou do francés. Temos, pois, dúas normas para a realización do mesmo sistema. Ou un exemplo morfolóxico: en galego hai varias posibilidades de formación de palabras femininas sobre a base de modelos masculinos que terminan en -or, como de “actor”, “actriz” ou “actora”, de “autor”, “autora”, ou de “cantor”, “cantora”. So-

bre o modelo de "actor", "actriz" poderíanse formar as palabras "autriz" ou "cantriz", posibles polo sistema galego pero inexistentes na súa norma. Só no caso de "actora" ou "actriz", as dúas formas teñen aceptación na norma con diferenza semántica. Os falantes podemos escoller libremente entre as posibilidades dadas polo sistema, pero poucas veces o facemos e case sempre falamos coa base de modelos lingüísticos xa realizados, actualizando o xa dito anteriormente.

4. A fala, que xa non corresponde a ningún grao de abstracción xa que se refire ó acto individual e concreto de falar, case sempre é *repetición* e poucas veces *creación*⁵. Nun diálogo de tódolos días como

- "Ola, ¿como estás? ¿Vas á conferencia desta mañá?"

- "Non sei, supoño que non porque o tema é moi pesado..."

e mesmo en diálogos máis complicados, non creamos nada novo; só repetimos algo xa mil veces dito. O único acto creativo está na escolla desta e non doutras frases entre as que temos no noso almacén da memoria. Poucas veces creamos elementos novos, e se faláramos só realizando de forma nova o sistema resultaría moi estraña a nosa fala⁶.

A razón pola que os falantes non crean máis e se manteñen xeralmente dentro das tradicións témola que buscar non só na economía do falar, do feito que é sempre máis cómodo repetir do que crear. A principal razón é que falar sempre significa identificarse cun grupo social, cun grupo de falantes, e por iso os falantes queremos quedarnos dentro das normas dun grupo para identificarnos ou para sermos identificados. Pero sobre iso volveremos aínda máis adiante.

Cada sistema lingüístico ten entón as súas normas, as súas tradicións das respectivas falas. Pero dentro dunha lingua histórica atopamos sempre máis dun sistema: é un *sistema de sistemas funcionais*⁷. Cando dicimos *lingua francesa*, *lingua portuguesa* ou *lingua galega*, non falamos -a non ser que falemos do estándar unitario- dun só sistema, pois cada lingua é un conxunto de diversos sistemas lingüísticos coas súas respectivas normas: en cada lingua hai variación. Saussure dicía que a variedade pouco lle importaba ó falante, que o falante estaba diante dun estado de lingua, *devant un état*. Para Saussure, o falante vía o estado sincrónico da lingua, e a lingua era unha sucesión continua de tales estados que

⁵ Hai que sinalar que tamén a repetición de algo anteriormente creado é creación ou, para citar outra vez a Borges, a creación dun Quijote por Pierre Menard é tamén creación, aínda que sexa idéntico ó seu modelo.

⁶ Ou sería poesía. Según Coseriu, a creación poética dáse precisamente na ruptura coas normas dunha lingua.

⁷ Ou, co termo de Uriel Weinreich, un *diasistema*. Cf. o seu artigo "Is a Structural Dialectology Possible?" in: *Word* 10 (1954), pp. 388-400, p. 390.

podía describirse tamén na perspectiva diacrónica, a través do tempo, comparando os diversos estados, consecuencias do cambio lingüístico. Nun artigo sobre os estados de lingua, o noruego Leiv Flydal ampliou nos anos 1950 a distinción saussureana entre *sincronía* e *diacronía* a máis categorías: fóra das diferencias a través do tempo, Flydal distingue entre diversos tipos de variación na sincronía, variantes que pertencen á lingua histórica. Hai variación *diatópica*, ou de lugar, e variación *diatrática*, entre os diversos grupos sociais⁸. Máis tarde, Eugenio Coseriu ampliou outra vez estas categorías axuntando a variación *diafásica*, ou de estilo. O conxunto destas variacións, o sistema de sistemas e normas é o que Coseriu chama a *arquitectura* dunha lingua: a estrutura das estruturas, o edificio no que se sustenta a lingua histórica, un edificio *tridimensional* no tempo⁹. En cada lugar deste edificio pódense abstraer estruturas sin-tópicas, sin-tráticas e sin-fásicas que podemos describir.

Cada sistema funcional é lingüisticamente válido, porque funciona. Non hai, desde o punto de vista estrutural, xerarquía lingüística, non hai sistemas inferiores ou superiores, linguas ou dialectos que funcionen mellor ou peor. Pero nunha sociedade os diferentes sistemas úsanse en ámbitos diferentes. Foron, entre outros, os lingüistas da chamada escola de Praga, sobre todo Bohuslav Havránek e Josef Vachek, os que introdu-ciron o termo de *función dentro da sociedade*. A esta diferenca funcional correspóndelle tamén a noción de *lingua común*, unha especie de lingua-teito por enriba da variación que se usa para a comunicación entre os distintos membros da comunidade, a comunicación interrexional da vida cul-tural, política e económica. A lingua común pode nacer pola necesidade de intercomprensión nunha comunidade dialectalmente moi diferenciada, como p.e. en Italia ou na Grecia antiga. Pero tamén en comunidades menos diferenciadas nacen linguas comúns: son consecuencia dun prin-cipio básico do falar, da *alteridade*: falar é sempre falar con outros e querer ser comprendido e, ademais, identificado como membro do mesmo grupo. Normalmente é o prestixio ou, se se quere, a presión dunha certa variedade sobre as outras o que resulta decisivo para a elección dunha ou doutra variedade, como p.e. a lingua da corte no caso do fran-cés, do portugués ou do español; ou a lingua dunha rexión culturalmente moi desenvolvida, como no caso da Toscana italiana. Dentro da lingua común pode haber certa variación, e haina xeralmente por unha vontade dos falantes de se identificar coa comunidade en xeral, dunha banda, e

⁸ Cf. Leiv Flydal, "Remarques sur certains rapports entre le style et l'état de la langue", *Norsk Tidsskrift for Sprogvidenskap* 16 (1951), pp. 240-257.

⁹ Para a terminoloxía empregada véxase Eugenio Coseriu, "Los conceptos de 'dialecto', 'nivel' y 'estilo de lengua' y el sentido propio de la dialectología", *Linguística Española Actual* III/1 (1981), pp.1-32

cunha parte reducida desa comunidade pola outra, por esa dobre identidade que pode crear subestándares rexionais como p.e. no caso de andaluces que, consciente ou inconscientemente, conservan trazos do andaluz mesmo cando falan a lingua común. Por enriba da lingua común pode haber unha norma normativa e unitaria que é o estándar dunha lingua, un patrón ideal, sistema exemplar e base de realizacións en certos ámbitos, importante para a unidade dunha comunidade e necesaria para a comunicación sobre todo a nivel de escrita e para ter criterios claros no ensino.

Pero volvemos de novo a Flydal e á variación das linguas: o novo en Flydal non é o descubrimento da variación lingüística, que sempre se coñecera. Mesmo a diferenza entre os diversos tipos de variación é vella: xa no século XVI, o gramático portugués Fernão de Oliveira distinguía baixo a fórmula de *Cada hum fala como quem é* entre variación no espacio, entre os diversos grupos sociais e entre diversos estilos. O novo en Flydal é sobre todo o cambio de perspectiva da lingua ó falante, da pura descrición lingüística á descrición da competencia dos falantes. Di Flydal que non hai só diversos tipos de variación falados por diversos grupos: os varios tipos de variación conflúen tamén nun mesmo falante. Cada falante, na súa competencia lingüística, coñece non só un sistema, ten á parte da súa competencia funcional dun sistema -a *competence* de Chomsky ou a *langue* de Saussure- competencia diacrónica, diatópica, diastrática e diafásica. Cando p.e. dicimos dunha palabra "esta palabra a empregan aínda os vellos, pero normalmente xa non se di", facemos uso da nosa competencia diacrónica. Cando un falante de Lugo di que "iso do "seseo" e da "gheada" faise na costa, en Muros e por alí", mostra a súa competencia diatópica, é dicir, que é capaz de recoñecer un elemento lingüístico como pertencente a outro sistema dialectal. Se un médico de Santiago a mediados do século XIX di que escribe un galego con base "en el dialecto que se usa en los pueblos cultos mas no en el de los campesinos", fai unha distinción diastrática, e cando nestes cursos se intenta falar nun estilo máis ou menos solemne, digno dun discurso académico, faise co intento de facer uso dunha certa competencia diafásica¹⁰. O coñecemento *activo* de distintas variedades pode ser mínimo -como nos individuos vítimas das investigacións da dialectoloxía tradicional, que no caso ideal só dominan unha soa variedade- ou pode ser máis amplo, como en sociedades xeralmente plurilingües como p.e. a galega. De tódolos xeitos, non hai individuo que non coñeza polo menos algunhas variedades pasivamente. No gráfico seguinte, vemos nos dous esquemas como podemos imaxinalas diferentes variedades que pertencen a unha lingua histórica e que podemos describir como sistemas illados: sería p.e. o sistema do ga-

¹⁰ Cf. Johannes Kabatek, "O príncipe Louis Lucien Bonaparte: precursor da lingüística galega", *Cadernos de Lingua* 6 (1992), pp. 5-26, p.11.

lego común, os diversos dialectos, sociolectos e estilos do galego como unidades discretas. No segundo esquema vémo-la competencia dun falante, concentrada, xeralmente, nun sistema pero con coñecemento -polo menos en parte- de varios. Serían imaxinables falantes que dominen cinco, dez ou máis variedades, e pode haber comunidades onde o dominio de diferentes variedades sexa xeral.




Gráfico 1

Linguas funcionais (unidades discretas) e competencia dun falante (en: Coseriu 1992: 176)

5. A principios dos anos setenta, o sociolingüista Dell Hymes mostrou que xa desde nenos os falantes -á parte da competencia lingüística- adquiren o que el chamou a competencia *comunicativa*, é dicir, unhas regras de uso das diferentes variedades. Á parte de aprender a falar, os nenos aprenden a falar *con quen, cando, onde e de que maneira*. Analogamente ó saber lingüístico, que é un saber situacional e analóxico porque podemos designa-los obxectos nunca vistos con palabras aprendidas noutras situacións análogas (p.e. chamámoslle “árbore” a un obxecto nunca visto porque identificamos características doutras árbores coas que aprendémo-la palabra) a competencia comunicativa indícanos cal é a variedade que temos que elixir en cada situación, analogamente a outras situacións anteriores.

Aínda así, é doado de mais reduci-la competencia comunicativa a un mero saber situacional. Hai dous factores que inflúen máis alá da lembranza e comparación con situacións anteriores: o primeiro, é o saber metalingüístico, e o segundo a dinámica da comunicación en canto proceso.

O saber metalingüístico é o que os falantes saben acerca da lingua, o que adquiren cando falan sobre a lingua ou cando fan as súas reflexións acerca dela. Derívase dunha parte importante do saber adquirido nas situacións concretas do falar. E este saber á base da experiencia directa tamén se comunica dentro da comunidade por medio de discursos meta-

lingüísticos; un saber que se traduce p.e. en frases como “non se deben dicir palabrotas diante da avoa”, ou “a mi es que el gallego no me gusta porque suena tan bruto” etc. Son valoracións das diversas variedades lingüísticas feitas polos propios falantes. Estas valoracións poden ser xuízos, con base na experiencia obxectiva e corrixibles cando a experiencia o esixe, ou prexuízos, resistentes á corrección pola experiencia. O importante é que o resultado tanto de xuízos como de prexuízos é o mesmo: unha postura determinada fronte a unha certa lingua ou variedade¹¹.

O segundo factor que determina a selección é o proceso de comunicación mesmo. O saber situacional tradúcese por medio de signos extralingüísticos, factores como o lugar e a hora do acto comunicativo; o sexo, o rango, a roupa etc. do interlocutor. Pero no proceso de comunicación xa se determinan lingüisticamente. O proceso de comunicación é un proceso dialéctico que consiste -á parte do contido da mensaxe- na procura dunha síntese entre os falantes. Comeza sempre cunha *proposta* por un dos interlocutores á que segue unha *resposta* doutro que pode ou estar de acordo ou mostra-lo seu desacordo coa proposta. Ó desacordo pode seguir outro desacordo e así ata que se consiga unha síntese, que por calquera factor pode estar exposta a discusión outra vez. Explicareime cun exemplo dunha comunidade bilingüe, pois é máis fácil de demostrar, pero en principio estes procesos tamén se desenvolven dentro de comunidades non explicitamente bilingües.

Imaxinemos unha situación de tódolos días: entra un cliente nun bar en Galicia, e o camareiro fai unha proposta cando di:

“Buenos días. ¿Que desea usted?”

Fai a proposta de falar nunha variedade ou lingua determinada, neste caso o castelán. Se non é monolingüe, fala en castelán por unha selección entre as variedades ou linguas que domina. Pode que fale castelán porque o fai sempre no seu traballo, pode ser porque sabe que é verán e a maioría da xente descoñecida que entra no seu bar son turistas non galegos, pode ser que o faga pola roupa ou a aparencia do cliente e pode ser tamén que simplemente fale castelán con tódalas persoas que non coñeza porque sabe que en caso de dúbida é a lingua que todos entenderán. Se agora o cliente responde:

“Póñame un café con leite, por favor.”

Pode tamén ser por varias razóns: para sinalar ó camareiro que é tamén galego, que pertence á mesma comunidade e que el non é un dos

¹¹ Para o concepto de xuízo e prexuízo véxase Gordon W. Allport, *The Nature of Prejudice*, Cambridge - Boston: Addison-Wesley, 1954.

tantísimos turistas: para crear unha intimidade ou un grupo *Nós* fronte á masa indefinida, pode ser por unha postura xeral do falante, por unha convicción política que fai que insista falando galego, ou porque se sente máis seguro no galego ou -moitas veces- simplemente é o que fala sempre. Se despois o camareiro responde:

“¿Quiere algo más?”

Pode ser que non queira falar galego, porque non o sabe, porque lle parece demasiado íntimo como para falalo cun descoñecido, porque non se deu conta da resposta ou porque simplemente prefire unha conversa asimétrica¹². En todo caso, o camareiro *insiste* en que a lingua da conversa -pola menos pola súa parte- sexa o castelán. Ou di

“¿Quere algo máis?”

E sinala así o seu acordo coa síntese de falar galego. Pode haber máis propostas ó longo da conversa, e pode pasar que nunca se chegue a unha síntese¹³.

É un exemplo sinxelo para ver como a relación entre saber metalingüístico e proceso de comunicación determinan a selección dunha das variedades existentes na competencia lingüística dos falantes¹⁴.

Agora ben, poderíase dicir que este tipo de procesos son a grande excepción no conxunto dos procesos comunicativos. Certo, xeralmente xa sabemos de antemán como falar cunha persoa, xa coñecemos-la cor adecuada da conversa. Pero o dinamismo comunicativo é precisamente interesante porque é nos casos de dúbida onde se determina a evolución dunha lingua, é precisamente alí onde se manifesta o *conflicto lingüístico*.

Un factor do que hai que falar neste contexto é o de *poder* na comunicación. O proceso de elección dunha variedade só nun caso ideal é un proceso neutro determinado só pola competencia lingüística dos inter-

¹² Cada conversa é -ata certo punto- asimétrica. Hai posibilidade de establecer asimetrías voluntarias, como p.e. en familias onde o pai fala unha lingua e a nai outra para que os nenos aprendan as dúas. Son difíciles de manter estas situacións e precisan dunha forza especial (como aquí a finalidade de educa-lo neno en dúas linguas). Hai propostas cara ó mantemento de discursos asimétricos a nivel de comunidades enteiras, como as propostas por un bilingüismo de masas. Pero ás utopías só convencen cando corresponden a tendencias reais. Na realidade, a alteridade do falar lévanos a busca-lo común cando é posible, e en vez de bilingüismo de masas xeralmente o que se crea é diglosia con diferenciación funcional das variedades.

¹³ O non chegar a un acordo é, dalgún xeito, tamén un acordo. Véxase a nota anterior.

¹⁴ Hai que sinalar, claro está, que a selección non consiste só na busca das variedades senón tamén na busca de formas adecuadas para os respectivos textos, e as formas poden te-la súa orixe en distintas linguas funcionais: os falantes teñen a posibilidade de introducir -voluntaria ou involuntariamente- elementos de distintas linguas funcionais nun texto a través de procesos de interferencia.

locutores e coa única finalidade de atopala variedade que mellor faga posible a comunicación. Na práctica, case sempre inflúe a relación de *poder* que hai entre os interlocutores, xeralmente non simétrica. Quere dicir que en moitos casos un dos falantes pode *impor* ó outro a forma de falar sen que haxa ningunha "discusión": o *poder* do falante condiciónase primeiro polo poder do individuo, o seu rango social, pero a nivel dun colectivo, a nivel da comunidade é o prestixio ou rango do grupo enteiro que o determina¹⁵. Chamaremos *gravitación lingüística* á relación de forzas de poder entre dous individuos ou na sociedade en xeral. O poder dentro da sociedade é, ó principio, unha suma dos poderes individuais, pero pode chegar a ser aínda máis porque a sociedade pode crear *institucións* que defendan o seu poder, como estados que representan unha lingua determinada, academias, escolas etc. Igual que calquera relación de poder na sociedade, a gravitación lingüística está sempre a cambiar. Hai na formación das linguas comúns da que se falaba antes, xeralmente unha constelación especial de gravitación que fai que unha certa variedade predomine sobre as outras. Desde o lingüista austríaco Hugo Schuchardt a finais do XIX fálase das dúas forzas principais na evolución das linguas, unha forza centrífuga, cara á diverxencia, e outra, centrípeta, cara á converxencia, e estas forzas non son outra cousa ca dúas perspectivas da gravitación lingüística, porque unha forza desintegradora desde o punto de vista dunha lingua é forza integradora desde o punto de vista doutra.

6. Habería que precisar moito, xa que o dito só traza unhas liñas dun esbozo enriba do cal habería que pinta-lo cadro enteiro. Só unhas palabras sobre un factor importante dentro da competencia lingüística dos falantes: é o que poderíamos chamar *incompetencia lingüística* ou o descoñecemento por parte dos falantes da realidade lingüística. Os falantes, en xeral, non son lingüistas, pero cando falan, actúan tamén como tales: cando fan comentarios sobre a lingua, cando elixen unha variedade e non outra, ou mesmo unha forma e non outra. Os propios falantes son planificadores lingüísticos, e a súa forza é xeralmente superior á das institucións de planificación. Pode ser incompetencia dun falante que pense que unha variedade é máis vulgar ou menos prestixiosa, e que evite unha e prefira outra. E dentro dos sistemas, ás veces os falantes atribúen unha forma determinada a un sistema por equivocación. Así, p.e. moitos falantes, sobre todo os neofalantes no ámbito do "galego oficial", evitan certas formas porque pensan que son castelanismos e prefiren outras porque lles pare-

¹⁵ A relación entre poder individual e poder colectivo pódese comparar co poder económico individual dunha persoa con moitos cartos e o poder colectivo dunha moeda forte nos mercados internacionais.

cen máis galegas; ou pensan que certas formas son vulgares ou prestixiosas sen coñeceren as normas tradicionais da comunidade. Poderíamos dicir que se equivocan. Pero falar de “equivocación” xa é tomar unha postura normativista. Para a evolución dunha lingua é igual se os falantes falan “ben” ou “mal”, se -desde a perspectiva de coñecementos máis amplos- se “equivocan” ou non: falan como falan, e falando trazan o camiño da lingua. Aínda así, os lingüistas, os profesores, os profesionais da lingua poden sinala-las tendencias que lles parecen froito de equivocacións e incluso *deben* facelo. E se o fan con bos argumentos, algún éxito terán.

GRAMÁTICA DESCRITIVA E GRAMÁTICA PRESCRITIVA

ROSARIO ÁLVAREZ

Universidade de Santiago / Instituto da Lingua Galega

Marco conceptual

A lingüística galega ten pendentes aínda dúas tarefas de singular importancia para o desenvolvemento, en condicións axeitadas, do proceso de normalización: a redacción dunha gramática descritiva completa e a elaboración dunha gramática prescritiva ou normativa. En tanto unha e outra non acaden resultados aceptables para a comunidade científica, e asumibles pola comunidade lingüística, que se debe sentir reflectida nelas, cómpre actuar con extremado rigor nas descrições ou normas que se fagan públicas e con moito tino e sentido crítico no seu seguimento e aplicación práctica.

A **gramática descritiva** debe proporcionarnos unha descrición adecuada do sistema lingüístico, de xeito que nela obteñamos información completa e correcta de cales son as súas características, o seu funcionamento, as múltiples posibilidades de expresión que ofrece e os tipos de construcións gramaticais que poden produci-los falantes desta lingua. Dito con outras palabras, é a exposición do conxunto de regras que constitúen a gramática da lingua galega, feita por un gramático que mantén unha posición "neutral" con respecto a todas elas.

A **gramática prescritiva ou normativa** recolle as regras que definen a lingua considerada correcta polo gramático ou por un sentir colectivo forxado por tradicións culturais ou ideolóxicas de diverso tipo. A gramática prescritiva supón, por tanto, un encausamento previo da gramática dunha lingua e, metodoloxicamente, a preexistencia da gramática descritiva. As outras variantes lingüísticas existentes segundo a gramática descritiva, pero non "autorizadas" pola gramática normativa, considéranse coloquiais, vulgares, dialectais ou espurias, impropias do nivel culto estándar.

En galego só se estableceu ata o de agora unha *Normativa* ortográfica e morfolóxica, non sintáctica, e polo xeral predícase que son correctas tódalas variantes que se poidan describir dentro dos límites da

gramática do galego. Partindo desta premisa, podería creerse que a súa gramática descritiva e a súa gramática prescritiva son coincidentes. Mais iso non ocorre nin sequera nunhas condicións tan favorables, e podemos poñer algúns exemplos coñecidos para sustentarmos esta afirmación:

1. A gramática descritiva debe recoller que en galego hai dúas secuencias posibles para os pronomes *che* e *se*, indicando en todo caso que *se che* é moito máis frecuente, pois, debe dicir, *che se* caracteriza a fala das dióceses de Lugo e Ourense. Debería completa-la descrición constataando que fóra desa zona, e mesmo incipientemente dentro dela, *non che se esqueza* non se sente como dialectal senón como vulgar; a consecuencia desta valoración social é que se produce un abandono da secuencia e a non incorporación de novos usuarios. Agora ben, a gramática descritiva non se debe pronunciar nin a favor nin en contra de ningunha delas; si o fai, en cambio, a gramática normativa, que escolle *non se che esqueza* e condena, por vulgar, a outra.

2. A gramática descritiva debe ter en conta que, xunto a *Do que non estou segura é de que levara o gabán*, existe *O que non estou segura é que levara o gabán*, sen a preposición *de* que forma parte da construción *estar segura de (algo)*, e que nesa orde non marcada non é suprimible.

Ante *Eu non estou segura de que levara o gabán*, caben dúas posibilidades de análise:

a) Na primeira, o esquema sintáctico está integrado polos seguintes elementos: unha frase referida á persoa que ten ou non a certeza, e que funciona como suxeito (*eu*); o verbo coa negación do predicado (*non estou*); e o predicativo, integrado por un núcleo adxectivo que contén as marcas de xénero e número en concordancia co suxeito (singular e feminino, *segura*) e polo modificador que restrinxen *segura* indicando 'en relación con que' (*de que levara consigo o gabán*). Daquela, a preposición *de* está esixida por regras básicas de funcionamento da nosa gramática: o modificador dun núcleo adxectivo só pode ser unha frase adverbial (*ben segura*), outra adxectiva (*segura segura*) ou unha unidade de rango superior introducida por preposición (*segura dos resultados, segura de gañar, segura de que o levou consigo*). Ante isto, a gramática prescritiva debe rexeitar por "anormal" con respecto ó patrón sintáctico da lingua, e polo tanto como incorrecta, a secuencia sen a preposición *de*.

b) Na segunda posibilidade, consideramos *estar segura* como un complexo verbal; daquela, na súa construción deben constalos seguintes membros: *eu / non estou segura / de que levara consigo o gabán*. Que o segundo lugar na construción dun verbo esixa ou non preposición débese a razóns de tipo histórico que van fixando na fala ese risco, mais non está ligado ás regras básicas de funcionamento do idioma (*aínda penso ir*

a *Bolonia* / *aínda penso en ir a Bolonia*). Aínda considerado así, a gramática normativa pode establecer que a construción correcta é *Do que non estou segura é de que levara o gabán* e que *O que non estou segura é que levara o gabán* debe ser rexeitada por vulgar, baseándose nas seguintes razóns: a tradición gramatical con *de*, a congruencia con outras construcións semellantes (*estar certo de*, *estar convencido de*, *ser consciente de...*), a relación con *asegurarse de (algo)* (distinta de *poñer* ou *deixar seguro algo*, *asegurar algo*), etc.

3. A gramática descritiva debe recoller que xunto á forma xeral é mellor *ca min* existe, con moita menor frecuencia, é mellor *que eu*. É a gramática prescritiva a que sinala a primeira, por tradicional, como correcta e condena a segunda, por castelanizante, como incorrecta.

Por veces parece que existe certo prexuízo en contra da gramática normativa, acusada de rabenar posibilidades reais do idioma. É certo que a gramática normativa deixa fóra algunhas variantes, polo xeral porque exerce un labor depurador ou delimitador do ámbito adecuado para cada unha delas. Ese é un labor positivo para a construción dunha lingua "normal", cun patrón e unhas variantes que xogan con respecto a el. O que é mutilador, certamente, é o traballo de quen dictamina mal, e eleva á categoría de regras funcionamentos mal comprendidos ou valoracións persoais.

Estas dúas gramáticas non son incompatibles, antes diríamos que ambas son positivas e necesarias, sempre que a descrición ou a prescrición se fagan correctamente, e ambas son prexudiciais e inconvenientes se se fan incorrectamente. Precisamos de ambas para coñecermos ben os límites da gramática do galego e da riqueza que contén no seu interior, para non termos ningunha dúbida de que enunciados coma *Me aquencer é o que eu quero* son incorrectos porque non son posibles para ningún galegofalante¹. Precisamos de ambas tamén para definírmolo nivel culto estándar por escolla entre as variantes galegas máis axeitadas para el, sabendo que as outras variantes relegadas non son "correctas" desde esa perspectiva pero son igualmente galegas; ou sexa, para non esquecermos que a escolla de *Non se che caía* non supón rexeitamento de *Non che se caía* como forma posible na nosa gramática, senón unicamente a consideración de non apta para a lingua funcional que se está definindo.

Estes serán os eixes substanciais desta contribución, na que pretendemos chamà-la atención sobre os seguintes aspectos:

¹ A pesar das dúbidas e de certa permisividade de R. Carballo, *Gramática*, 1979⁷, 289.

a) O risco de que a descrición lingüística sexa imperfecta, ben por erro ben por omisión, ou de que, aínda sendo correcta, non sexa interpretada e aplicada correctamente.

b) O perigo de dictar normas incorrectas ou abusivas, ou de converter en regras prescritivas opinións ou valoracións sobre determinados feitos gramaticais, co conseguinte abandono doutras opcións igualmente válidas rexistradas pola gramática descrittiva.

Liñas mestras de actuación

A descrición gramatical dunha lingua debe contemplar tódalas posibilidades que se ofrecen no interior dela. Ante a variación só cabe, ó noso xuício, un posicionamento metodoloxicamente aceptable: non proceder por simple adición, senón indicando se as distintas variantes son totalmente equivalentes ou, máis probablemente, salientando a diferenza e indicando en que contextos e en que situacións se usa cada unha delas.

Cómpre ter sempre presente que a gramática prescritiva pode desautorizar construcións galegas por non consideralas adecuadas ó nivel da lingua funcional que se trata de establecer, o que non significa que noutros niveis non sexan igualmente correctas.

1. Variantes diatópicas

Nesa gramática descrittiva cómpre acoller variantes dialectais, indicando sempre, para mellor coñecemento, como se distribúen xeograficamente; en tódolos casos corresponderá á gramática prescritiva decidir sobre a súa corrección no nivel culto estándar. Valla a título de exemplo os seguintes:

a) *Non se lles vía / non se vían*

Nunha correcta descrición gramatical do galego cómpre referirse ós distintos procedementos, que deben explicitarse, para indicala indeterminación do axente, entre os que se encontra /se + verbo activo + FN/: a FN pode ser suxeito (paciente) e daquela concorda co verbo (*Tíranse estradas e érguense pontes*); mais tamén pode funcionar como CD, polo que non hai concordancia (*Tírase estradas e érguese pontes*). Cómpre referirse tamén a que a pronominalización con acusativo non é posible tras

se, nin tralos outros pronomes reflexivos². Isto verificase tanto na construción de reciprocidade (*Os dous irmáns déronse bicos e abrazos* → **Os dous irmáns déronseos*, **déronsos*), coma nas escasas reflexivas indirectas que se poidan producir en galego (*¿Nunca te preguntaches por que cho oculteí?* → **¿Nunca to preguntaches?*, pero si son posibles *¿Nunca te preguntaches iso?* ou *¿Nunca o preguntaches?*, co que queda garantido que se pode pronominaliza-lo obxecto da pregunta coma un CD); e, por suposto, nas construcións de indeterminación do axente (*Alí estímante moito* → **Alí estímasete moito*, *Non se ve os nenos* → **Non se os ve*).

Agora ben, así coma na reciprocidade e reflexividade toda pronominalización do CD é imposible en presenza do reflexivo, tratándose da concorrencia de /se indeterminación/ e CD, o galego iniciou un procedemento excepcional de pronominalización do segundo coa forma dativa: *Alí estímaseche moito*, *Non se lles ve*. Cómpre advertir de que a solución da secuencia *seche* para estes casos parece ter aceptación en todo o territorio, en tanto que *selle*, *selles* só se dá na parte nororiental e que no resto de Galicia se sente como incorrecta.

En resumo, é indubidable que deben ser rexeitados por non galegos enunciados coma **Esa verba nunca sa dixeran*, e polo tanto non debe ser obxecto de atención nin da gramática prescritiva nin da gramática prescritiva. Pola contra, debe ser considerado parte do galego *A Mario agora non se lle ve por aquí*; corresponde á gramática prescritiva indicarnos cal é o seu status e se esa solución debe ser aceptada fóra do seu ámbito dialectal.

b) *Está chovendo / está a chover*

Unha gramática descritiva do galego debe consigna-la existencia do xerundio (*chovendo*), que coma tódalas formas verbais é capaz de funcionar como núcleo do seu predicado. Problema á parte, do que tamén se debe ocupa-la gramática, é a descrición das posibilidades funcionais dun predicado nucleado por un xerundio, da correlación temporal que

² Inexistentes en todo o galego, a pesar de que as secuencias *to*, *ta*, *tos*, *tas* e *so*, *sa*, *sos*, *sas* aparecen recollidas, e con exemplos do seu uso, en tódalas edicións de R. Carballo, *Gramática* (vid. 1979⁷, 195-96), iso si, con referencias ó escaso uso e á tendencia a evitalas: "aunque todos estos ejemplos están tomados de la literatura o del uso oral de ciertas comarcas, el gallego común evita en general, como el portugués, estas construcciones, por no sentir verdaderamente al pronombre *se* como capaz de admitir para objeto las formas pronominales *o*, *a*, *os*, *as*, a causa de su valor de signo de pasiva". Parece esquecer que *te* non participa dese carácter pasivo e que tal explicación non vale para tódolos casos de activa en que segue sendo imposible. Cómpre engadir que en portugués son imposibles e que *to* só cabe nesta lingua, coma nas comarcas galegas *teístas*, sendo *te* CI, non reflexivo.

debe gardar, dos valores aspectuais que deben terse en conta, das posibilidades de ser relacionado por preposición, etc., por non falarmos tamén das posibilidades de variación persoal do xerundio (con relativa, aínda que moi minoritaria, presenza na primeira persoa de plural, puramente ocasional na segunda de plural e inexistente no resto das persoas). Esta gramática debe indicar así mesmo que o xerundio forma parte de numerosas perífrases verbais aspectuais: *Están rematando a casa, Andan facendo tolerías, Levaba traballando alí corenta anos, Segue facendo uns días bos, A auga vai amolecendo a madeira, Veñen falando diso unha chea de anos...*

Unha gramática descritiva debe recoller, ademais, que en parte do territorio existe o *infinitivo xerundial*: un sintagma formado por /a + infinitivo/ (*a chover*), chamado así por se lle recoñeceren valores semellantes ós do xerundio. Agora ben, cómpre indicar que non son formas en absoluto equivalentes, pois *a chover* non pode suplantarse a *chovendo* cando é núcleo do seu predicado (*O home, axeonllándose/*a axeonllarse ante o altar, oraba en silencio, Rematou o seu discurso agradecendo/*a agradece-lo convite*), o que non significa que non poida nuclea-los seus propios predicados (*nós a queixármonos e eles a escacharen coa risa*); nin pode formar parte de tódalas perífrases en que entra o xerundio (*estivo traballando/estivo a traballar toda a tarde, pero foi avellando/*foi a avellar pouco a pouco*); e aínda nas perífrases en que as dúas formas son posibles, a gramática descritiva debe establecer cal é o uso concreto de cada unha delas, para podermos colixir se se trata de construcións totalmente equivalentes ou se, como parece, hai diferencias aspectuais entre ambas. Relacionado con el, pero sen posibilidade por vez súa de ser substituído polo xerundio, existe un /a + infinitivo/ que se combina co verbo *ser*: *Todos eran a dicirlle que non casara, pero xa ves*.

A gramática descritiva debe recoller, tamén, que en todo o noso territorio lingüístico, incluída a zona onde se rexistra o infinitivo xerundial, existe un sintagma /a + infinitivo/ que nada ten que ver co anterior e no que non cabe ningunha posibilidade de alternancia co xerundio. Combinado con *estar* serve para indicar que a acción está a punto de producirse, en calquera tempo aínda que é máis frecuente no pasado: *está a chover* 'está a piques de chover, pero aínda non chove', *estiven a cantárlle-las corenta* 'estiven a punto de cantárlle-las, mais non o fixen'.

Falta un pronunciamento da gramática normativa sobre a extensión á xeneralidade do galego da formación dialectal coñecida como infinitivo xerundial, o que non empece o éxito que está acadando en certos sectores, debido a que nos separa do español e nos aproxima ó portugués; cómpre ademais unha descrición o máis exacta posible do seu ámbito de

uso, para impedir que esa ampliación territorial vaia acompañada dunha extensión das posibilidades reais de funcionamento.

c) *Téñolle que dalo / téñollo que dar, teño que llo dar, teño que darllo.*

Cando se dá a concorrencia de pronomes nun complexo verbal, o habitual é que se sitúen xuntos no lugar que lles corresponda onda o verbo: no exemplo escollido por nós, onda o auxiliar (*porque llo teño que dar, téñollo que dar*), entre o nexo e o auxiliado (*teño que llo dar*) ou tralo auxiliado (*teño que darllo*); dialectalmente, cabe a separación dos dous pronomes sempre que cada un se sitúe no lugar que lle corresponda onda un dos verbos, e a gramática descritiva debe facerse eco (*téñolle que dalo*, pero **Teño que lle dalo*).

A diferenza do que ocorría nos exemplos anteriores, parece que neste caso houbo un pronunciamento normativo non contestado, a favor de mante-los dous pronomes unidos³. É dicir, a gramática descritiva ten que condenar **Teño que lle dalo* pero non *Téñolle que dalo*, pois é producible dialectalmente por galegofalantes; a gramática prescritiva, en cambio, pode declarar que o correcto no nivel culto estándar é manter unidos os dous pronomes.

2. Variantes diafásicas, diastráticas e diacrónicas

A gramática descritiva debe acoller tamén variantes pertencentes a distintos niveis, rexistros ou a estadios lingüísticos anteriores e que progresivamente van quedando en desuso, mais sempre caracterizándoas como tales. Coidamos que, entre os moitos exemplos posibles, son ilustrativos os seguintes:

a) *Nós non o facemos / Nosoutros non o facemos*

A descrición gramatical sería tan insuficiente se só recollese *Nós non o facemos*, coma se só recollese *Nosoutros non o facemos*, se ben é

³ Coido que é unha escolla normativa, e non un erro de descrición, a xulgar pola procedencia xeográfica dos redactores, o que sustenta as seguintes afirmacións: "No es admisible **téñoche que o dar*, porque los dos pronombres no pueden ser disociados" (ILG, *Galego 1*, 4 ed., 1980, 65) e "Se son dous ou máis os pronomes oblicuos, teñen que aparecer sempre xuntos e non se poden disociar. Nas variacións da frase que sigue sóo son posibles as que non leven asterisco: *Teño que darllo, Teño que llo dar, Téñollo que dar, *Téñolle que o dar, *Téñolle que dalo, *Teño que lle dalo*." (ILG, *Galego 2*, 2 ed., 1977, 101).

certo que coa primeira se describe a lingua dun número moi superior de falantes e a tendencia observada na evolución cara ó futuro. Unha descrición gramatical correcta debe constatar que existe unha ampla zona de *nós* para a primeira persoal de plural e unha zona máis reducida de *nosoutros*, *-as*: en ámbalas situacións a forma existente oponse ás das demais persoas, pero non establece ningunha oposición dentro da primeira persoa de plural. Agora ben, en falantes maiores da zona que podemos chamar de *nós*, mantense aínda, certo que de maneira cada vez máis infrecuente, a antiga oposición entre *nós* inclusivo e *nosoutros*, *-as* exclusivo. Daquela, á oposición mantida coas demais persoas amécese a existente entre as dúas formas de primeira de plural e entre as dúas de segunda de plural: *Nós non o facemos* oponse a *Nosoutras non o facemos*, porque a segunda delimita un grupo cerrado arredor de *eu*.

Corresponde á gramática prescritiva establecer se se mantén nese nivel a oposición ou se, pola contra, renunciámosa a ela. De responder afirmativamente, sempre que nos referisemos a un grupo delimitado viriamos obrigados a usar *nosoutros*, *-as* e *vosoutros*, *-as*, pois só así rendería efectivamente a oposición. Se a gramática normativa non dictamina e nos guiamos unicamente pola gramática descritiva, só sabemos que tódalas opcións existen en galego, pero non como interpretar cada caso concreto: ante un enunciado coma *nosoutros non sabemos nada diso*, ¿debemos interpretar *nosoutros* como exclusivo, presupoñendo que o emisor ten a oposición *nós/nosoutros*, ou como neutro porque cremos que só posúe esa forma?

b) *Mira que llo non fagas / Mira que non llo fagas*

Cando describímola posición do pronome con respecto ó verbo, indicamos se a forma átona debe situarse antes ou despois do verbo: *Eles dixéronllelo*, *Eles non llelo dixerón*, *Aseguroume que llelo dixerón eles*. Na actualidade, o pronome que se sitúa proclítico tende a situarse inmediatamente antes do verbo, desprazando calquera outro elemento, incluída a negación.

Antigamente, o pronome podía situarse inmediatamente antes do verbo, pero con moitísima frecuencia non desprazaba nin o adverbio de negación, nin o pronome suxeito, nin outros elementos que quedaban interpolados entre pronome átono e núcleo do predicado. Todo parece indicar que ámbalas posibilidades non eran absolutamente equivalentes e que había diferencias pragmáticas entre unha e outra. Na descrición lingüística do que acontece na actualidade, cómpre indicar que a posibilidade de interpolación dalgúns elementos segue existindo en falantes maiores de determinadas zonas ou en frases repetidas que se poden relacionar (*Fai o*

que che eu digo, Por iso che eu digo que...), mais dificilmente se poderá establecer esta secuencia como parte dun sistema comunicativo operativo e en pleno rendemento na actualidade.

A gramática normativa deberá pronunciarse sobre a pertinencia de usar estas secuencias, sobre o nivel a que corresponden e sobre a súa equivalencia ás habituais hoxe en día.

c) *Un rapaz que lle tocou a lotería / Un rapaz a quen lle tocou a lotería / Un rapaz ó que lle tocou a lotería*

A gramática descritiva debe informar das distintas unidades que poden funcionar como modificador do núcleo dunha FN, así coma das posibilidades funcionais das cláusulas de relativo introducidas por *que* e por *quen*; a propósito destas cláusulas debe describir que marcas funcionais esixe ou admite o nexo relativo, en relación coa función que deba cumprir dentro da súa cláusula, e mailas relacións que se establecen dentro do paradigma dos relativos.

Dunha banda atopámonos coa disputa no mesmo terreo, o da referencia a persoas, entre *quen* e *o que*; a gramática descritiva só pode recoller ambas: *Un rapaz a quen lle tocou a lotería* e *Un rapaz ó que lle tocou a lotería*. Doutra, atopámonos coa presenza dunha cláusula introducida por *que* sen preposición, a pesar de que o referente é /+ humano/ e de que o pronome relativo ten a función de CI, como o proba o reforzo *lle*.

A ausencia desta preposición non é un feito illado. A gramática descritiva debe recoller dúas maneiras de se comportar *que* dentro da súa cláusula: dunha banda, cando a función que debe cumpri-lo relativo dentro da súa cláusula así o esixe, *que* intégrase nunha frase con preposición (*estes son os vimbios con que tendes que face-lo cesto*, posto que *con que* funciona como CC); doutra, a pesar de que a súa función esixiría unha frase con preposición, *que* pode presentarse en solitario como nexo e haber dentro da cláusula un pronome átono ou un pronome tónico con preposición que suplen a ausencia de relator antes de *que* (*estes son os vimbios que tendes que face-lo cesto con eles*, *Un rapaz que lle tocou a lotería*). A gramática descritiva debe recoller ambas, se acaso indicando que a segunda se percibe como máis coloquial, menos coidada; corresponderá en todo caso á gramática prescritiva decidir sobre a corrección da segunda opción e, no seu caso, dictaminar en que niveis é adecuada.

3. Tendencias evolutivas

A gramática descriptiva debe acolle-la descrición das tendencias evolutivas que se estean dando no funcionamento do sistema, tanto se se producen de xeito autónomo coma se se deben á presión doutros sistemas lingüísticos. O gramático, cando describe, non pode aceptar ou rexeitar con criterios puristas nin manifestar resistencia ó cambio lingüístico; en todo caso, deberá indicar en que medida esa caracterización vale para a lingua de toda a comunidade ou só para un segmento definido dela.

a) O infinitivo conxugado

Entendemos que non se pode describi-lo funcionamento do infinitivo conxugado facendo caso omiso da situación de relativa infrecuencia en que se atopa na lingua de grandes camadas da poboación galegofalante, pero tampouco entoando un canto tan alarmista que faga pensar que se trata dun arcaísmo.

Debido ó desexo de protexe-lo infinitivo conxugado, nos últimos tempos déronse usos erróneos e abusivos semellantes ós indicados anteriormente. A descrición gramatical debe restaurar con toda claridade cal é o seu ámbito de uso e en que construcións cabe usalo. Parece evidente que nuns esquemas é máis frecuente ca noutros, mais tamén que nalgúns outros o uso do infinitivo roza a agramaticalidade; conviría termos unha boa descrición gramatical para separar usos forzados pola discriminación positiva a favor do infinitivo conxugado, de posibilidades tradicionais que pola súa infrecuencia van caendo en desuso e son virtualmente descoñecidas para amplos sectores da comunidade galegofalante.

b) *Chameille / chameino*

A gramática debe constatar que actualmente o verbo *chamar* ten dous significados básicos con cadansúas construcións: '*chamar* por un para que veña' constrúese con acusativo (*Chamouno dende a porta*), pero *chamar* no senso de dar nome ou apelativo rexe, polo xeral, dativo (*Ó máis vello chámanlle Ricardo, Non lle chamou cousa mala ningunha*)⁴.

Nesta descrición estamos aceptando a construción que inexorablemente se impón co paso do tempo, co triunfo do esquema *Chamáronlle Pedro* sobre o antigo *Chamárono Pedro*, do que aínda se poden recoller abundantes mostras e que tamén debe ocupa-lo seu lugar na descrición. Mais para o primeiro significado tamén se apunta unha innovación, que debe ser igualmente recollida na descrición: nalgúns lugares recolle-

⁴ En latín tanto CLAMARE coma APPELARE só admitían acusativo.

mos o uso do dativo con 'chamar por teléfono': *Cando queiras dar-me algún recado, chámalle á miña nai.*

Hai, logo, un proceso evolutivo para cada construción posto en marcha en distintos momentos históricos. A gramática normativa debe establecer se para o significado 'appellare' xa dá por concluído o proceso de cambio (*chamárono O Bravo* → *chamáronlle O Bravo*), e se para o significado 'clamare' acepta tamén a innovación ou non.

c) *Quitouse a gorra / quitou a gorra*

O gramático que describe debe recolle-la innovación aínda tendo a certeza de que se trata dunha interferencia lingüística. Sabemos que en galego, para que poida usarse a construción reflexiva, cómpre a identidade total entre suxeito e complemento directo, polo que salvo en casos moi particulares e definidos non caben reflexivas indirectas coma as do español. Por iso, tradicionalmente, dicimos: *Eu visto a María / Eu vístome*, fronte a *María vestiu a camisa / *María vestiuse a camisa*. Mais non podemos pasar por algo que existen, e cada vez con maior frecuencia, enunciados coma *Pedro entrou e quitouse a gorra*, que non poden ser ignorados pola gramática descritiva; agora ben, dado que se considera con toda probabilidade un castelanismo, corresponde á gramática prescritiva aceptar ou condena-lo seu uso.

4. Posibles efectos perversos da discriminación positiva

En situacións sociolingüísticas delicadas, coma a nosa, ocorre con frecuencia que a declaración na gramática descritiva de que unha forma tradicional cae en desuso provoca unha reacción nos falantes conscientes (e nos gramáticos, ensinantes, normalizadores...) a prol do seu uso continuo e da súa recuperación; a eles súmanse os sempre dispostos a favorecer unha forma ou unha construción por puro afán diferencialista e mailos temerosos de que os riscos comúns sexan en realidade produto da interferencia lingüística. O que menos parece importar nestes casos son as razóns de por que cae en desuso, mesmo se é debido a unha evolución do sistema á procura da súa coherencia interna, nin a maior ou menor pureza dunhas e outras formas, pois sempre prevalece o valor do tradicional agredido pola capacidade innovadora atribuída por principio á lingua poderosa.

Sendo dúas construcións igualmente galegas, a discriminación positiva que se poida exercer a favor dunha non debe levar nunca á condena da outra. E mais aínda, debe terse en conta que na maior parte das

ocasiões as dúas posibilidades non son totalmente equivalentes, polo que ó usarmos unha soa delas incorremos nun erro estratéxico e nun erro gramatical. Entre os moitos exemplos que, desafortunadamente poderíamos poñer, escolmámo-los seguintes:

a) *Ter de facer / ter que facer*

En galego hai unha perífrase obrigatoria *ter que facer*, que nalgún momento do idioma competiu, en galego e en portugués, con *ter de facer*, construción moito máis infrecuente e que non acadou entre nós o grao de gramaticalización que ten a outra. Sen embargo, desa infrecuencia e da idea de que *ter de facer* é a forma arcaica, dunha tradición case que perdida, nácenlle algúns valedores que a usan arreo na lingua escrita, erroneamente, en lugar de *ter que facer*.

Fóra dese uso perifrástico abusivo, e máis ben propio da lingua literaria, actualmente a construción *ter de facer* (non perifrástica, coma *ter por facer*, *ter sen facer*...) serve para indicar que o suxeito *ten* aínda un feito de necesario cumprimento pendente: *Inda teño de face-las camas (por facer, sen facer)*.

O maior e máis matizado coñecemento, dunha banda, e a superación de falsos prexuízos, por outra, conducirían sen dúbida a un uso máis rico e máis correcto.

b) *Os sindicatos veñen de asinar un importante acordo*

O afán de diferencialismo ten levado en non poucas ocasións a pular construcións que deben a súa distinción e a súa infrecuencia a non seren tradicionais no noso idioma, aínda que acadasen certa carta de natureza polo seu cultivo na lingua literaria.

Vir de asinar significa, na lingua espontánea de tódolos falantes, que 'alguén chega despois de asinar'; naturalmente, a acción expresada no infinitivo xa se realizou, pero non hai datos abondos que nos permitan considerar concluído na lingua oral un proceso de gramaticalización total do verbo de movemento; por tanto, é precipitado considerar que o conxunto sexa unha perífrase perfectiva e máis aínda promociona-lo seu uso ó nivel e frecuencia con que se está facendo actualmente nos medios de comunicación.

c) *Rían e rían sen parar / ríronse de min canto quixeron*

A descrición gramatical das construcións en que participa *se* é complexa e ocupa un lugar importante na gramática, por ser moitos os

verbos afectados en modos e graos diferentes. Na descrición do galego, é habitual ter en conta, ademais, o distinto comportamento con respecto ó español, chamando a atención sobre as posibilidades de interferencia deste. En concreto, advírtese adoito que hai toda unha serie de construcións en que o español emprega o reflexivo e o galego non (*se comió una manzana / comeu unha mazá, se hizo un traje / fixo un traxe, se puso la chaqueta / puxo a chaqueta...*), así como a diferenza na construción de determinados verbos moi frecuentes en ámbalas linguas.

Isto ten provocado reaccións tendentes a unha supresión case sistemática de pronomes reflexivos con algúns verbos, que están fóra de toda medida ou son claramente incorrectas. Así, da constatación da existencia de *sentar* como non reflexivo pasouse á práctica condena de *sentarse*, forma igualmente galega e con ampla documentación na lingua oral moderna e na nosa tradición (*Senta aí, rapaz / Os asistentes sentáronse arredor da mesa e comeron*). Algo similar acontece con *casar(se)*, que admite varias construcións: *O pai casou a filla co panadeiro, Casáronos os pais, O crego casou a filla de María co fillo de Andrea, O crego casou á filla de María e ó fillo de Andrea, Casounos o crego de San Xosé, María casou(se) con Pacucho, María e Pacucho casaron(se), María casou(se) para Monforte...* Como pode verse, non hai razón para a condena de *casarse* como forma tamén propia do galego. Mais o problema agrávasse cando se condena unha construción facendo que outra, de significado diferente, ocupe o seu posto, como ocorre con *rir / rirse de*: *rir* 'celebrar con risas' é intransitivo (*Rimos canto quixemos a conta das súas parvadas*), fronte a *rirse de* 'facer burla de', que se constrúe cun suplemento (*Rímonos das túas parvadas*).

A ignorancia ou o exceso de celo provocan cruces entre significados e construcións con resultados claramente erróneos. Botamos man de exemplos de verbos moi coñecidos, moi usados nas descricións gramaticais, mais cos que segue habendo problemas por mala utilización dos materiais lingüísticos, para chama-la atención sobre a necesidade de coñecer-mos as variadas posibilidades de construcións de cada verbo, en relación coa variación de significado, pois parece que neste punto se actúa cunha lixeireza que nos fai corre-lo risco de mutila-la lingua ata só termos unha construción por verbo.

5. Os prexuízos lingüísticos

Nin a descrición lingüística nin a norma subseguinte poden basearse en prexuízos do gramático nin na falta de adecuación entre os feitos lingüísticos e o modelo teórico elaborado.

Tomemos como exemplo a seguinte afirmación, a propósito de *dado o grande interese como reserva avifaunística da zona*: “Esta secuencia é inaceptable xa que non pode existir un complemento circunstancial de modo (“como reserva avifaunística da zona”) que non complemente a un verbo”⁵. A argumentación é inaceptable porque parte dunha premissa falsa: os sintagmas introducidos por *como* non só funcionan como complemento circunstancial de modo, e con frecuencia teñen funcións dentro da frase (*despois da súa elección como Presidenta parecía a muller máis feliz do mundo*); desde logo hai unha evidente relación entre a función de complemento circunstancial con respecto ó verbo e a función de modificador de substantivos relacionados lexicamente con estes (*interesar como reserva, elixir como Presidenta...*). Pero a argumentación tampouco é aceptable porque somete a lingua á análise gramatical feita, chapodando por incorrecto todo o que non cadre con esta, en lugar de modifica-la análise para que dea conta das múltiples opcións existentes na realidade lingüística.

Termos unha boa descrición gramatical do galego é indispensable para coñecermos e usarmos ben a lingua, para podermos planificar ben calquera acción no ensino e na divulgación das súas características, para deseñarmos ben un proceso normalizador. A ignorancia de moitas das posibilidades que ofrece a lingua ou descripcións imperfectas poden conducir a un rexistro cada vez máis empobrecido ou a un uso erróneo. Vexamos algúns exemplos en que isto ten acontecido:

a) *Eu acordo iso / a min acordame iso / eu acórdome diso*

O verbo *acordar* ‘lembrar’ presenta varias construcións posibles: SUX[persoa]+V+CD[lembanza] *Eu acordo os trens a carbón*, SUX[persoa]+Vse+SUPde[lembanza] *Eu acórdome dos trens a carbón*, SUX[lembanza]+V+CI[persoa] *A min acórdanme os trens a carbón*. Sendo todas elas posibles e todas tradicionais, o certo é que a tendencia actual, posiblemente apoiada polo influxo do español, é a un maior uso de *eu acórdome dos trens a carbón*. O coñecemento das posibilidades que ofrece o verbo debe levarnos, dunha banda, ó enriquecemento polo uso doutras posibilidades tradicionais; doutra, a non malinterpreta-la coincidencia co español como inxerencia desta lingua.

b) *Teño feito / fixen*

Os que menos saben da nosa gramática deben saber, a poder de oíreno repetir, que en galego non existen os tempos compostos con *haber*,

⁵ A. González Montañés, “Algunhas cuestións...”, en *Cadernos de Lingua*, 5, 18.

que si existen en español. O que quizais non saiban tantos é que non hai substituto en galego para eses tempos: entre a complexa rede de relacións que pode expresa-lo noso sistema verbal, non figura nada equivalente á oposición establecida en español entre *llegué / he llegado*, polo que resultan inútiles e mal encamiñados os esforzos dos que pretenden resolve-lo seu problema por medio do uso da nosa perífrase *teño chegado*. Ó equívoco contribuíron descrições gramaticais coma a seguinte: "Como queda dicho, con el auxiliar *ter* pueden formarse los mismos tiempos compuestos que se forman en castellano con el auxiliar 'haber', pero su uso no es normal, salvo para expresar la acción perfectiva activa, lo que supone una voz aparte; o en algún caso en que convenga expresar con precisión la localización temporal de una acción verbal con referencia a otra"⁶.

A observación e análise dos datos lingüísticos indican con toda rotundidade que a perífrase */ter + participio/* non equivale a */haber + participio/* do español, e tampouco a */ter + participio/* do portugués. Dentro da relativa complexidade semántica desta perífrase, que non é este o lugar de expoñermos, destaca o significado común de repetición no pasado (*Teño ido a París en autobús* 'fun máis dunha vez a París en autobús'); por iso non se usa cando o verbo ou outro elemento impide referirse a unha acción que non pode durar reiterándose (**O pai do alcalde ten morto o martes*, **O bispo tense dirixido ós peregrinos hoxe ás doce*).

c) *Rifarán / van rifar / han rifar*

Coidamos que é unha descrição incorrecta e unha prescripción desacertada a que sustenta esa especie de cruzada desatada en contra do futuro galego⁷, que está levando a un uso abusivo e erróneo da perífrase */haber + infinitivo/* nos medios.

En efecto, a futuridade en galego moderno pode ser expresada de diversos modos, todos eles distintos e por iso todos eles válidos en cadanseu espacio: futuro de indicativo (*Xa fixen o pedido, enviaranmo por correo certificado*), presente indicativo apoiado por algunha precisión temporal dada noutros membros (*Marcho de vacacións o día trinta*), perífrase */ir + infinitivo/* para indica-la intención ou a previsión de que se cumpra un feito no futuro (*Esta noite vou cear cuns amigos*), perífrase */haber + (de/a) + infinitivo/* para indica-lo compromiso do emisor, que ten a certeza de que o suxeito realizará a acción no futuro (*Estas cápsulas hanche sentar ben*). É certo que o futuro, ademais, serve para expresar probabilidade (*Serán dez ou doce os convidados á cea desta noite*), mais iso non

⁶ R. Carballo, *Gramática*, 1979⁷, 211.

⁷ Véxanse R. Novo, "O uso do tempo futuro...", en *Cadernos de Lingua*, 3, 85-89 e A. González Montañés, "Algunhas cuestións...", en *Cadernos de Lingua*, 5, 22.

debe arrebatarlle o seu significado principal, nin na descrición nin na prescrición.

Unha descrición correcta e unha prescrición mesurada, deberían servir para poñer fin a esta sorte de persecución do futuro⁸, que por efecto compensatorio está levando a unha proliferación nos medios de comunicación dun /haber + infinitivo/ que o substitúe incorrectamente: *O enterro partirá da casa familiar ás doce en punto* transfórmase así en **O enterro ha partir da casa familiar ás doce en punto*. A descrición correcta serve para situar no seu espacio xusto a perífrase /haber + infinitivo/, pois da comprensión correcta do seu comportamento debe desprenderse que en galego non ten o mesmo valor obrigativo que en español, referido ó presente, e que polo tanto non son posibles exemplos coma **O locutor dun telexornal ha de contar nun estilo informal, coloquial e cotián*, en vez de *debe contar, ten que contar*.

Conclusión

Esta contribución pretende ser unha sorte de voz de alarma, unha chamada a lingüistas, normativizadores, tradutores e, moi especialmente, ensinantes, para, xuntos, tomarmos conciencia dos perigos que corre o galego pola ignorancia da nosa gramática, pola lixeireza dictando normas, pola intransixencia ó aplicarmos recomendacións, polos prexuízos ó decidirmos que é ou non é galego, e mais polos defectos das nosas descrições gramaticais.

Quere ser tamén un pronunciamento a favor dunha gramática descritiva e unha gramática prescritiva, que seguramente haxa que concibir como obras colectivas. Só partindo dunha boa e segura descrición gramatical chegaremos, con moita cautela e maior rigor, a unha boa gramática prescritiva. Nese camiño cómpre diferenciarmos ben o que non é posible, por non galego, do que non é recomendable na construción dese nivel estándar, pois a actuación sobre uns e outros feitos de lingua, e o seu tratamento no ensino e no traballo normalizador, debe ser moi distinto.

A lingua está viva, foise facendo distinta das demais e diversa no seu interior; sometida a unhas regras e cambiante; vella e sempre nova. A lingua ofréceno-la posibilidade de seguir usando recursos que teñen unha tradición de séculos, transmitidos dun galego noutro ó longo dunha xa longa historia, mais tamén ofrece a posibilidade de producir sintagmas nunca oídos antes, de seguir renovando e innovando. Que non sexamos os

⁸ Sobre o futuro e as perífrases relacionadas, véxase Xosé Xove, "*Haber (de) + INFINITIVO* en galego. Das perífrases modais ó futuro de indicativo", en *Actas do IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos* (Oxford 1994) (en prensa).

seus valedores, os que maior empeño manifestamos en cultivala e anova-la, os que malia o noso agarimo e a nosa entrega a fíramos de morte.



MODELOS FONÉTICOS E AUTENTICIDADE LINGÜÍSTICA

X. L. REGUEIRA

Universidade de Santiago / Instituto da Lingua Galega

1. Antecedentes

Desde hai algúns anos o galego vén adquirindo usos orais de relevancia pública, tanto nos rexistros formais (como lingua administrativa, científica, xurídica, etc.) coma nos rexistros informais (lingua coloquial, familiar). Esta situación é relativamente nova para a nosa lingua.

Da época do Rexurdimento dicía Pardo Bazán, nunha frase moi citada, que o galego "no lo hablan los que lo escriben". A maior parte dos escritores e homes de cultura que escribían en galego mantiñan discursos públicos en español, ademais de usar esta lingua na súa vida diaria (Cfr. Hermida 1992: 180). E esa realidade continuou en boa medida no século XX. Non hai máis ca facer un repaso da nómina de autores da literatura galega e mesmo dos estudiosos da lingua para comprobar que moitos deles foran educados en español e tiñan o español como lingua familiar. O profesor Alonso Montero tense referido varias veces en público a esta cuestión, con nomes e datos que non cumpre repetir aquí. O feito relevante que nos interesa é que o galego, moito tempo despois de ter un desenvolvemento importante como lingua escrita, seguiu sen ter un desenvolvemento semellante como lingua oral. É certo que xa desde as Irmandades da Fala e o Grupo Nós se utiliza o galego en reunións públicas, pero case sempre de xeito restrinxido ós círculos galeguistas, cunha incidencia social escasa.

O gran soporte para a lingua oral van se-los medios de comunicación falados (radio e TV), pero cando estes medios chegan á nosa sociedade non falan en galego. Durante os anos 60 poucas mostras de galego oral se podían oír na radio. Ata hai máis ou menos 15 anos non existía un teatro profesional en galego. Nas escolas a presenza desta lingua era reprimida, mesmo entre nenos practicamente monolingües. O galego falado non chegaba á sociedade desde ningunha tribuna que lle dese prestixio. A lingua oral culta de Galicia era o español e o galego só era utilizado como

lingua popular e en rexistros informais (coloquial e familiar). Carecía dunha dimensión superior como lingua falada, aínda que xa tiña tras de si unha longa traxectoria como lingua escrita, pouco máis ca literaria.

Nos últimos vinte anos o galego asumiu unha serie funcións que nunca antes tivera, e daquela atopouse con dificultades estritamente lingüísticas derivadas do seu precario desenvolvemento como lingua culta: problemas de terminoloxía, de fraseoloxía, de escasa definición dunha norma lingüística común, etc. As gramáticas eran demasiado elementais e os dicionarios existentes non servían para resolver os problemas que aparecían a reo. Os materiais para o ensino da lingua eran moi escasos. Isto provocou que os mellores esforzos dos lingüistas galegos se orientasen ó establecemento dunha norma escrita, á constitución das novas variedades, consonte as novas necesidades (administración, xustiza), así coma ó desenvolvemento da lexicografía e, en menor medida, dos estudos gramaticais.

Como se ve, eses esforzos dirixíronse fundamentalmente ó desenvolvemento da lingua escrita, mentres que o aspecto oral da lingua quedou nun segundo plano. Non obstante, a ampliación das funcións comunicativas non só afectou á lingua escrita, senón que tamén, por primeira vez de maneira significativa, a palabra falada en galego chega á sociedade desde a escola, desde a radio, desde a TV, desde o teatro ou desde a actividade política, por citar só algúns dos ámbitos de maior impacto social. E sen dispoñer dunha tradición oral culta nin dunha norma orientativa para a pronuncia. De feito, hoxe aínda non contamos cunha descrición suficiente da fonética galega. Por exemplo, o pouco que coñecemos da entoación galega, ademais das observacións impresionistas e intuitivas que cadaquén pode facer, débese a un breve traballo de Ramón Blanco Carril publicado en 1973 e ás poucas páxinas que lle dedica José Álvaro Porto Dapena no seu libro sobre o galego da comarca ferrolá (Porto Dapena 1977: 41-49 e láminas). É dicir, o galego non ten unha variedade oral que poida servir espontaneamente de modelo culto exemplar para toda a sociedade nin tampouco se elaboraron unhas pautas de pronuncia que poidan servir de referencia.

Nesta comunicación trataremos da necesidade de definir un modelo fonético de referencia para o galego e dos problemas que se presentan a esta tarefa.

2. Modelos fonéticos

A situación da lingua galega como lingua B e maila inexistencia dun patrón establecido para a súa pronuncia fai que hoxe, a carón de modelos

fonéticos máis ou menos puros, se encontren outros que non se corresponden coa fonoloxía e a fonética desta lingua e que teñen unha presenza importante na vida urbana e, máis aínda, nos medios de comunicación oral (radio, TV).

O pouco interese dos responsables destes medios pola calidade do idioma en que transmiten, xunto cunha concepción da planificación lingüística centrada na manifestación escrita da lingua, fai que, p.e., nos servicios informativos da radio ou da televisión galegas os lingüistas se limiten a supervisar os textos escritos que se van ler ante o micrófono, o que non vale de moito se logo van ser mal lidos, se a lingua vai ser "falsificada" no seu aspecto sonoro, que vai se-lo que perciba o oínte de maneira máis inmediata. E, neste momento en que o galego falado adquire proxección social, os falantes atópanse cunha forma fonética que violenta o seu sentimento lingüístico, que produce unha forte impresión de "galego falso", de inautenticidade.

Convén precisar que, aínda que nesta comunicación me vou referir preferentemente ó galego utilizado nos medios de comunicación por mor da súa incidencia social, igualmente poderíamos tratar da lingua utilizada en conferencias, actos públicos e mesmo nas clases de galego. É sabido que unha parte dos profesores de galego ten o castelán como lingua materna e algúns deles adquiriron os patróns fonéticos do galego de maneira deficiente, ata o punto de que teñen problemas para distingui-las sete vogais, para realiza-la fricativa prepalatal xorda de *peixe* ou para que a súa entoación se pareza á propia do galego.

Naturalmente, a presenza deses modelos fonéticos que podemos chamar "pseudogalegos" explícase por causas socioculturais e, en última instancia, históricas. A maioría dos profesionais dos medios de comunicación falados, e moitos dos políticos e persoeiros que ocupan a cotío eses medios, están instalados no castelán, aínda que usen o galego como idioma público, ocasional ou ritual. Pero a importancia deste fenómeno vai máis alá, xa que moitas persoas concienciadas respecto ó idioma (mesmo algunhas que utilizan o galego de xeito militante) teñen unha pronuncia que non responde ós requisitos mínimos esixibles. Estas xentes proceden de medios urbanos castelanfalantes e aprenderon o galego fundamentalmente a partir de textos escritos, tamén por causa da ausencia dun modelo de galego oral culto. Estes problemas son tanto máis graves canto que, na maioría dos casos, non se ten conciencia da necesidade dun amplo dominio do aspecto fonético da lingua. A miúdo estas deficiencias encóbreanse coa utilización (ás veces abusiva) dun certo léxico marcado como máis diferencial: *acadar*, *rexear*, *ollar*, *testa*, etc., ou coa adopción de variantes que, seguindo algunhas opinións, son menos sospeitosas de castelanismo, como *Galiza*, *dicer*, *escreber*, *amábel*, etc., sen ter en

conta se son formas que responden á estrutura fonolóxica e morfolóxica do galego ou non. En calquera caso, para este tipo de falantes a busca dun galego máis auténtico normalmente non pasa pola aprendizaxe e polo perfeccionamento do aspecto fónico da lingua.

Hoxe en día tamén hai, naturalmente, galegofalantes urbanos, mesmo en postos de gran relevancia social, que manteñen con orgullo a súa lingua e son fieis ó modelo lingüístico que recibiron, coas modificacións máis ou menos superficiais necesarias nos novos ámbitos de uso da lingua (vocabulario e estruturas sintácticas, sobre todo). E por outro lado segue a esta-lo que podemos chamar "galego popular", a lingua do ámbito rural, das vilas e de certos grupos sociais das cidades. Estes modelos fonéticos que responden ós patróns auténticos da lingua tamén aparecen nos medios de comunicación. O oínte da radio ou da TV recibe polo tanto modelos contradictorios mesturados de maneira bastante caótica.

Parece claro que este constitúe o principal problema á hora de establecer un patrón fonético de referencia para o galego. E ó mesmo tempo tamén é a mellor xustificación da súa necesidade. De non actuarmos axiña e dunha maneira decidida nesta dirección, existe o perigo real de que eses modelos de "pseudogalego" empecen a ser considerados como unha variedade máis culta e elegante de galego, adecuada para utilizar en certos ambientes urbanos máis refinados, nos que unha variedade fonética semellante ó "galego rural" podería parecer inapropiada. Hoxe xa poden detectarse indicios de que está sucedendo algo así. Por exemplo, é posible observar que algúns galegofalantes naturais, mesmo individuos preocupados pola corrección lingüística, en certas situacións incómodas para manter un discurso en galego (interlocutores que se manteñen insistentemente en castelán ou que pertencen a estratos sociais e culturais elevados), optan por mante-la lingua, pero suprimen aqueles aspectos sentidos como máis vulgares: omisión da geada, entoación máis semellante á do castelán, pronuncia máis pechada das vocais medias abertas ([bɛŋ], [ɔŋte]), introducción de elementos caracterizadores de variedades urbanas máis prestixiosas (conxunción *i* por *e*), etc. É dicir, o falante procura a "elevación" do rexistro lingüístico achegándoo ós modelos "urbanos", mellor valorados cá súa pronuncia natural por estaren máis afastados da lingua popular e rural, sentida como demasiado vulgar. En definitiva, a variedade máis elevada resultante non é máis ca unha forma desnaturalizada de galego, fortemente castelanizada no aspecto fónico. Debe notarse, por contra, que neste tipo de rexistro encaixa perfectamente o purismo morfolóxico, sintáctico ou léxico: *vaixela*, *igrexia*, *universidade* ou *legais*, poño por caso, son máis elegantes ca *vajilla*, *iglesia*, *universidá* ou *legales*, en canto que se afastan das variedades máis vulgares.

3. Aspectos dalgúns modelos fonéticos dos medios de comunicación

Dixen antes que aínda non dispoñemos dunha descrición axustada da fonética galega e a continuación falei de modelos fonéticos galegos e de modelos fonéticos "pseudogalegos". Non hai contradicción entre estas dúas afirmacións. Tódolos falantes somos capaces de discernir de maneira intuitiva aquilo que corresponde ós patróns da nosa lingua e aquilo que non o fai. A "impresión" auditiva que recibimos cando escoitamos eses modelos pseudogalegos poderíamos expresala dicindo que a persoa que fala non ten "acento" galego. De feito, os estudos de fonética tradicionais estaban baseados en técnicas fundamentalmente impresionistas. E desta maneira impresionista podemos chegar a distinguir, despois dun certo adestramento, a articulación dos diferentes sons lingüísticos.

Nesta comunicación, para non me limitar a repetir algunhas das observacións impresionistas que todos temos feito, decidín estudar algúns aspectos da pronuncia que recibimos a través dos medios de comunicación coa axuda dos métodos de análise da fonética acústica. Para iso utilice uns 30 minutos de gravación da Radio Galega e mais do informativo en galego de Radio-1 (RNE-G). Escollín algúns treitos e fixen que cinco persoas (tres mulleres e dous homes) de lingua materna galega os lesen varias veces, despois de seren postas en situación e instruídas para conseguir un rexistro o máis semellante posible ó dos orixinais. Os distintos enunciados foron analizados co Kay CSL 4300 do Laboratorio de Fonética do Instituto da Lingua Galega. Os parámetros tidos en conta foron a frecuencia dos dous primeiros formantes vocálicos (F1 e F2) nas vocais tónicas, e a duración, a intensidade e a frecuencia fundamental, que configuran a entoación, para o estudio das vocais finais átonas. Así puiden efectuar algunhas comparacións (sempre entre voces femininas por unha parte e voces masculinas pola outra), das que imos presentar aquí algunhas das máis significativas. É obvio, pois, que non se trata de realizar unha descrición completa nin sistemática deste modelo fonético, senón de achegar algunhas mostras, unicamente con valor indicativo, da realización das vocais tónicas e das vocais átonas finais, fundamentalmente.

3.1. Vocais tónicas

Un dos trazos característicos da fonoloxía do galego é un sistema vocálico composto por sete unidades en posición tónica, fronte ás cinco do español. Pero nos medios de comunicación non é raro observar que o galego é pronunciado con cinco vocais. O máis habitual é que as dúas vo-

cais medias sexan moi semellantes ás vocais mediopechadas do galego. Unha variante menos frecuente deste modelo consiste na realización de dúas vocais intermedias entre as mediopechadas e as medioabertas: así o [ɛ] resulta moi pechado para ser percibido como [ɛ], pero demasiado aberto para ser identificado coa realización [e] habitual no galego.

Outros falantes teñen noticia da existencia de sete vocais e esforzan-se en distinguilas, pero o seu descoñecemento do idioma, unido á ambigüidade das grafías *e* e *o*, lévaos a distribuír de maneira inadecuada as vocais medioabertas e mediopechadas, con tendencia a introduci-la mediopechada no canto da medioaberta.

Esta é a situación que podemos encontrar no Enunciado 1 (Ver Apéndice), como se pode observar pola realización da palabra *festas*, que confrontamos coas correspondentes gravacións de galegofalantes que utilizamos como contraste¹. Se superpoñémo-las realizacións da locutora e dos falantes ó triángulo acústico das vocais tónicas do galego² (Cfr. González González / Regueira Fernández 1994: 170), vemos que a realización gravada da radio (representada por un círculo) é case coincidente coas realizacións de /e/, mentres que as dos tres informantes (marcadas por aspas) están situadas arredor da realización media de /ɛ/:

¹ No curso oíronse as gravacións do programa de radio e mailas efectuadas polos galegofalantes, en primeiro lugar os enunciados completos e a continuación das palabras ou fragmentos estudados. Lamentablemente, ó non poder acompañalos documentos sonoros, o texto perde unha parte da súa eficacia.

² Neste triángulo preséntanse as sete vocais tónicas segundo a frecuencia media dos dous primeiros formantes vocálicos en contexto de consoantes bilabiais. Así, de esquerda a dereita están dispostas, en sentido descendente, as vocais /i/, /e/, /ɛ/, /a/, e en sentido ascendente /ɔ/, /o/ e /u/.




Gráfico 1
Realización da vocal tónica de *festas*.

Outro tanto ocorre no Enunciado 2 coa vocal tónica de *sempre*. Téñase en conta que a frase resultante (*un número sempre fixo*), ó ser realizada cun timbre que non lle pertence, entre outras incorreccións, pode prestarse a interpretacións erróneas, pois resulta máis semellante á realización que correspondería a *un número sen prefixo*. Aquí a separación entre a realización da locutora e a efectuada polos demais informantes é aínda maior ca no caso anterior:




Gráfico 2
Realización da vocal tónica de *sempre* no Enunciado 2

Á vista destes gráficos resulta evidente que a realización das vogais tónicas efectuada pola locutora resulta inaceptable para calquera galego-falante.

3.2. Vogais átonas finais

Pero o contraste entre a realización de *un número sempre fixo* pola locutora e polos falantes non se reduce á diferenza de timbre da vocal tónica de *sempre*. Debemos considerar tamén un dos aspectos máis interesantes, por menos coñecido, do vocalismo galego: o comportamento das vogais átonas finais, particularmente cando ocorren en final de período ou en final interno ante un inciso.

Se atendemos á vocal final [o] de *fixo*, entre as distintas realizacións percibimos diferenzas notables. En primeiro lugar, a variación da frecuencia fundamental (variación tonal) da secuencia *sempre fixo* pronunciada pola locutora sepárase da dos demais falantes en que a vocal final [o] ten unha frecuencia media superior á da vocal tónica precedente [i], de maneira que toda a secuencia é percibida como rematada en ton ascendente, a pesar de que o ton da vocal final é, en si mesmo, descendente, como se pode ver nesta comparación esquemática da F0 entre as realizacións da locutora e dunha das falantes:




Gráfico 3

Esquema da frecuencia fundamental das vogais da secuencia *sempre fixo* realizada pola locutora e pola falante 3

Por outra parte, se comparámo-la intensidade máxima (en dB) das catro vogais da secuencia *sempre fixo* encontramos unha situación parecida: a locutora realiza as tres primeiras vogais con intensidade crecente,

chegando ó cumio no [i] de *fixo*, mentres que os demais falantes seguen unha liña decrecente de intensidade a partir da vocal tónica de *sempre*. Un dos efectos deste reparto de intensidades é que a vocal [o] final da secuencia é demasiado intensa na realización da locutora:




Gráfico 4

Intensidade máxima en dB das vocais da secuencia *sempre fixo* na locutora e nas tres informantes femininas

Se o que observamos é a duración das diferentes vocais desta secuencia, encontrámonos tamén con comportamentos claramente diverxentes. A vocal máis longa de toda a secuencia pronunciada pola locutora é a vocal final de *fixo*, mentres que nos outros tres falantes é a tónica de *fixo* a máis longa:




Gráfico 5

Duración en ms das vocais da secuencia *sempre fixo* na locutora e nas tres informantes

Como vemos, tanto o timbre coma a escasa intensidade e a curta duración relativa da vocal tónica de *sempre* fai que esta secuencia se asemeille a *sen prefixo*, co que a escasa competencia lingüística non só resulta chocante para os falantes de galego, senón que rompe a comunicación ó ataca-las bases do sistema fonolóxico e fai que a mensaxe resulte confusa ou mesmo incompreensible.

Tomemos agora o Enunciado 3, no que unha voz masculina nos le un texto cargado de cortes e incisos, algo bastante habitual nos informativos. Reparemos nas dúas ocorrencias do topónimo *Ourense*, ambas ante unha pausa interna. Observamos que, na primeira delas, o locutor remata con ton elevado e ascendente na vocal final, de maneira contraria ós outros dous falantes masculinos, que o fan cun ton elevado pero descendente:




Gráfico 6

Esquema da frecuencia fundamental das vocais de *Ourense-1* no locutor e nos dous informantes masculinos

Por contra no segundo exemplo, aínda que hai algunhas diferencias perceptibles, a frecuencia fundamental do locutor e dos informantes segue unha liña semellante, como se pode constatar pola comparación das curvas presentadas nas ventás B dos gráficos 7 e 8. En ambos exemplos tanto a intensidade coma a duración relativas da vocal final na realización do locutor son excesivas (ventá C gráfico 7; cfr. gráfico 8):




Gráfico 7

Onda complexa, frecuencia fundamental e intensidade de *Ourense-2* na realización do locutor




Gráfico 8

Onda complexa, frecuencia fundamental e intensidade de *Ourense-2* na realización do falante 5

Este tratamento incorrecto das vocais finais é moi corrente na linguaxe dos informativos, e neste mesmo Enunciado 3 poden encontrarse

máis exemplos, como na palabra *comicios*, en final de grupo fónico e de período tonal:




Gráfico 9

Curvas de intensidade de *comicios* nas realizacións do locutor (arriba) e do falante 5 (abaixo)

Outro tanto ocorre en *sesenta e cinco por cento*, nun contexto semellante. Obsérvase que, outra vez máis, a vocal átona final é máis longa da secuencia final *cinco por cento* na realización do locutor, pero non nas realizacións dos informantes:




Gráfico 10

Duración en ms das vocais de *cinco* e *cento* na secuencia *cinco por cento*

Locutor e informantes tamén discrepan no reparto da intensidade entre estas catro vocais. Os galegofalantes inician unha gradación descendente a partir da vocal final de *cinco*, mentres que o locutor realiza como vocal máis intensa a tónica de *cento*, que tamén ten unha vocal final relativamente forte:




Gráfico 11

Duración en dB das vocais de *cinco* e *cento* na secuencia *cinco por cento*

Observemos agora o Enunciado 4, e en particular a secuencia *oíten-ta e nove* situada na fin dun semiperíodo ante pausa. Apréciase con claridade como a locutora segue unha liña tonal ascendente desde a vocal tónica de *oíten-ta* ata o final, mentres que as galegofalantes seguen outra estratexia diferente: a vocal final de *nove* lixeiramente superior ó da vocal tónica desta palabra, pero ambas teñen un F0 moito máis grave cá vocal tónica de *oíten-ta*:




Gráfico 12

Esquema da frecuencia fundamental das vocais tónicas e da vocal final da secuencia *oíten-ta e nove*

Neste caso, a duración e a intensidade non presentan diferencias relevantes. Por outro lado a vocal tónica de *nove* é realizada pola locutora cun timbre que non é recoñecido como [ɔ] polos galegofalantes.

Esta situación non só se produce en programas informativos, nos que a necesidade de axustarse ó texto escrito e a presión de modelos fonéticos alleos ó galego poden contribuír a que o resultado lingüístico sexa sentido como máis estraño ó galego. Tamén en programas de contidos máis lixeiros e, en principio, de expresión máis libre podemos atopar situacións semellantes.

Se observámo-lo enunciado exclamativo dunha locutora da Radio Galega (Enunciado 5) comprobaremos que non responde en absoluto ás pautas fonéticas do galego. Por unha parte, constatamos que, aínda que as galegofalantes poden realiza-la vocal final de *serpe*, ante pausa interna, cun ton medio máis elevado có da vocal tónica, ningunha delas a realiza con frecuencia ascendente, como si o fai a locutora:




Gráfico 13

Frecuencia fundamental de *serpe* nas realizacións da locutora (arriba) e da falante 3 (abaixo)

Ademais, a vocal final de *serpe* é pronunciada pola locutora cunha duración notablemente maior cá vocal tónica precedente, de maneira contraria a como actúan mesmo a falante que imitou este exemplo con maior énfase:




Gráfico 14
Duración en ms das vocais da palabra *serpe*

Na parte final do enunciado exclamativo (*Barcelona*) observamos con toda claridade unha curva tonal que nunca se encontra nestes enunciados en galego:




Gráfico 15
Frecuencia fundamental das tres sílabas finais de *Barcelona* na realización da locutora

Os poucos exemplos presentados aquí mostran que a situación do galego nos medios de comunicación oral é moi preocupante. Como se ve, o aspecto fónico da lingua utilizada por estes profesionais apártase nitidamente do galego. A maioría dos exemplos utilizados corresponde a RNE en Galicia, que posiblemente presente un índice de erros lingüísticos superior á media, entre outras razóns por carecer de servizos lingüísticos de apoio; pero non resulta nada difícil encontrar exemplos semellantes

nas emisións da Radio Galega ou da TVG, como todos sabemos³. En realidade, creo que podo atreverme a afirmar que a maioría dos locutores dos medios de comunicación orais en galego está nunha situación semellante. Aínda que as palabras son galegas, pode afirmarse que a mensaxe non chega en galego ós oíntes.

Podemos utilizar, como contraste, un exemplo de modelo fonético galego. Nun programa da mañá participaba un asesor lingüista da Radio Galega e da súa intervención entresacámo-la palabra *mariñeiros* en final de período tonal (nunha resposta: *Si, tamén o teñen os nosos mariñeiros*). Se escoitamos con atención a sílaba final decatámonos de que a vocal está totalmente enxordecida, como se ve con toda claridade no espectrograma:




Gráfico 16

Espectrograma da secuencia final [ˈnejɾos] en *mariñeiros*

Xa Dámaso Alonso (Alonso 1972: 96-97) sinalaba a presenza de vocais finais enxordecidas no portugués familiar, pero ata o de agora nunca se fixo mención pública deste fenómeno en galego, aínda que é un feito fonético completamente normal e moi frecuente, incluso en xente que fala castelán con "acento" galego. Este trazo, non obstante, a penas aparece na lingua dos locutores.

3.3. Vocais en contacto por fonética sintáctica

O tratamento fonético das vocais finais en galego está en relación co comportamento observado nos encontros vocálicos por fonética sintácti-

³ No IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, celebrado en Oxford en setembro deste ano 1994, presentei un estudo de certos aspectos da entoación de locutores da TVG, con resultados semellantes ós que se presentan aquí.

ca. No galego falado existe unha forte tendencia á contracción de certas secuencias de vocais finais e iniciais de palabras que quedan contiguas no discurso. Por citar algúns exemplos:

Está entre o millo: [eʃtãntro'miɫo] ~ [eʃtaẽntro'miɫo]

Aló embaixo: [a'lõm'bajʃo]

Traballou aí toda a vida: [traβa'kowa'itoða:'βiða]

Téño eu: ['tepo:'ew] (resulta estraño ['tepoo'ew])

Naturalmente, haberá que efectuar unha selección de entre as variantes posibles segundo o tipo de discurso e, fundamentalmente, segundo o ritmo con que se realice. Nun discurso máis formal ou elevado tenderá a haber menos contraccións, pero cun ritmo normal dirase:

Téño comprobado persoalmente: ['tepo:kõmproβaopersoalmẽnte]

Léva o señor director: ['leβooʃe'porði'rektor]

Toda a vida o lembro así: ['toða:'βiðaolẽmbroa'si] ou
['toða:'βiðolẽmbroa'si]

Deulle a súa opinión: ['dewɫa'suaopi'njõ]

Mesmo nun discurso formal non hai que "ler tódalas letras"; en galego non resulta natural pronunciar como hiatos as secuencias vocálicas de, por exemplo, *Este abrigo fixoo para o home de Andrea*.

Por outra parte, nun discurso máis informal pronunciarase, por exemplo:

A un lado e a outro: [ɔŋ'laðe:'owtro]

Enchera os petos: [en'tʃerõʃpetos]

Ía e viña de aquí para alí: ['ie:'βinaða'kipra:'li]

Cantaba e bailaba: [kãŋ'taβeβaj'laβa]

Nos medios de comunicación estes comportamentos fonéticos do galego normalmente non son tomados en consideración. En casos coma os que acabamos de mencionar, a tendencia xeral, en calquera tipo de rexistro, é a de pronunciar tódalas vocais que teñen representación gráfica, co que se consegue que os enunciados resultantes produzan un efecto de estrañeza e de falta de naturalidade.

4. Variedades xeográficas e modelo estándar

Unha vez trazada a fronteira entre o que é galego e o que non o é (para o que necesitamos unha descrición fonética máis precisa e detallada da que temos hoxe en día), cómpre abordar un segundo grupo de problemas para o establecemento dun modelo fonético de referencia. Estoutros problemas, de importancia moi secundaria respecto dos que acabamos de tratar, refírense á selección de formas de entre as variedades internas da

lingua galega, especialmente das variedades diatópicas. Este proceso de selección afecta principalmente a fenómenos como a gheada, o seseo, a metafonía nominal ou a variación de timbre vocálico nalgúñas palabras.

Creo que é necesario advertir que, no tocante ás variedades internas, non entendo ese modelo como unha especie de "normativa fonética" que nos indique unhas pronuncias como correctas e outras como incorrectas, senón que debería tratarse, ó meu entender, dunhas pautas de boa pronuncia que serían útiles no ensino da lingua a persoas non galegofalantes ou en certos ámbitos dos medios de comunicación oral, por exemplo.

A norma que vai funcionar como estándar lingüístico, tanto no referente á compoñente fónica coma noutros aspectos, non é "fabricada" por lingüistas, senón que é establecida pola sociedade, coas súas valoracións e tamén cos seus prexuízos, e ás veces en contra do criterio dos lingüistas prescritivistas. Polo tanto, debe terse en conta que, en último caso, sempre existe a opción de inhibirse e deixar que as cousas sigan o seu curso. Non obstante, considerando que o galego non tivo un desenvolvemento oral "normal" e que existen tamén serios problemas de interferencia co modelo fonético do castelán, como acabamos de ver, os lingüistas debemos contribuír na medida do posible á configuración dese modelo marcando algunhas liñas orientativas para a realización fonética das variedades cultas do galego.

Atendendo ó que acabamos de dicir, comprobamos que sobre algunhas das cuestións que a priori poderían ser postas en discusión existe xa unha decisión que parece concita-lo consenso dos falantes. Así, ás veces menciónase a existencia de dúas normas alternativas no que respecta á pronuncia con gheada ou sen gheada, con seseo ou sen seseo (Álvarez / Monteagudo / Regueira 1986: 27, 31), como dúas opcións en igualdade de condicións ou ben como unha cuestión aínda non decidida. Pero de feito xa parece que hai unha decisión social tomada con claridade a favor do galego con /g/, como se ve nos usos lingüísticos formais xerais no galego de hoxe, incluso naquelas persoas que utilizan a gheada na conversa informal. Pode aducirse que nesa actitude social seguen pesando os vellos prexuízos contra esta pronuncia, agravados pola escola e pola presión do castelán. Lembremos que xa Valladares (1970: 20) dicía: "Las geadas son inadmisibles, así en gallego, como en castellano, manera incivil de hablar"; tamén para Carballo (1979: 135) a gheada é un trazo dialectal "considerado como vulgarismo y rechazado por el gallego culto". Todos coñecemos anécdotas, chistes ou bromas baseadas na baixa consideración desa pronuncia. Independentemente da nosa opinión, da orixe deste fenómeno ou da súa xustificación lingüística, é un feito que a xeneralidade da poboación ten unha mellor consideración da pronuncia con /g/, e parece claro que un modelo exemplar de pronuncia ten que estar asentado no

recoñecemento social. Algo semellante pode ser aplicado ó seseo. Outros casos son aínda máis claros, como a despalatalización de [j] en áreas do galego occidental ([ˈpejʃe] 'peixe'), un trazo que, por máis que sexa auténticamente galego nesas áreas, non pode ser asumido como propio do galego culto. Dado que ten que tratarse dun modelo que poida ser exemplar para toda a sociedade, independentemente da orixe etimolóxica ou da xustificación lingüística, debe estar asentado no recoñecemento social.

Por contra, outros aspectos da fonética galega non están tan marcados socialmente, de maneira que coexisten varias solucións en uso. Creo que, para estes casos, o criterio etimolóxico non debe se-lo decisivo, senón preferentemente a extensión de cada unha das formas e a súa valoración pola xeneralidade dos falantes (o que algúns chaman "a opinión pública lingüística"). Así ocorre coas variacións de timbre da vocal tónica /e/~/e/ e /o/~/o/, para as que cumpriría establecer distintas solucións, xa que as situacións a tratar son heteroxéneas.

a) Situacións de indecisión: dúas variantes amplamente estendidas e sentidas como normais polos falantes:

- I. [ˈdẽŋte] ~ [ˈdẽnte], [ˈtẽmpo] ~ [ˈtẽmpo]
- II. [ˈɔlo] ~ [ˈoːlo]
- III. [ˈela] ~ [ˈeːla], [daˈkela] ~ [daˈkeːla]

Nestes casos, hoxe por hoxe, non parece aconsellable recomendar unha das formas sobre a outra, por estaren ambas amplamente implantadas na fala e por non representaren ningún problema de comunicación, aínda que no futuro probablemente se opte por unha delas como máis representativa.

b) Palabras afectadas pola metafonía nominal, que produce paradigmas con variación do timbre da vocal tónica: [ˈnoβo] / ˈnoβa]

Estas formas poderían ter un tratamento semellante ás do apartado anterior, xa que a variante con metafonía é propia dunha área minoritaria en canto á extensión territorial, pero non no número de falantes que a utilizan. Con todo, este fenómeno afecta hoxe ó vocabulario de maneira asistemática e minoritaria (moitas voces manteñen a vocal inalterada, como /beˈlo/, /θeˈyo/ ou /seˈho/, etc.), e parece un fenómeno en recesión (danse procesos de recuperación de timbres). Isto fai máis recomendable a realización con vocal non alterada.

c) Hai substantivos masculinos que, seguramente por razón da mesma metafonía, aparecen na maior parte do territorio con vocal medio-pechada, coma [ˈkɔrpo], [ˈmɔrθeˈyo], [eʃˈterko], [ˈporto], etc. Esta debe se-la única forma aconsellada.

d) Os femininos abertos que aparecen en certos puntos do galego occidental non son representativos da realización normal galega: [meʃa], [peha], [boða].

e) Tampouco son pronuncias habitualmente recoñecidas como comúns algunhas que se restrinxen a áreas do galego oriental, coma o timbre de [põnte], [fõnte], aínda que sexa o etimolóxico, ou a zonas do galego occidental, coma en [neβe].

Non fai falla insistir en que todas estas formas son plenamente galegas, pero nun modelo de lingua exemplar poden non ter todas elas a mesma consideración. A existencia dese modelo fonético tampouco debe entenderse como contraria á variedade dialectal. Temos que respectalos falantes que din [põnte] ou [neβe], pero un profesor de galego non pode propoñer esas realizacións como modelo para os nenos de Arzúa ou do Carballiño. Ou, por poñer outro caso, un profesor galegofalante de Outes non debe ensinalles ós nenos de Lugo que en galego *peixe* se pronuncia [pejše].

Un problema máis complexo é o timbre vocálico co que se adaptan as palabras entradas recentemente no idioma, na súa maioría cultismos. Este tipo de préstamos entra preferentemente por vía escrita, e dado que as graffías *e* e *o* son ambiguas respecto ó timbre da vocal, tódalas palabras novas que teñan esas letras na súa representación escrita admitirían potencialmente dúas posibles adaptacións, con timbre mediopechado e con timbre medioaberto.

Pero de feito non é así. Aínda que os datos con que contamos son insuficientes para facer afirmacións con valor xeral, observamos que tódolos galegos pronuncian *médico*, *léxico* con [e] tónico e *módico*, *lóxico* con [ɔ], e parece que é xeral a pronuncia con [e] / [o] noutras voces como *letra*, *probeta* ou *horizonte*, por exemplo. Isto indica que a adaptación fonolóxica destas palabras está regulada por regras.

Aínda que sería prematuro tratar de explicitar cales poden ser estas regras, constátase que as vocais *e*, *o* trabadas por consoante oclusiva son abertas, tanto en posición tónica coma átona pretónica (así en *técnico*, *óptimo*, *recto*, *texto*, *docto*, *snob*, *stop*, *robot*, etc.), pero os prefixos *extra* e *ex* normalmente pronúncianse con [e]. Por outra parte, tamén tendemos a adaptar con vocal semiaberta as esdrúxulas, calquera que sexa a estrutura da sílaba tónica: *tónica*, *célebre*, *centésimo*, *recóndito*, *acróstico*, *doméstico*, etc. Non obstante, algunhas palabras discrepan dese comportamento, coma *césped* [e], e outras seguen distintas adaptacións segundo os falantes: *pirómano*, *horóscopo*, e algunhas outras, con [o] ou [ɔ].

Sábese que tamén se producen distintas adaptacións de timbre noutros substantivos de acentuación grave, como *prosa*, *tomo*, *sistema*, *progreso*, *Venus* (con vocal medioaberta ou mediopechada), entre outras,

sen que sexa posible polo de agora establecer cal é a razón desa dobre adaptación nestas palabras e sen que coñezámo-la extensión de cada unha das variantes.

Nesta situación, parece claro que urxe realizar un estudio particular sobre a adaptación do vocalismo nos cultismos e nas palabras novas antes de poder pronunciarse sobre a forma que podería recomendarse para o galego común.

5. Conclusións

Aínda que os problemas debidos á variación interna son importantes, non hai que perder de vista o feito de que as diverxencias que causan perturbacións na recepción do galego oral actualmente son as producidas por descoñecemento do idioma e, fundamentalmente, por interferencia co castelán.

Ante o galego falado por algúns persoeiros hai falantes que reaccionan negativamente, e algúns opinan que, para falar tan mal o galego, mellor sería que falasen en castelán. Non comparto esa apreciación. Creo que debemos felicitarnos de que figuras destacadas da sociedade utilicen o galego, aínda que teñan algunhas deficiencias fonéticas ou doutro carácter.

Pero esas deficiencias non son disculpables de ningunha maneira nos profesionais da palabra (locutores, actores) e menos aínda nos profesionais da lingua (profesores). Para estes profesionais non serven desculpas baseadas na orixe social castelanfalante nin de ningún outro tipo. Calquera pode comprender que para presenta-los informativos da televisión francesa é imprescindible falar ben o francés, e se non se dispón da competencia lingüística requirida non se pode ser presentador da televisión francesa.

Ningunha razón pode xustificar que tantos profesionais dos medios de comunicación teñan un dominio tan deficiente do galego oral, e o que é peor, que tras anos de exercicio da profesión sigan facendo gala da mesma incompetencia lingüística. Polo que parece, os responsables deses medios non consideran necesario que os locutores coñezan o código no que pretenden comunicar, aínda á conta de que esa comunicación se vexa pexada por continuos erros lingüísticos. Tampouco os órganos encargados da normalización lingüística se mostran interesados por este problema nin parece que teñan intención de tomar ningunha iniciativa para que esta situación mellore significativamente.

Polo tanto, a situación que estamos presenciando resulta especialmente grave en canto que non se percibe que exista unha conciencia clara

da necesidade de utilizar un patrón fonético autenticamente galego. Mesmo algúns licenciados e estudantes de galego non consideran tan importante saber pronunciar ben o galego como para molestarse en aprendelo con propiedade. Tómanse clases particulares de fonética inglesa, de fonética francesa, pero ¿cantos estudantes están dispostos a asistir a clases de fonética galega?

Por outra parte, ese modelo de pseudogalego pode empezar a presentarse como o modelo culto e urbano, por oposición ó galego "da aldea". A cuestión latente no fondo é a necesidade de certos sectores sociais que se desenvolven en galego en medios urbanos de distanciarse da variedade rural da lingua. E na súa vertente máis forte, segue estando, aínda que de maneira máis atenuada, o vello prexuízo de lingua galega = lingua vulgar, rural, inculta, pobre. Tal vez por iso os responsables dos medios de comunicación prefiran locutores que teñan pouco "acento" galego. Esta situación será difícil de modificar de maneira substancial se o proceso de normalización non continúa avanzando de maneira decidida, se o galego non recupera o prestixio que aínda non ten ós ollos dunha boa parte da nosa sociedade. Se a pronuncia e a entoación propiamente galegas se continúan sendo valoradas como vulgares ou pouco recomendables por unha parte minoritaria, pero socialmente predominante, da nosa sociedade, non se poderá implantar un galego auténtico nas nosas cidades nin nas nosas vilas.

Cómpre ter en conta que en tódalas linguas de cultura entre os diferentes niveis de lingua existen diferencias que afectan tamén á fonética. Son precisamente trazos fonéticos os que a miúdo serven para distinguir unha variedade vulgar dunha variedade culta. E resulta evidente que necesitamos unha variedade culta do galego, capaz de ser tomada como modelo por persoas de toda extracción social e de calquera nivel de formación. Desde este punto de vista non parece adecuado pedirlle a un científico que pronuncie as súas conferencias imitando a pronuncia dun labrador. Pero tamén é igual de claro que o tecnolecto do científico e a lingua coloquial do labrador teñen que ter en común todos aqueles trazos que permiten identificalas como variantes dun mesmo sistema lingüístico. É dicir, non podemos crear unha variante culta polo procedemento de desnaturaliza-la lingua, de privala dos seus elementos definitorios, característicos. Existen uns límites que non se poden traspasar, porque se non xa non se está falando galego. A isto é o que me refiro ó falar de autenticidade.

E dentro do respecto a esa autenticidade, temos que saber delimitar unha serie de modelos capaces de cubri-las novas necesidades e usos, xa que na fonética debe producirse unha diversificación coma a que se está a producir na lingua escrita. Neste sentido, debemos avanzar propostas,

sempre coa conciencia de que en definitiva será a sociedade co seu uso a que determine cal será a configuración fonética dos distintos modelos de galego. Pero sempre sen introducirmos elementos espurios. Desa maneira poderemos formar unha lingua de cultura rica, flexible, digna e auténtica.

Referencias

- Alonso, D. (1972): "Vocales finales", in *Obras completas*, vol. 1: *Estudios lingüísticos peninsulares*. Madrid: Gredos, pp. 91-98.
- B[lanco] Carril, R. (1973): "Notas de entonación gallega", *RFE* 56, pp. 95-101.
- Carballo Calero, R. (1979): *Gramática elemental del gallego común*. Galaxia: Vigo, 1966, 1979⁷.
- González González, M. / Regueira Fernández, X. L. (1994): "Estudio acústico das vocais tónicas galegas en posición fonética normal", in R. Lorenzo Vázquez (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*. Vol. 6. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 141-179.
- Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización: defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1861)*. Vigo: Xerais.
- Porto Dapena, J. A. (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de Verba. Santiago.
- Valladares Núñez, M. (1970): *Elementos de gramática gallega*. Ms. de 1892. Vigo: Galaxia.

Apéndice

Enunciado 1 (RNE-G):

E Burela despide esta fin de semana uns 400 mariñeiros que nos próximos días saen á costa do bonito. Son en total tres días de festas, onte, hoxe e mañá, cun presuposto de catro millóns de pesetas.

Enunciado 2 (RNE-G):

36 son os representantes que Galicia vai elixir mañá no Congreso dos Deputados e 16 os senadores cos que contaremos na próxima lexislatura. Na cámara alta haberá catro representantes por provincia, un número sempre fixo, pero no Congreso o número de elixidos varía en función da poboación.

Enunciado 3 (RNE-G):

Do total de persoas con dereito a voto, 97.402 corresponden ó concello de Ourense, e o resto ós outros 91 municipios que conforman a provincia. Non todos eles terán necesariamente que achegarse ós colexios electorais, xa que logo preto de 4.000 persoas exerceron o seu dereito votando por correo. E xunto a eles, máis de 22.000 emigrantes, naturais de Ourense, teñen dereito a participar nestes comicios. En canto ó índice de participación, como datos orientativos, cabe cita-las eleccións xerais de 1986, nas que votou o 51,51 % dos ourensáns, e as de 1989, nas que o fixo o 55,65 %. O número de electores inscritos (...).

Enunciado 4 (RNE-G):

As mesas en toda a provincia ascenderán a 549 e as urnas dispostas para acoller os votos serán 1300. Nas pasadas eleccións xerais do ano oitenta e nove, votou o 60,68 % do censo total.

Enunciado 5 (RG):

Por certo, que en Barcelona deben estar sorprendidos os membros da Policía Municipal. Fíxense vostedes: ¡A Policía Municipal atopou unha serpe, de un metro de lonxitude, debaixo dun vehículo aparcado nunha rúa de Barcelona!

DO DESIGNADO Á EXPRESIÓN: A PERSPECTIVA ONOMASIOLOXICA NO ENSINO DA LINGUA SOBRE O EXEMPLO DA CUANTIFICACIÓN

XOSÉ XOVE FERREIRO
Universidade de Santiago

Con este longo título subliñamos dous dos puntos básicos que queremos presentar. Un deles é o enfoque onomasiolóxico, que parte da intención comunicativa para chegar ós medios que a lingua ofrece para expresarse. Outro punto fai referencia á utilización deste enfoque no ensino da lingua.

Son en si cuestións diferentes, pois unha perspectiva que vai do designado ós medios de expresión ten xustificación en si mesma en canto método de descrición do galego. Pero actualmente estase vivindo en medios vencellados ó ensino da lingua un interese alentador sobre os métodos de aprendizaxe, unha discusión viva sobre os fins que debemos perseguir no ensino do galego, e este estado de opinión máis maioritario ultimamente merece todo o noso apoio. A nosa contribución consiste en propoñer incorporar á aprendizaxe da lingua a perspectiva que valoriza a "enunciación" sobre a "comprensión", a posición do falante que quere comunicarse sobre a do oínte que o ten que interpretar.

Trataremos de ilustralo fundamentalmente cos exemplos da equivalencia designativa e da cuantificación do substantivo, o terceiro dos puntos que destacamos no título.

1. Obxectivos do ensino da lingua

Nestes medios en que se vive con preocupación a situación da lingua hai unha percepción negativa bastante xeneralizada sobre os resultados acadados no dominio do galego á finalización da EXB. É unha evidencia para todos que o fin irrenunciable de que ó remata-lo ensino secundario tódolos nosos rapaces teñan un dominio da lingua efectivo e suficiente é na actualidade pouco máis ca un desexo. E semella que tampouco será difícil concordar en que a situación non é moito mellor, ou

polo menos non é xeneralizadamente aceptable, unha vez que xa os alumnos pasaron polo Ensino Secundario.

Hai varios atrancos que fan difícil de conseguir ese obxectivo, e os máis difíciles de vencer non se localizan só a rentes da habilitación lingüística, senón que sobrepasan o ámbito da asignatura de lingua galega. Unha destas dificultades consiste en que para que a aprendizaxe sexa realmente efectiva, o alumno debe ter unha valoración positiva da lingua, e sabemos que non resulta doado contar con ela debido á situación de desfavor en que o galego se atopa na súa propia casa. Os prexuízos lingüísticos derivados da situación conflictiva e de desvantaxe social con que se enfronta a nosa lingua fan en ocasións moi penoso ensinala a lingua e lograr que o alumno a sinta como súa a tódolos efectos.

Podemos e debemos pedirlle ó ensino da lingua, como demanda X. M. López Valcárcel (1991: 113), o obxectivo de "contribuír, desde o ensino, á normalización e á instalación social do idioma", mais é evidente que a valoración positiva da lingua non é cousa só, aínda que tamén, da asignatura de lingua galega. Non é sequera cousa só do conxunto do ensino, senón da posición que a sociedade mantén a respecto del en cada sector, en cada función comunicativa, en cada localidade.

Pero non só é cuestión de favorecer e contar con actitudes positivas de cara para a lingua. Como sinala Miguel Pérez Pereira (1990: 105), é "claro que co ensino dun idioma como asignatura, non se logra que os suxeitos cheguen a dominalo e usalo. A introducción do galego como asignatura (ou do castelán, nunha situación hipotética) durante 3 horas á semana ó longo de 8 anos, non permite un dominio del. É ben sabido o fracaso dos sistemas de ensino de idiomas que son introducidos como asignatura no currículo". Un cambio global non só da posición do galego, senón tamén respecto da súa aprendizaxe efectiva, existe, cando menos, unha política lingüística adecuada para o ensino, con diversas estratexias para monolingües e bilingües de distinto tipo. O ensino en galego nas máis asignaturas non só é un dereito irrenunciábel dos galegoafantes e un instrumento de normalización da lingua, senón un requisito indispensable (polo menos durante varios cursos, dous ou tres como mínimo) para que o alumno se adone da lingua e chegue a dominala con efectividade.

Agora ben, dito isto, non debe pasarse por alto que hai un obxectivo específico que lle corresponde acometer á asignatura de lingua, cal é o de asegura-lo dominio do galego, asegura-la competencia efectiva do alumnado para expresarse correctamente en galego.

E nesta dirección hai voces que sinalan que os resultados dun dominio relativamente deficiente e moi empobrecido da lingua, tanto falada coma escrita, obedecen a unha concepción didáctica non ben encamiñada. As críticas coinciden en sinalar tres aspectos negativos básicos:

a1) exceso de "teoría".

b1) concentración exclusivista na descrición do sistema.

c1) predominio esaxerado da lingua escrita.

Destes aspectos negativos resultan de seu unhas propostas de innovación deseñadas na dirección oposta, a saber¹:

a2) o ensino da lingua debe ser fundamentalmente "práctico".

b2) o centro de interese debe recaer sobre a lingua en situación e a competencia comunicativa do alumno.

c2) debe concederse maior atención á lingua oral, sen descoida-la escrita.

a) En relación co primeiro punto, o decisivo por establece-lo obxectivo central no ensino da lingua, requírese un cambio de grande amplitude que vaia da presenza desmesurada dos coñecementos teóricos centrados na gramática ó dominio efectivo da dimensión expresivo-comunicativa. O obxectivo debe se-lo "estudio da lingua no seu aspecto máis instrumental e de uso, por riba dos contidos conceptuais que ata agora viñan ocupando, de xeito ás veces obsesivo, ós profesores de lingua." (Silva Valdivia, 1990: 120).

b) En relación co segundo postulado, é preciso amplia-lo marco de traballo: "É necesario superar o exercicio metalingüístico a que se reduce a miúdo a actividade escolar dentro destas asignaturas, para adoptar un enfoque comunicativo moito máis amplo e integrador dos distintos factores que operan no momento de se establecer un acto de comunicación lingüística: situación na que se desenvolve (formal, familiar...), natureza do tema obxecto de tratamento lingüístico, tipo de interlocutor, etc." (Silva Valdivia, 1990: 121).

c) Por último, en relación co terceiro punto, enténdese que "a lingua oral, coa súa complexidade de recursos, ten que preceder e ser primada con relación á escrita" (Equipo de Lingua Galega, 1990: 113).

¹ Vén sendo o que demanda o Equipo de Lingua Galega (Gabinete da Reforma Educativa) (1990: 114), unha "rectificación dos obxectivos xerais da Área de Lingua; o reordenamento dos contidos da mesma; e, por último, a adopción das técnicas e procedementos adecuados."

Recapitulando, o obxectivo específico da asignatura de lingua é capacitar ó alumno para comprender calquera texto en galego e poder comunicarse tanto oral como por escrito con corrección nas diversas circunstancias comunicativas. Para iso é preciso orienta-lo ensino nunha dirección fundamentalmente práctica, atende-los distintos compoñentes da competencia comunicativa e centra-los esforzos na expresión falada. Mais este obxectivo específico, para ser efectivo, debe contar cun ensino desenvolvido noutras asignaturas tamén en galego, e, para ter viabilidade e sentido, debe enmarcase no obxectivo xeral de lograr no alumno a interiorización afectiva da lingua de Galicia que o leve a usar habitualmente o galego, ó que debe contribuír na parte que lle corresponde o profesor de lingua².

A perspectiva de partir do designado no ensino da lingua, que imos presentar e ilustrar a continuación, inscríbese dentro deste cambio de orientación que se reclama. Dentro destas coordenadas, adoptar unha perspectiva onomasiolóxica no tratamento dos diferentes elementos lingüísticos ofrece a vantaxe de que potencia particularmente a capacidade expresiva do alumno e fomenta hábitos reflexivos de actuación sobre a lingua.

2. Semasioloxía e onomasioloxía

Empregando os propios termos de Baldinger (1970: 119-121), que á súa vez os toma de Ullmann, podemos facer unha distinción entre "significación" e "designación". Na significación un significante ou forma material, illada, condúcenos ós contidos ou representacións mentais que evoca; o conxunto de contidos diferentes que pode abarcar un só significante é o campo de significacións ou campo semasiolóxico.

² Claro que hai tamén outros problemas. O obxectivo de que o alumno teña unha boa capacitación para comunicarse en galego hai que fixalo, por suposto, en relación cos coñecementos do alumno. Mais aquí engádese unha nova dificultade ó ensino da lingua, xa que, como sabemos, os alumnos presentan perfís moi diferenciados que van desde rapaces que falan normalmente en galego a falantes que o fan habitualmente en castelán, con dominios do idioma mesmo con riscos moi distintos dentro de cada grupo, e o certo é que todos se presentan en bloque na aula. Como cada grupo precisa en principio de tratamento diferenciado, isto esixe do profesor bastante imaxinación para procurar saca-lo maior partido posible dunha situación tan complexa, en que por riba hai que atender tamén ás características sociolingüísticas do medio en que se desenvolve o ensino. Isto repercutirá, por suposto, na delimitación dos obxectivos graduais de mellora da competencia comunicativa, que evidentemente debe estar deseñada sempre en función das necesidades comunicativas do falante.

Inversamente, na designación un determinado concepto condúcenos ós significantes que o expresan; o conxunto de significantes diferentes que poden realizar un só contido conceptual é o campo de designacións ou campo onomasiolóxico.

Estas son dúas perspectivas diferentes e complementarias de considera-las relacións entre expresións e contidos. A manifestación máis clara da perspectiva semasiolóxica é a homonimia e a polisemia (unha forma material asociada a varios contidos), e a manifestación máis evidente da perspectiva onomasiolóxica é a sinonimia (un mesmo contido expresado mediante varios significantes).

Desde unha perspectiva semasiolóxica, “cabeza” asóciase (significa) ós diferentes contidos que aparecen en expresións como “cortáronlle a cabeza”, “dóelle a cabeza”, “ten moita cabeza para as matemáticas”, “a cabeza dun cravo, dunha punta, dun dedo, dun texto...”, “cabeza do xugo”, “cabeza do arado”, “cabeza de allo”....

Por outra banda, e desde unha perspectiva onomasiolóxica, o contido de ‘parte superior ou anterior do corpo dos animais’ désignase mediante significantes como “cabeza”, “cacheira”, “cachola”, “azotea”...

As gramáticas tradicionais e os dicionarios alfabéticos parten dun enfoque basicamente semasiolóxico, en que a información recae nos distintos contidos que expresan as formas gramaticais e léxicas. O centro de interese que se privilexia con este procedemento é a comprensión. Colocados ante producións escritas ou orais en galego, ante significantes galegos, ofrécesenlos medios para darmos co significado que teñen. Unha perspectiva deste tipo oríéntase fundamentalmente, polo tanto, cara á identificación e cara á interpretación do contido, daquilo que é designado.

O enfoque contrario, onomasiolóxico, pon o acento na produción. A cuestión non é agora “¿que significa isto?”, senón “¿como podo expresar en galego este concepto, esta idea, isto que quero dicir?”. Se o ensino da lingua quere satisfacer esa necesidade comunicativa do usuario, e ó mesmo tempo potencia-la súa capacidade de expresión, debe procurar poñer á disposición do aprendiz a pluralidade de medios de que realmente dispón a lingua que vai empregar. Isto é, debe adoptar unha perspectiva fundamentalmente onomasiolóxica.

Por suposto, o dito non significa que se poña en cuestión o valor das descrições gramaticais tradicionais, e moito menos o das descrições funcionais, que non coinciden propiamente nin coas semasiolóxicas nin coas onomasiolóxicas. Por unha banda, os datos lingüísticos organizanse nesas descrições segundo estruturacións ben fundamentadas. Por outra banda, os resultados das súas descrições poden integrarse de maneira na-

tural nas presentacións onomasiolóxicas. O ap. 4.2. da cuantificación nominal pode ser un bo exemplo desta integración.

A adopción dun enfoque onomasiolóxico é particularmente importante en galego por dous motivos. Un deles porque o noso grande problema non é tanto o da comprensión, xa que a maioría da poboación ten competencia pasiva no noso idioma, senón o da capacidade para producir textos correctos, matizados e variados. A cuestión é, xa que logo, a de podermos ir do que queremos dicir ós xeitos de dicilo.

O segundo dos motivos particulares relaciónase coa situación lingüisticamente dominada que sofre o galego: a presión do castelán sobre o idioma é tamén unha presión interna, sobre o sistema, que fai que abunde o calco e que se estendan modos de dicir mediatizados polo modo de expresar e ve-lo mundo o castelán. Un enfoque que vaia do contido á expresión reforzará por forza unha visión do mundo desde dentro, interna ó galego.

Cando falamos de que hai que partir do “concepto”, da “noción”, da “idea”, estes non deben identificarse co “significado” dunha expresión lingüística, entendendo o termo de “significado” en sentido preciso como o plano do contido solidariamente asociado ó plano da expresión dun signo, como o “contido dun signo ou construción en canto dado pola lingua mesma” (Coseriu, 1977a: 187), “e, precisamente, exclusivamente pola lingua, por tal e cal lingua determinada” (Coseriu, 1977b: 220). Este “significado”, así definido, é distinto das referencias e conexións que logo se establecen coa realidade extralingüística, conexións que se fan mediante os significados, pero sen coincidir con eles. E do que se trata nesta orientación onomasiolóxica é, xustamente, de partir desas conexións coa realidade extralingüística. Dito con maior precisión, os puntos de partida son a “designación” e o “sentido”, non o “significado funcional”, pois eles son os elementos de que consta o contido último dun texto.

A “designación” é a referencia a obxectos e a estados de cousas extralingüísticos. Depende sempre do contexto e polo tanto varía de ocasión a ocasión. Ademais, só pode establecerse totalmente mediante unidades de nivel superior á palabra, mentres que o significado de lingua é constante e propio das distintas unidades gramaticais. A consecuencia disto é que mediante idénticas expresións (e iguais significados de lingua) podemos establecer designacións distintas: en *a miña avoa vive na miña casa*, a identificación referencial de “eu”, a “avoa” e a “casa” en cuestión varían tanto como distintas sexan as persoas que o enuncien e para as cales o enunciado satisfaga a condición de verdade. Inversamente, e isto é o

que máis nos interesa, mediante expresións con significados de lingua diferentes podemos establecer designacións idénticas. Por exemplo, en *neste salón de actos temos unha acústica mala*, podemos expresa-la mesma designación de *neste salón de actos* mediante *no salón de actos*, *no salón de actos en que estamos*, *neste local da Facultade*, *neste local en que estamos reunidos*, *na sala en que nos atopamos...*

O “sentido” é o contido particular dun texto ou dunha unidade textual que, entre outros medios, se expresa con significados e con designacións particulares. No “sentido” estamos nunha situación análoga á descrita para a designación: por un lado, unha unidade textual non quere dici-lo mesmo en textos e contextos comunicativos distintos; por outro lado, podemos comunicar un mesmo sentido mediante unidades textuais diferentes. Por exemplo, a mesma unidade textual *Hoxe vai mal día* ten un sentido en:

-Podemos ir á praia pola tarde.

-Hoxe vai mal día

en que se pode querer dicir ‘non me parece boa idea’, e polo tanto establece unha refutación mediante a expresión da causa (‘impide o estado do tempo’), e outro distinto en

-¿Que día temos?

-Hoxe vai mal día,

en que ten un sentido informativo. *Entra moita luz pola ventá* pode ter un sentido de orde indirecta (‘cerca a ventá’), un sentido de obriga (‘temos que poñerlle unha cortina á ventá’), un sentido de prohibición (‘non é necesario prende-las luces aínda’), etc. Inversamente, podemos establece-lo mesmo sentido mediante unidades textuais diferentes. Por exemplo, son maneiras diferentes de manifestar un mesmo contido de orde os seguintes enunciados: *en pé*; *poñédevos de pé*; *a poñerse de pé*; *¿por que non vos poñedes de pé?*; *ordeno que vos poñades de pé*; *poñédesvos de pé*, *que o mando eu*; *atención, que entra o director* (información que provoca a actuación)...

Agora ben, e fronte ó que de primeiras poida parecer, os mesmos exemplos que manexamos abundan para vermos que dado un determinado contido referencial as posibilidades de expresalo están sometidas a unha certa sistematización e son enumerables e susceptibles de descripción. No exemplo *neste salón de actos temos unha acústica mala*, a identidade referencial respecto de *neste salón de actos* dáse, por unha banda, escollendo entre posibilidades de determinación diferentes (que forman parte de tipos limitados) e, pola outra, mediante o uso de palabras que te-

nén algunha zona de coincidencia sinonímica entre elas (*salón de actos, local, sala*).

A modo de exemplo, damos a continuación varias das posibilidades expresivas de que dispoñemos como falantes para referirnos ós mesmos contidos léxicos. Iso non quere dicir que sexan todas igualmente recomendables nin que haxa que promovelas en contra do uso do termo preciso. É evidente que botar man de equivalencias sinonímicas de xeito indiscriminado pode dar lugar a abusos e a empobrecemento léxico, xustamente o contrario do que se procura. As equivalencias designativas deben ensinar a non reduci-las posibilidades expresivas, a aumenta-lo caudal léxico e a distingui-las construcións e as palabras unhas das outras. Por outro lado, é igualmente de moita importancia saber situar cada posibilidade no dialecto, sociolecto, rexistro ou ámbito que lle corresponde.

3. Equivalencia designativa

Clasificación dos procedementos que posibilitan a equivalencia designativa:

1- *Sinónimos*: Abonda con que o ámbito referencial de dúas palabras coincida un algo para que sexa posible empregar unha ou a outra nalgúns contextos. O campo de coincidencia pode ser total (por exemplo, en variantes dialectais, como *carballo* e *rebo*, *peixe sapo* e *rabada*, ou nos eufemismos) ou máis reducido: *terra, eido, tenza, leira; grande e amplo* (*vive nunha casa grande / ampla, pero fixo unha presentación ampla / *grande*).

2- *Hiperonimia*: Un dos tipos particulares de coincidencia referencial prodúcese na relación de “hiperonimia”, é dicir, cando podemos empregar-lo termo concreto ou termos máis xerais en que aquel se inclúe. A relación pode ser estritamente de “lexema” a “arquilexema” ou producirse con graos de xeneralización máis amplos: os tipos de *carballo* (*albariño, negral, cerqueiro* ou *cerquiño, caxigo* ou *carrasqueiro, covo, reboleiro, sanguíño...*) teñen como hiperónimo a *carballo*, este a *árbore*, e esta a *planta* e *vexetal* (*¿ves aquela árbore / aquel carballo / aquel caxigo?*). Facendo inclusións cada vez maiores podemos chegar a termos tan xerais e tan pouco caracterizados como *cousa, iso, algo, aparato, aquel, choio*, etc.

3- *Clasificación múltiple*: Un mesmo obxecto pode contemplarse baixo diversos aspectos e, polo mesmo, pode formar parte de clases diferentes. Un *cabalo* pode ser tamén *besta, egua, cabalería*; pola raza, *árabe, percherón*; polo seu desenvolvemento *cabalo, poldro*; pola cor

baio, pedrés, alazán; polo uso, corcel, albardeiro... Podemos referirnos ó mesmo animal con *vin un cabalo / unha cabalería / un poldro / un alazán / un corcel...*

4- *Procedementos retóricos de contido* (metáfora, imaxe, sinécdoque, metonimia, hipérbole): Podemos usar dun signo para designar unha clase de obxectos cun ámbito referencial afastado do da clase que propiamente lle corresponde a ese signo, en virtude de procedementos metafóricos, metonímicos ou similares: *cabeza / intelixencia, cadeira / posto, cargo; ioga español / sesta...*

5- *Relacións de antonimia*: Nas relacións antonímicas contrarias e contradictorias a equivalencia referencial conséguese coa negación do antónimo: *quente / non frío; solteiro / non casado; doado / non difícil; informal / non formal...* O mesmo efecto cá negación ten a ironía: *é ben parvo / ¡é ben listo!*

6- *Definicións de diferente tipo*, en que non hai relación de derivación (cfr. 9-) nin relación de hiperonimia (cfr. 2-): *derriba / conxunto de escombros da demolición; parte da bicicleta que protexe a cadea / cárter...*

7- *Mediante determinacións e aclaracións*:

a) Nas relacións semánticas de gradación hai con frecuencia lexicalizacións en torno ós polos opostos, como ocorre entre *frío* e *quente*, que forman a serie *conxelado, xeado, frío, fresco, morno, caloroso, quente, fervendo*. Nestes casos é posible empregar con referencia similar á dun termo da serie outro termo que vaia cuantificado: *algo frío / fresco, pouco frío / morno, moi quente / fervendo...*

b) Desde outra perspectiva, en lugar do termo propio empréganse ás veces outros especificados como similares ou aproximados: *é algo así como, unha especie de: é unha semellanza de laúde, aproximadamente un laúde / bandurra, bandola.*

Estes intentos de precisa-lo máis posible a clase próxima levan ó uso de fórmulas correctivas (*é dicir, por mellor dicir, ou máis ben, isto é, quero dicir, máis exactamente...*) e a desenvolvementos que detallan o dito, de modo que a enumeración das partes trata de explica-la idea xeral que se quere comunicar.

8- *Mediante implicacións*: Poden ser moi variadas, desde estritamente léxicas (*irse, marchar / non estar; chegar / estar...*) a outras máis regulares, como a implicación existente entre a produción ou causación e o producido ou causado: *matar entraña morrer*, aínda que non ó revés: *matárono dun disparo / morreu dun disparo; deuma / téñoa...* Hai tamén implicación entre o resultado, a perfectividade e a anterioridade: *téñoa gardada / gardeina; sentouse / está sentado, ergueuse / está de pé...*

9- *Equivalencia entre categorías léxicas diferentes*: Mediante os procedementos de derivación e de composición podemos facer transformacións da categoría léxica (de substantivos a adxectivos, de verbos a adxectivos, etc.), de modo que cambiámo-la clase de palabra, pero mantémo-lo mesmo contido léxico: *unha rapaza que corre moito / moi corredora; no momento en que chegou / da chegada; a suposición de que limpa ben / da súa boa limpeza; desprezo todo o que é ruín / toda ruindade; tempo de inverno / invernal...*

a) O feito de que poidamos expresa-lo mesmo contido mediante un adxectivo, un substantivo, un verbo e un adverbio (*abundante, abundancia, abundar, abundantemente*) descansa, por unha banda, no feito de que a mesma función pode estar representada por unidades sintácticas de diferente nivel: a función "adxectival" está representada polo adxectivo e pola frase adxectiva, pero tamén pola oración relativa, por frases preposicionais con substantivo, por oracións substantivas preposicionais, por frases preposicionais adverbiais: *a árbore máis alta / que máis se levanta planteina eu / de máis altura; o resultado da chamada / de que chamase foi negativo; deille o que me quedaba / o restante...* Estas posibilidades de escolla esténdense a categorías léxicas e gramaticais diferentes: *posiblemente está / é posible que estea / estará / ha de estar / debe estar / pode estar; ó que veña / ó vir / en vindo / de vindo,...*

b) Descansa tamén, por outro lado, na relación de composición / descomposición gramatical entre verbos simples e as locucións verbais equivalentes:

"facer": *facen progresos / progresar; presentar un recurso / recorrer; dirixir unha demanda / demandar; lanzar unha crítica / criticar; proferir ameazas / ameazar; facerse cargo / encargarse; presentar desculpas / disculparse; corre-lo risco / arriscarse...*

"ter": *recibir solución / solucionar; ter coñecemento / coñecer...*

"poñer": *poñer en orde / ordenar; prestar atención / atender; darlle remedio / remediar; caer enfermo / enfermarse; volverse amarelo / amarelecer...*

"tomar": *sacar proveito / aproveitar; tomar vinganza / vingarse; coller nota / anotar; tomar parte / participar...*

c) Por suposto, estas substitucións non teñen por que mante-la base léxica, poden ser sinonímicas: *dar boa acollida / recibir; formarse idea / supoñer, imaxinar, coidar; dar consentimento / asentir, aprobar, aceptar; tomar unha determinación / decidir, resolver, acordar...* Como ilustran os exemplos de a), tampouco nas equivalencias entre unidades sintácticas diferentes é preciso mante-la base léxica, de modo que pode operarse con calquera das equivalencias de significado enumeradas.

Nesta mesma orde de cousas, relacionada coas diferentes posibilidades de expresión sintáctica de mesmos contidos semánticos, é preciso ter en conta aínda que unha mesma función semántica pode admitir a súa expresión mediante varias funcións sintácticas designativamente equivalentes: *cortaron os piñeiros / os piñeiros foron cortados / cortáronse os piñeiros; discutínlle que / discutimos que / discutín con el que...; abriuse a ventá co vento / o vento abriu a ventá; cambieille o reloxo / cambiei o reloxo con el / cambiei de reloxo con el / cambiámo-lo reloxo; confeseime co bispo / confesoume o bispo...*

Procedendo noutros sectores do mesmo xeito ca respecto da equivalencia designativa, poderemos ir identificando os modos de expresión que corresponden a contidos determinativos como a "cantidade", relacionais como a "causa", etc. E poderemos ir establecendo igualmente como se expresan os contidos textuais de "orde", "saúdo", "refutación", etc.

Como segundo exemplo disto mesmo, presentamos a continuación de xeito moi sintético as posibilidades expresivas que a lingua pon á nosa disposición para expresa-lo contido de "cuantificación". Limitámonos á "cuantificación do substantivo", unha das súas determinacións máis amplamente representada na lingua, aínda que a cuantificación do adxectivo, a do verbo e a do mesmo adverbio comparten bastantes das características da cuantificación nominal.

4. Cuantificación do substantivo

4.1. Tipos de cuantificación e clases de substantivos

A noción de "cuantificación", entendida de maneira xeral, presenta aparentemente algunhas dificultades para ser tomada como punto de partida. Estas dificultades derivan da contraposición entre a necesidade de que o concepto de que se parte sexa o máis unitario posible e o feito de que hai "cuantificación" de varios tipos, e con distintas gradacións en cada tipo:

Grupo A)

a) cuantificación numérica, definida: *tres vendas, vinte persoas*, etc.; ou indefinida: *árbores, peixes; poucos días, moitos amigos*, etc.

b) cuantificación porcional, indefinida: *pouco pan, moito leite*, etc.

c) cuantificación intensificadora: *forzaza, forciña; grande dor, pequena dor; moita virtude, pouca virtude*, etc.

d) cuantificación de magnitude: *superpetroleiro; casona, casiña; praza grande, praza pequena*, etc.

Grupo B)

e) cuantificación colectiva, interna: *castiñeiro/souto, abella/enxame; alumno/alumnado, carballo/carballeira*; ou externa, definida ou indefinida: *un par de pitos, un cento de piñeiros; un brazado de achas, un monte de garabullos*, etc.

f) cuantificación fraccionaria, definida: *medio molete, a metade dun mes*, etc.

g) cuantificación multiplicativa, definida: *o dobre de canas, dobre intelixencia, o triplo de fariña, cuádrupla alianza*, etc.

Aínda dous apuntamentos máis. Por unha banda, a “cuantificación” “puede aplicarse a unha *extensión de A* o a una *confrontación entre A y B*” (Pottier, 1976: 257). É dicir, ademais dos tipos de cuantificación sinalados existe tamén unha cuantificación “relativa” respecto dun termo de “comparación”, que pode estar explícito ou ser identificable contextualmente. Este tipo de cuantificación relativa, ou de “confrontación”, conta con instrumentos específicos que a expresan, e pode ser do tipo g) (*ten o dobre de ganas ca ti, dá o quintuplo de leitugas ca esta terra*, etc.), ou mesmo f) (*fai a metade de traballo ca ela*, etc.), ou pode manifesta-los contidos correspondentes ós tipos de cuantificación a), b) e c) mediante formas como *máis, menos, tanto*, seguidas de *ca* ou *coma* (*dá cinco veces máis leitugas ca esta terra; máis árbores ca peixes; menos pan có ano pasado; tanta forza coma ti*, etc.). Estas mesmas formas (*máis, menos...*) poden combinarse con tódolos tipos anteriores (*vinde persoas máis ca onte; un quinto menos ca nesa saca; menor sufrimento ca da outra vez; unha casa tan grande coma a túa; menos culleradas de azucre*, etc.).

Por outra banda, os tipos a), b) e c), e parcialmente f), presentan construcións partitivas respecto de substantivos que están presentados como cofecidos: *tres dos rapaces, pouca da carne, moita da dor, un quinto do trigo*, etc. De acordo con cada un dos tipos, e como ilustran os exemplos, a “parte” pode estar formada por unha cantidade numérica, porcional ou intensiva.

De todas formas, non é forzoso partir de cada un deses tipos e inventaria-los medios de expresión que lles corresponden. No grupo A), os diferentes tipos están representados polos mesmos elementos: *moito, pouco* aparecen en a), b) e c), e *grande, pequeno* en c) e d). Isto débese a que estes diferentes tipos de cuantificación -a), b) e c) por unha banda, e

c) e d) pola outra-, dependen moito de cal sexa a clase léxica do substantivo. A diferenza no tipo de cuantificación é en boa medida unha cuestión de combinatoria sintagmática entre o determinante cuantificador e a clase léxica do substantivo determinado:

moito, pouco + substantivo concreto (ou abstracto) contable: a) cuantificación numérica: *moitos ríos*.

moito, pouco + substantivo concreto non contable: b) cuantificación porcional: *moita auga*.

moito, pouco + substantivo abstracto non contable: c) cuantificación intensificadora: *moita fame*.

grande, pequeno + substantivo concreto contable: d) cuantificación de magnitude: *río grande*.

grande, pequeno + substantivo abstracto: c) cuantificación de intensidade: *fame grande*³.

Os tipos do grupo B), pola súa parte, sempre indican cantidade nalgún dos sentidos a), b) ou c), como os exemplos aportados deixan ver: no tipo e) é de sentido a), e nos tipos f) e g) pode ser de calquera dos sentidos a), b) ou c). Estes dous últimos tipos -f) e g)-, practicamente só se expresan cos numerais fraccionarios e multiplicativos (ver en 4.2. os ap. 5-c e 5-d). En canto ó tipo e), de cuantificación colectiva, admite varias posibilidades de expresión: léxica e interna (*árbore/bosque...*); sufixal: *-ado, -eiro...* (ver en 4.2. o ap. 2-b); co xénero, moi reducida: *ovo / ova...* (ver en 4.2. o ap. 3); numerais colectivos: *par, cento...* (ver en 4.2. o ap. 5-b); construcións con substantivos: *un feixe de canas...* (ver en 4.3. o ap. 4-c).

En definitiva, a "cuantificación" que nos irá aparecendo de maneira máis constante é a que corresponde ós tipos a), b), c) e d) do grupo A). Tendo en conta que estes tipos dependen da clase léxica do substantivo, está xustificade que os tratemos todos en conxunto e partamos dun concepto de cuantificación máis xeral. Non obstante, procuraremos ir sinalando estes diferentes tipos de cuantificación en cada un dos procedementos lingüísticos que expresan a cuantificación⁴.

³ Na combinación de *grande* + substantivo concreto non contable, a intensificación é cualitativa, non cuantitativa (*grande viño; viñazo*).

⁴ Moitos dos elementos que expresan cuantificación do substantivo poden, á súa vez, ser obxecto de cuantificacións: *grandísimo inxenio, pouquiña xente, moi poucos días, pasaron moitos e moitos coches, catro pares de medias*, etc. A cuantificación que se exerce sobre o substantivo é en realidade a dos seus determinantes con tódolos elementos que os modifican, pero como estes últimos afectan primariamente a outras unidades é máis conveniente estudialos á parte dentro da cuantificación do adxectivo e demais determinantes do substantivo.

4.2. *Expresión mediante unidades gramaticais*

En canto gramaticais, estes procedementos aparecen descritos nas gramáticas, ora que separados e sen seren postos en relación uns cos outros⁵.

1- *Prefixos cuantificadores:*

a) *super-, sobre-/sub-*: cuantificación de magnitude ou intensificadora superlativa ou infralativa: *superpetroleiro, supercarburante, sobredose; subdesenvolvemento, subestimación...*

b) *bi-, pluri-, multi-*: cuantificación numérica definida ou indefinida: *bilingüismo, plurilingüismo, multilingüismo; bipartidismo, multipartidismo...*

2- *Sufixos modificadores:*

a) aumentativos (*-azo, -ón*) e diminutivos (*-iño*): cuantificación de magnitude ou intensificadora: *mesaza, mesona, mesiña; pacienzona, pacienciña...*

b) *-ado, -axe, -eiro, -erío...*: cuantificación colectiva (estes mesmos sufixos teñen outros valores non cuantitativos): *alumnado, rapazada, follaxe, cancionero, carballeira, mocerío...*

3- *Cambio de xénero:*

-o / -a: cuantificación de magnitude: *pozo / poza, coitelo / coitela...* A cuantificación colectiva é de moi escaso rendemento: *ovo / ova...*

4- *Categoría de número:*

singular / plural: cuantificación numérica no plural: *pozo / pozos, centeo / centeos, carreira / carreiras...*

5- *Cuantificadores definidos:*

a) *numerais cardinais*: *dous, tres...*: cuantificación numérica definida: *trece pozos, vinte libros, douscentos alumnos...* Nalgúns deles pode ser tamén indefinida: *con dous empuxóns xa cae, iso é cousa de catro tolos, díxenllo cen veces, deulle mil voltas...*

⁵ Pretendemos que a clasificación sexa rigorosa, mais, por razóns de claridade e para evitar reiteracións, incluímos tamén unidades gramaticais no apartado da expresión mediante procedementos de confrontación e no da expresión mediante tipos oracionais. De feito, os procedementos de confrontación mediante estruturas consecutivas, comparativas e relativas, así como os propios tipos de oración, son en si mesmos sintácticos, e por iso gramaticais.

Exprésase tamén mediante construción partitiva: *vinte dos libros, douscentos dos alumnos...*

b) *numerais colectivos* (+ de + subs.): *par, parella, decena, ducia, quincena, vintena, cento, centena, milleiro, millar*: cuantificación numérica definida: *un cento de anos...*

Pode ser tamén indefinida, como ocorre sempre con *millenta*: *un cento de veces, un par de folios...* Con este significado indefinido poden aparecer pospostos, en frases preposicionais: *problemas, coellos... a pares, a ducias, a miles, a centos, a milleiros...*

Hai tamén bastantes substantivos con significado numeral definido e colectivo que indican ademais o cuantificado: *trío, trienio, quinquenio, quinteto...*

c) *numerais fraccionarios*: *medio, metade, tercio,...*: cuantificación definida e en sentido numérico, porcional ou intensivo; a construción pode ser partitiva: *media pensión, cuarto quilo de azucre, un cuarto de polo, un tercio dos pozos, a metade da súa ousadía...*

Tamén se expresa mediante:

-fraccionario agrupado con *parte de*: *a tercia ou terceira parte dos deputados, a cuarta parte do tempo...*

-cardinal agrupado con *veces menos* (+ *ca* ou *de*): *gasta tres veces menos...*

d) *numerais multiplicativos*: cuantificación multiplicativa definida numericamente (aumento nun número exacto de veces), nunha substancia discontinua (numérica) ou continua (porcional ou intensiva), e en xeral con relación a outro elemento (cuantificación relativa): *séxtuplo de vasos ca de cuncas, triplo de centeo có ano pasado, dobre de fortaleza...*

Só son de uso corrente *dobre e triplo*.

Este contido exprésase normalmente mediante un numeral cardinal agrupado con *veces máis* (+ *ca* ou *de*): *tres veces máis idade ca el...*

6- Cuantificadores indefinidos:

Cuantificación indefinida numérica, porcional ou intensificadora, segundo a clase léxica do substantivo: *pasaron (algúns, ben, uns poucos, demasiados, máis...) anos desde aquela; apañou (ben, moita, abonda...) herba; as operacións desenvolvéronse con (bastante, menos...) rapidez.*

Teñen tamén construción partitiva: *algúns dos presentes, moita da area...*

Clasificación:

a) *existenciais*: *alguén, algo, algún* (positivos); *ninguén, nada, ningún* (negativos). *Algún* e *un nada* de indican tamén cantidades pequenas. *Alguén* e *ninguén* teñen sempre valor substantivo propio; *algo* e *nada*, que teñen tamén ese valor, poden en cambio cuantifica-lo substantivo en construcións partitivas.

b) *totalizadores*: *todo, cada, ambos*. Fronte á inexistencia (*ningún*), representan a cantidade total en distintos sentidos.

Entre a cantidade cero e a cantidade total están as cantidades intermedias non gradativas e as gradativas, ademais das relativas (ou confrontativas).

c) *non relativos e non gradativos*: *canto, uns cantos, varios, uns, ben*. Menos este último, indican normalmente cantidade pequena, de modo que se relacionan con *algún* e *un pouco*. *Ben* expresa normalmente cantidade elevada e relaciónase con *moito*. Para o valor de cantidade elevada que pode manifestar *canto*, ver 4.4.5- e 4.5.1-.

d) *non relativos gradativos xenéricos*: *un pouco, bastante, moito*: cantidade pequena, intermedia ou elevada, de acordo coa cantidade media e normal estimada.

e) *non relativos gradativos valorativos*: *pouco, abondo, demasiado*: valoración da cantidade como insuficiente, suficiente ou excesiva.

Tamén se empregan construcións preposicionais adverbiais: *abondo/dabondo* (estas grafías corresponden “a + abondo” / “de + abondo”), *de máis, de menos* (*cartos abondo, espacio de máis, tempo de menos*).

f) *relativos gradativos*: *máis, menos, tanto*: cantidade comparativamente maior, menor ou igual.

Tanto indica normalmente que a cantidade igual é elevada, que é o significado que ten nas construcións consecutivas. Para indicar nestes casos cantidade pequena úsase *tan pouco*.

4.3. Expresión mediante unidades léxicas

1- *Lexicamente, de maneira interna*: cuantificación de intensidade ou magnitude. Fúndase en que os substantivos entran en oposicións graduais cuantitativas respecto dun mesmo significado léxico: *orballo/chuvia/trebón*: nesta serie *orballo* é unha chuvía pequena e *trebón* unha chuvía grande; *brillo/resplandor*; *estalo/estouro*; *medo/pavor*...

2- Mediante adxectivos:

O adxectivo pode ir anteposto ou posposto e con calquera función (atributo, explicativo...); a anteposición tende a facer resalta-lo seu valor cuantificador⁶. Clasificación:

a) adxectivos con valor de cuantificación básico de totalidade ou parcialidade:

-(*día, cambio*) *completo, enteiro, íntegro, total; incompleto* (normalmente con contables).

-(*beleza, paciencia*) *absoluta, radical, rotunda; parcial* (normalmente con abstractos).

b) adxectivos con outros valores de cuantificación básicos:

-cuantificación numérica, porcional ou intensiva, segundo o substantivo: (*carballos, trigo, forza*) *abondoso, abundante, considerable, copioso, cuantioso; incalculable, infindo, infinito; excesivo, sobexo; suficiente; escaso, insuficiente*.

-cuantificación numérica: (*ríos*) *múltiples, numerosos, incontables, innumerables*.

-cuantificación de magnitude ou intensiva: (*cuarto, praza, confianza, pena*) *amplo, grande, enorme, vasto, soberano, inmenso, colosal, descomunal, desmesurado, monumental, xigante, xigantesco; pequeno, mínimo, minúsculo*.

Maior, menor, tamaño son relativos.

c) adxectivos con trazos semánticos de cuantificación intensiva só ás veces e non básicos:

-(*fortuna, fame, forza, calor, paciencia, beneficio*) *bo, desmedido, desproporcionado, desorbitado, esaxerado, imponente, importante, impresionante, inxente, elevado, extremo, forte, máximo, notable, notorio, portentoso, sumo, superior, superlativo, supino, supremo, tremendo, xeneroso* (cantidade grande).

-(*fortuna, fame, forza, calor, paciencia, beneficio*) *exiguo, débil, feble, imperceptible, inapreciable, inferior, ínfimo, insignificante, irrisorio, leve, lixeiro, moderado, raquítrico, reducido, ridículo, suave, tenue, tímido* (cantidade pequena).

O valor intensificador en cada polo, no do cantidade grande e no da cantidade pequena, explícase porque a cantidade funciona como un

⁶ Alí onde é posible, procuramos agrupa-los adxectivos de acordo co grao de cuantificación que expresan.

tipo de calidade e porque o valor cualitativo descansa na cantidade: *un frío impresionante* é un frío que causa impresión pola súa grande intensidade.

d) “series usuais de intensidade” (Bally, 1951: I, 70-72; II, 43-44; Lapa, 1979: 84-86): sintagmas semifixados formados por adxectivos que se asocian con frecuencia con valor intensivo a cadanseu substantivo ou a un pequeno número deles: *actividade frenética, amor cego, amor fondo, amor profundo, aspiracións serias, atención profunda, avaricia sórdida, axitación febril, baixa sensible, beleza incomparable, pingües beneficios, beneficios substanciosos, borracheira criminal, brutalidade bestial, calidade baixa, calor abrasadora, calor horrorosa, calor infernal, calor tórrida, calor tropical, candor anxelical, chuvia torrencial, coidado especial, coidado minucioso, confianza cega, defecto acusado, defecto pronunciado, desexo ardente, desfeita irreparable, desmentido categórico, dor atroz, dor viva, esforzo extremado, éxito estrepitoso, fame canina, fame devoradora, fame voraz, fe firme, alta fermosura, fracaso estrepitoso, frío glacial, frío horrible, ignorancia crasa, imaxinación exuberante, importancia capital, inimigos acérrimos, interese vivo, inxustiza absoluta, luxo asiático, luxo principesco, altos méritos, necesidade perentoria, odio cego, odio mortal, partidario acérrimo, perda irreparable, perda sensible, posibilidade remota, prezo exorbitante, prezo módico, proba decisiva, rapidez vertixinosa, razóns poderosas, repugnancia insoportable, resolución firme, temor profundo, tempestade furiosa, tempestade violenta, vento horrible, vento terrible, victoria aplastante.*

Estas construcións semifixadas existen en tódalas linguas, e se esas pertencen a un rexistro formal, non faltan tampouco na lingua popular: *unha fame regañada, un frío espeso, unhas ganas doentes de comer, un vento callado, un xenio rabudo...*

e) adxectivos cuantificadores en construcións do tipo “adx. + de + subs.”: *chea de frío, cheo de mimos; morta de frío; abundosa de peito; un mes vicioso de choivas; rico en desgracias.* Son moi frecuentes sobre todo co adxectivo *cheo*.

3- Equivalentes designativamente a adxectivos:

A “función adxectival” está representada primariamente polo adxectivo e pola frase adxectiva. Pero, como xa vimos na equivalencia designativa (3.9-), as posibilidades ampliáanse debido a que un mesmo contido podemos expresalo mediante outras categorías léxicas e debido a que a mesma función pode vir representada por outras unidades sintácticas diferentes. Podemos determinala “cuantificación” dun substantivo mediante verbos ou substantivos equivalentes a adxectivos do grupo an-

terior (4.3.2-) sempre que se integren en construcións apropiadas ou traspostas á función adxectivoal. Estas posibilidades son limitadas, pois non existen verbos e substantivos equivalentes a adx. para tódolos adxectivos:

a) con verbos relacionados con adx. do apartado anterior -enténdase, os de 4.3.2-, como *abundar* e *abundante*, *escasear* e *escaso*...: *había abundantes silvas ás beiras do carreiro / as silvas abundaban ás beiras do carreiro; o pan era escaso / o pan escaseaba*...

b) con substantivos relacionados con adx. do apartado anterior, normalmente en construcións atributivas: *a ferida foi considerable / a ferida foi de consideración; había libros abundantes / os libros, que había en abundancia*...

c) con substantivos relacionados con adx. do apartado anterior en construcións do tipo "subs. determinante + de + subs. determinado": *a totalidade da xente, a integridade dos asistentes, abundancia de libros, escaseza de pan, amplitude de coñecementos, enormidade de vehículos, ridiculez de días, multiplicidade de accidentes, suficiencia de participantes, insuficiencia de comida*...

d) con substantivos relacionados con adx. do apartado anterior en construcións do tipo "subs. determinado + en + subs. determinante": *a xente na súa totalidade, libros en abundancia, ferida de consideración, comida en exceso, susto de morte, acontecemento de magnitude, problemas sen fin*...

e) oracións relativas, en que o valor cuantificador pode localizarse no adxectivo ou nun verbo ou substantivo equivalentes:

-construción de relativo con calquera dos adx. mencionados (os do ap. 4.3.2-), en función de atributo: *unha paciencia que é considerable; o pan, que era escaso*...

-construción de relativo con verbos relacionados con adx. do mesmo apartado anterior, como *abundar* e *abundante*, *escasear* e *escaso*...: *as silvas, que abundaban*...; *o pan, que escaseaba*...

-construción de relativo con substantivos relacionados con adx. do apartado anterior: *a ferida, que foi de consideración*...; *os libros, que había en abundancia*...

4- Mediante substantivos:

Ademais dos substantivos cuantificadores mencionados no apartado precedente, hai outros que non están relacionados con adxectivos e que poden aparecer nas mesmas construcións anteriores:

a) pospostos, en construcións do tipo “subs. determinado + en + subs. determinante”: cuantificación numérica, porcional ou intensiva:

-frases preposicionais formadas con *Deus*, sinónimos ou antónimos, que con frecuencia reforzan a *moito*: *plantas a Deus dar, millo de Deus, familia ten a de Deus, moitos sufrimentos de Deus, moita fame de Noso Señor, unha fame do demo...*

-outras frases preposicionais: *a montóns, a moreas, en cantidade, a esgalla, a manta, de medo...: unha fame de medo, unha chea de papeis de medo, papeis a montóns...*

-estas frases poden estar integradas tamén por verbos: *ten discos para parar un tren, había coellos a varrer...*

b) antepostos, en construcións do tipo “subs. determinante + de + subs. determinado”:

-cantidade elevada en sentido numérico, porcional ou de intensidade: *unha barbaridade de posibilidades, unha burrada de alcohol, unha enchente de botellas, unha enxurrada de insultos, unha riola de xente, un tropel de rapaces, unha chuva de regalos, unha dioiva de males, cantidade de temor, unha pluralidade de recursos, unha chea de sufrimento, un mar de penalidades, forza de xoguetes, minga de xenio, unha aglomeración de desgracias, multitude de paxaros, profusión de oportunidades, un demo de cativos, un milagre de viño, un mundo de cariño...*

Os substantivos cuantificadores poden estar integrados en expresións adverbiais: *a poder de traballo, a forza de estudio...*

-cantidade pequena en sentido porcional (ou de intensidade): *unha pinga de café, un goto de viño, un belisco de pan, unha chisca ou un chisco de confianza, unha miga ou migalla de paciencia...*

Tamén indican cantidade en xeral pequena e porcional substantivos como *lisca, lasca, rebanda, tallada, taco, torada...*, pero a cantidade expresada está tomada cunhas características de forma determinada (*lisca* ‘cantidade pequena en forma fina e longa’).

c) substantivos de medida antepostos, en construcións do tipo “subs. determinante + de + subs. determinado”:

- indican cantidades determinadas en relación co tipo de substancia e coa dimensión que se toma en conta: *litro, metro, gramo, hectárea, quintal, tonelada...*
- indican cantidade determinada, pero menos precisa, substantivos como *brazado, presa, vaso...* A cantidade está dada polo substantivo que indica a medida: *brazo, man, vaso...*
- Algúns son derivados mediante sufixos: *manda, presada, puñado, mangado, brazado; carrada, potada, cullerada, pada, palletada...*
- Outros carecen de sufixo específico: *manchea, presa, mañizo, mollo, feixe, gavela; carro, caldeiro, vaso...: un carro de palla, un carro de patacas...*

Se entendemos por “colectivo”, como é usual, o substantivo que designa un conxunto de entidades consideradas como unidade, os substantivos anteriores só son “colectivos” cando teñen sentido numérico, pero non cando teñen sentido porcional.

Todos poden cuantificarse, coma os demais colectivos e unidades de medida: *dúas gavelas de toxo, varios feixes de palla...*

Quedan fóra destes agrupamentos, por seren neutros respecto da cantidade expresada, substantivos como *anaco, cacho, parte* ou *porción*. O mesmo ocorre con substantivos de carácter colectivo como *grupo, lote, morea, monte, montón*, ou *fato, grea, rabaño, rea, reata, recua, rodada*, que ademais teñen un forte contido nominal.

4.4. Expresión mediante procedementos de confrontación

1- *Mediante repetición do substantivo en frases copulativas*: cuantificación elevada en sentido numérico, porcional ou intensivo: *durante anos e anos foi o único teatro coñecido, por máis rogos e rogos que lle fixen, botelles auga e auga sen resultado, armada de paciencia e máis paciencia...*

2- *Mediante construcións con sentido consecutivo*:

A cuantificación pode ser en sentido numérico, porcional ou intensivo:

a) oracións consecutivas:

- Cantidade elevada: *tanto / tal / un... que: había tantos rapaces no baile que aquilo era unha praga; deille tales berros que mesmo se asustou, ten unha musculatura que mete medo,*

chegou unha de xente que non che quero nin contar, a súa fermosura é tal que para qué che vou contar, ...

-Cantidade pequena: *tan pouco... que: préstalle tan pouca atención que o caso é de denuncia...*

-A expresión da consecuencia pode faltar, sempre que se empregue a entoación apropiada: *ten tanto xenio..., deille tales berros..., ten un xenio..., ten tan pouco agarimo a pobre...,*

b) expresión da causa e presentación da consecuencia como oración principal:

-de ou con tanto / tal... (que/como): *comeu tantos pasteis que colleu unha indigestión → de tantos pasteis que ou como comeu colleu unha indigestión / de tantos pasteis colleu unha indigestión; de tantos rapaces que había no baile aquilo era unha praga; asustouse con tales berros (como lle dei)...*

-do / co... que: *colleu unha indigestión dos pasteis que comeu, a pouco cae de cu do susto que levou, coas penalidades que pasou xa gañou o ceo, coa paciencia que gasta non acaba nunca...*

As dúas variantes anteriores expresan cantidade elevada. Como en a), a cantidade pequena exprésase con pouco: *de tan pouco... (que/como), do / co pouco... que.*

-do / co... (que ten): *co enfado que ten é capaz de facer unha, non se ten de pé da borracheira que ten, non podían durmir coa fame, vai caer da borracheira, non vía coa carraxe, adoezo coa fame, rebento co traballo, rebordaba coa satisfacción...*

Cun grao de síntese aínda máis avanzado: *vai morrer da / de pena, choraba da / de alegría, ardía da / de febre, está roibo coa rabia / de rabia...*

A serie, polo tanto, é como segue: *tiña tanta pena que morría → morría de tanta pena como tiña → morría da pena que tiña → morría da pena / morría de pena.*

c) causa menos marcada e consecuencia nun suxeito diferente: o contexto aclara se a cantidade é elevada ou pequena: *estou asombrado do teu nivel, asómbreme o teu nivel (elevado / pequeno); espántame esta chuvia, estou espantado desta chuvia (moita / pouca); marabilloume a súa fortaleza, quedei marabillado da súa fortaleza (moita); sorpréndenme os teus saltos (grandes / pequenos)...*

3- Mediante comparación de desigualdade:

Ademais das comparativas canónicas con *máis* e *menos*... *ca / do que* (ver 4.2. 6-f.), hai outras en que o segundo termo da comparación se emprega para intensificala cuantificación, debido a que este se toma como indicador do grao máis elevado. Hai varias posibilidades:

a) *máis* ou *menos*... *ca / do que*: *bota máis xuramentos ca un carreteiro, bota máis fume ca unha máquina do tren, ten máis aguante ca unha mula, ten máis fortaleza ca un carballo...*

b) *máis* ou *menos*... *ca se*: *entraba máis luz ca se o sol se metese dentro, xuntouse máis xente ca se fose unha feira, tiñalle máis cariño ca se fose fillo seu, daba máis berros ca se o matasen...*

c) *totalidade / ausencia da cantidade no segundo termo de comparación*:

-positivo: *o máis traidor de todos, o maior milagre dos que Deus quixo facer, o maior pesar do mundo, o maior engano que poida existir...*

-negativo: *ten máis azos ca ninguén, sente maior pena ca outro ningún, bota máis auga ca ningunha outra fonte, o maior terremoto que nunca se viu, o maior amor que nunca tivo...*

d) *ausencia de comparación explícita*: *a marabilla maior de todas (de tódalas marabillas) → a marabilla maior das marabillas → a marabilla das marabillas: o sal é o sabor dos sabores, o pesar dos pesares, o vicio dos vicios, unha perda sobre tódalas perdas, ben sobre todo ben...*

4- Mediante comparación de igualdade:

Se o segundo termo da comparación se toma como indicador do grao máis elevado, entón tamén unha comparativa que pola forma é de igualdade pasa a significar cuantificación intensificada:

a) *tanto / un* ou *tan pouco*... *coma*: *ten tanto aguante coma unha mula, ten tanta paciencia coma un boi, ten un xenio coma un demo, unha forza coma un león, un furado coma un mundo...*

b) *identificacións, con ausencia de comparación explícita*: *ten tanta memoria coma un elefante → ten a memoria dun elefante → unha memoria de elefante; a forza dun león / unha forza de león; a vista dun lince / unha vista de lince; a paciencia dun santo; un xenio de mil demos...*

c) *paralelo a ca se é coma se*: *xuntouse tanta xente coma se fose unha feira, tiñalle tanto cariño coma se fose fillo seu, daba tantos berros coma se o matasen...*

O cuantificador *tanto* pode faltar: *xuntouse xente coma se fose unha feira, daba berros coma se o matasen, bebe viño coma se fose auga, gasta cartos coma se nacesen sós...*

d) con ausencia da cantidade no segundo termo de comparación: *tiña tanta ou unha dor como nunca tivera* → *nunca tivera tanta dor*; *vin unha miseria como nunca vira* → *nunca vin tanta miseria*; *nunca tal pracer sentira, nunca sufrín tamaño desprezo...*

5- Mediante construcións con relativos:

a) *canto / todo o... que / o... que*: indica cantidade total e igual, e só o contexto pode aclarala gradación da cantidade (pouca, moita, bastante...): *ten tantos cartos como necesita* → *ten cantos cartos necesita* ou *cartos cantos necesita / tódolos cartos que necesita / os cartos que necesita* ('tanta cantidade como necesita', 'a cantidade que necesita'); *trae cantas caixas haxa / tódalas caixas que haxa / as caixas que haxa*; *beberon canta auga quixeron / toda a que quixeron / a que quixeron*; *ten canta paciencia se queira / toda a que se queira / a que se queira*; *trae cantas caixas poidas / tódalas que poidas / as que poidas* ('a maior cantidade que poidas'); *causoulle canto mal lle puido facer / todo o mal que puido* ('o maior mal que puido'); *levaron cantos bens puideron / tódolos que puideron / os que puideron* ('os máis bens que puideron'); *busca canto pracer pode / todo o pracer que pode / o pracer que pode* ('o maior pracer que pode')...⁷

Cantos pode ir precedido de *todos*: *merquei todos cantos libros me indicaron / puideron...*

b) *canto / que / o... que*, en que xa hai cantidade claramente intensificada: *É estraño canto parecido teñen / que parecido teñen / o parecido que teñen*; *vin claramente canta razón tiña / que razón tiña / a razón que tiña...* A construción anterior está vinculada ás comparativas de igualdade; esta, ás consecutivas: *teñen tanto parecido que é estraño* → *é estraño o parecido que teñen* → *é estraño o seu parecido* (ver arriba 4.4. 2-c).

⁷ Por suposto, o contexto pode favorecer en ocasións unha interpretación de cuantificación intensificada aínda sen presenza de elementos que a expresen: *un rapaz da súa posición, unha persoa coa posición del, é un rapaz con cartos, bebín litros de auga, tirouse desde a altura, está moi rufo para os seus anos...* Os exemplos permiten observar que a intensificación da cantidade é frecuente en substantivos como *posición, altura...* que son á vez de cantidade neutra e elevada (cfr. 4.3., ap. 1).

4.5. Expresión en oracións exclamativas e interrogativas

1- En exclamativas:

a) *canto / que / o... que / que* (ver ap. anterior): *¡Canta altura ten! / ¡Que altura ten! / ¡A altura que ten! / ¡Altura que ela ten!; ¡Cantas mazás aquí hai!; ¡Que calor vai aquí!; ¡A calor que aquí vai!; ¡Xente que aquí hai!; ¡Miña naiciña, carne que el comeu!...*

É tamén frecuente o uso de *que*, e ás veces de *canto*, en contextos negativos para expresar cuantificación positiva: *¡Que non había xente alí!; ¡Que non ten valor o home!; ¡Mira que non chegou xente!; ¡Mira que non tiven eu ocasións!; ¡Que non cortaron carballos neste monte!; ¡Cantas veces non lle dixeran que non traballe tanto!...*

b) *que de / a de... que*: *¡Que de formigas matei! / ¡A de formigas que matei!; ¡Que de queixo comeu! / ¡A de queixo que comeu!; ¡Que de xente chegou! / ¡A de xente que chegou!...*

c) *vaia*: *¡Vaia agudeza (que) ten!; ¡Vaia saltos (que) dás!...*

d) *case*: *¡Case cortaron carballos neste monte!; ¡Case cae auga!...*

e) *aínda / xa*: *¡Aínda / Xa cortaron carballos neste monte!; ¡Aínda / Xa cae auga!...*

2- En interrogativas:

a) mediante preguntas retóricas: *¿Coñeces unha falsidade maior?; ¿Viuse algunha vez tanta desgracia?; ¿Quen oiría nunca outra tal explosión?...*

b) mediante respostas intensificadas a preguntas cuantitativas: *¿Ten cartos? -Vaia se non / -Xa o creo que ten...*

Tras esta presentación, e volvendo a por onde comezamos, sería pouco progresar que nos quedáramos á fin coa idea de que hai que incorporar ó ensino teórico de paradigmas gramaticais e ó ensino das unidades gramaticais e léxicas desde unha perspectiva semasiolóxica, un ensino tamén teórico desde unha perspectiva onomasiolóxica: a aprendizaxe teórica do conxunto de modos de facer equivalencias referenciais, de expresar cuantificación nominal, etc.

Non será ocioso insistir en que unha cousa é a descrición e o coñecemento dos elementos lingüísticos desde unha determinada perspectiva, coñecemento descritivo que o profesor de lingua debe posuír, e outra diferente a incorporación deses materiais descritos ó ensino da lingua, mediante os métodos pedagóxicos máis adecuados. Calquera perspectiva que se adopte esixe contar cunha descrición e que os profesores coñezan esa

descripción, pero o ensino dos elementos seleccionados que se queren ensinar é unha cuestión de ensino práctico e non teórico.

A proposta que suxerimos é que a programación da aprendizaxe da competencia lingüística, nun marco moito máis amplo có da gramática tradicional, se faga tamén en termos onomasiolóxicos tanto no relativo ó enfoque coma no relativo ós contidos designativos e de sentido que se deben ensinar. E ensina-los distintos xeitos que temos en galego de cuantificar, de afirmar, etc., dentro dunha perspectiva onomasiolóxica, esixe selecciona-lo que hai que ensinar, deseña-los métodos prácticos para facelo, organiza-la progresión destes materiais, a súa combinación adecuada cos máis elementos que deben ensinársese, etc. É o labor que comeza onde acaba a descripción.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, R.; H. Monteagudo; X. L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Baldinger, K. (1970): *Teoría semántica. Hacia una semántica moderna*. Madrid: Alcalá.
- Bally, Ch. (1951): *Traité de stylistique française*. 2 vols. 3ª ed. Génève: Librairie Georg / Paris: Klincksieck.
- Bellón Iglesias, Mª de los A. (1982): *Formas de cuantificación en el gallego actual*. Univ. de Santiago de Compostela: Fac. de Filoloxía, Tese de Licenciatura inédita.
- Brunot, F. (1965): *La pensée et la langue*. 3ª ed. Paris: Masson.
- Coseriu, E. (1977a): "Significado y designación a la luz de la semántica estructural", *Principios de semántica estructural*. Madrid: Gredos, pp. 185-209.
- Coseriu, E. (1977b): "Lo erróneo y lo acertado en la teoría de la traducción", *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*. Madrid: Gredos, pp. 214-239.
- Cruzeiro, Mª E. (1973): *Processos de intensificação no português dos séculos XIII a XV*. Lisboa: Publicações do Centro de Estudos Filológicos.
- Equipo de Lingua Galega (Gabinete da Reforma Educativa) (1990): "Novas propostas na didáctica da lingua", *Cadernos de Lingua*, 1, pp. 111-117.
- Lapa, M. Rodrigues (1979): *Estilística da língua portuguesa*. (10ª ed.). Coimbra: Coimbra Editora.
- López Valcárcel, X. M. (1991): "Normalización e didáctica da lingua", *Cadernos de Lingua*, 4, pp. 113-130.

- Monteagudo Romero, H.; M. Puga Moruxa; X.A. Fernández Salgado (1990): "Consideracións básicas para a renovación dos métodos de aprendizaxe do galego", *Cadernos de Lingua*, 1, pp. 131-144.
- Pérez Pereira, M. (1990): "A lingua da escola: reflexións sobre da política lingüística no ensino dende a psicolingüística evolutiva", *Cadernos de Lingua*, 1, pp. 93-109.
- Pottier, B. (1976), *Lingüística general. Teoría y descripción*. Madrid: Gredos.
- Silva Valdivia, B. (1990): "Lingua galega e lingua española: unha interacción pedagoxicamente necesaria", *Cadernos de Lingua*, 1, pp. 119-124.
- Varela Barreiro, X. (1991): *Os cuantificadores en galego moderno. A cuantificación pronominal*. Univ. de Santiago de Compostela: Fac. de Filoloxía, Tese de Doutoramento inédita.

VARIEDADE E EMPOBRECIMENTO DO LÉXICO

ERNESTO GONZÁLEZ SEOANE

Universidade de Santiago / Instituto da Lingua Galega

O tema que a organización me suxeriu cando me propuxo participar neste Curso resulta, sen ningunha dúbida, certamente estimulante e suxestivo. Así e todo, debo recoñecer que o abordado non sen certas prevencións, pois, por unha parte, é un terreo moi propicio para exercitar dous xéneros, o pranto e o sermón, que non me gustan demasiado (e por nada do mundo desexaría que esta conferencia se convertese en ningunha destas dúas cousas), e por outra, porque se trata dun campo minado por unha serie de lugares comúns, de afirmacións categóricas que, a forza de seren repetidas, son comunmente aceptadas sen sequera reflexionar sobre delas.

Entre os tópicos máis difundidos está sen dúbida a crenza na suposta riqueza lexical do galego. Esta idea, común xa desde os primeiros textos apoloxéticos nados á calor da Ilustración¹, foise transmitindo ata o punto de que aínda hoxe goza de certo predicamento entre algúns entusiastas do galego. Paralelamente, entre os seus detractores, que tamén os hai, e non en cativo número, é tamén común a crenza de que o galego posúe unhas limitacións que fan del unha lingua só apta para certos rexistros ou para tratar de certas materias. Fronte a esta caste de afirmacións, viciadas de raíz por simpatías e antipatías, debemos afirmar, con Jesús Tusón, que "por principio, unha lingua ten exactamente as palabras que ten que ter; as que han de servir ós falantes para nomea-los obxectos e os conceptos que teñen validez no seu entorno"². Un individuo pertencente a unha cultura mariñeira, poño por caso, poderá distinguir ducias de peixes distintos e, en consecuencia, aplicarlles nomes distintos. Para outro que viva lonxe do mar, por riba de todas esas diferencias todo será *peixe*. Naturalmente isto non quere dicir que esta segunda lingua sexa inferior á

¹ Recórdense, por exemplo, as duras palabras de Sarmiento contra as alusións de Duarte Nunes de Leão acerca da superioridade do portugués: "Allí hago evidencia de la miseria de la lengua portuguesa en derivados y en copia de voces respecto de la lengua gallega" ("Escritos filológicos del Padre Sarmiento", *BRAE* 28, 1931, p. 128).

² Jesús Tusón (1990): *Mal de linguas*. Santiago: Edicións Positivas, pp. 76-77.

primeira. Seguindo coa cita de Tusón, “algunhas linguas nas que, quizais, aínda non se pode falar de física nuclear, ou balonmán, ou de como se fai o soufflé de queixo, teñen finezas inimaxinables para aqueles que falamos algunhas das poderosas linguas indoeuropeas” (p. 76).

Sentado, pois, que non hai linguas ricas e linguas pobres, senón linguas con necesidades distintas, debemos abordar agora a cuestión do empobrecemento do léxico. ¿Que é o que entendemos por “empobrecemento”?

Con respecto a isto cómpre, antes ca nada, clarexar algunhas cousas. Nos últimos tempos véñse oíndo con insistencia, dentro do ámbito románico en xeral, unha ladaíña contra a incorporación masiva de neologismos, procedentes na súa maior parte do inglés, á que se lle atribúe un efecto alienante e empobrecedor, alienante por razóns obvias e empobrecedor na medida en que a aceptación dun estranxeirismo supón a renuncia da lingua propia a desenvolver os seus mecanismos de renovación e actualización. Non serei eu quen discuta isto. Así e todo, debemos preguntarnos se as cousas poderían ser doutro xeito. Sendo realistas debemos recoñecer que os galegos, e non só os galegos, senón tamén os españois, os portugueses, os cataláns ou os vascos, pintamos moi pouco no mundo. Dende a aparición da fregona, as nosas aportacións ó mundo do que pomposamente se chama “novas tecnoloxías” foi máis ben cativa. Evidentemente, isto que acabo de dicir non pasa de ser unha *boutade*, que por certo é outro estranxeirismo, e constitúe seguramente unha falta de consideración para moitas persoas que nos nosos países viven entregadas á investigación científica e técnica. O que quero dicir con isto é que nós, os galegos, vivimos na periferia dun Estado que, por máis que se diga, ocupa no mundo unha posición tamén periférica. E mentres esta situación non cambie teremos que resignarnos a ir sempre de remolque, inventando, adaptando como poidamos ou admitindo sen máis palabras que designen as novas realidades que nos veñen impostas desde fóra. Noutras palabras, a lingua non é máis ca un produto, e un reflexo, dunha sociedade, e se vivimos nunha sociedade alienada e dependente de modelos exteriores, será de esperar que esta circunstancia teña repercusións sobre os seus produtos culturais, a lingua entre eles.

A queixa contra esta sorte de “colonización” do idioma vai normalmente acompañada do pranto de tons elexíacos pola desaparición, diante da nova civilización urbana e consumista, dun léxico que poderíamos chamar tradicional, do léxico ligado ás actividades que tradicionalmente desenvolvía a poboación galega ata non hai moito tempo. Hai trinta anos, por exemplo, poucos nenos galegos ignorarían o que son as *estornelas* ou, se o preferides, a *billarda*. Hoxe, non me atrevería a face-la pregunta en ningún colexio, nin sequera nesta sala, sen o temor de que al-

guén me contestase que as *estornelas* son uns paxaros de cor escura con fama de voraces e a *billarda* un xogo que se practica enriba dunha mesa con tres bólas e un taco. Isto, por máis que nos doia e que faga que nos sintamos xa un pouco vellos, ten mal amaño. Mentres as estornelas non se convertan en deporte olímpico ou mentres non as pasen pola televisión, pouco teñen que facer cos deportes de masas ou coas videoconsolas con que enchen o seu tempo de lecer os rapaces. ¿É isto empobrecedor? Probablemente si. ¿É evitable? Seguramente non.

Quero indicar, non obstante, que o retroceso ou mesmo a desaparición dos obxectos creados no seo da cultura que vimos chamando tradicional non ten por que levar consigo a desaparición das palabras que servían para nomealos. O carro de bois está condenado a converterse en obxecto de museo etnográfico, pero isto non quere dicir que a voz *lamia*, con que se designa a chapa de ferro que protexe o canto da roda, non poida rehabilitarse para designa-la peza metálica onde encaixa o pneumático nas rodas dos automóviles, das bicicletas ou das motocicletas. A mesma voz *carro*, como *coche*, pode servir tamén de mostra da capacidade de rexeneración das linguas: de designaren exclusivamente vehículos de tracción animal pasaron a aplicarse logo a vehículos automóviles. Os exemplos poderíanse multiplicar por centos. Non se trata, pois, de desaproveita-las posibilidades de rexeneración que nos ofrece a propia lingua, senón todo o contrario. O que sucede é que neste proceso de cambio son moitas as formas que non encontran acomodo e que quedan condenadas a figurar no panteón do diccionario coa etiqueta *arc*.

Fronte ás críticas que desde posicións puristas e académicas se verten contra estes procesos que acabamos de describir, é frecuente tamén escoitar argumentos como o de que en materia lingüística o pobo, os falantes, son os que teñen a última palabra, os que deciden en última instancia o que vai á misa e o que queda no adro. Isto, sen deixar de ser certo, é cando menos unha verdade a medias. Tras esta postura fatalista e resignada, desde a que se anima a acata-los dictados dun pobo que se presenta como arbitrario e caprichoso, percíbese en ocasións o desexo dalgunhas persoas, e especialmente dalgúns colectivos profesionais, de eximirse de toda responsabilidade na desfeita e a resistencia a asumiren calquera tipo de compromiso no proceso de normatización.

Que os falantes son efectivamente os que teñen a capacidade de decidir é algo que ninguén discute. Agora ben, que esa escolla está condicionada directamente por axentes como a escola e, sobre todo, os medios de comunicación tampouco me parece cuestionable. Son moitos os exemplos, tanto positivos como negativos, que se poderían citar como mostra da influencia que exercen estes medios sobre a lingua popular. Entre os primeiros, os positivos, están as contribucións ó proceso de recupe-

ración de voces case perdidas por suplantación polos correspondentes correlatos casteláns, así como á posta en circulación das propostas emanadas das instancias normatizadoras. Exemplos como *concello* ou *xulgado*, *bolsa*, *taxas* ou *folla de pedimento*, *adestrador*, *canastra* ou *afeccionado*, *pobo*, *lixo* ou *investimento*, son só unha mostra da efectividade que se pode acadar se o planificador conta con medios para facer chega-las súas propostas á sociedade.

Non obstante, nin todo é positivo nin todo é posible. Os medios de comunicación son tamén responsables da incorporación á lingua popular de palabras, modismos ou construcións sintácticas incorrectas ou, cando menos, pouco recomendables. Entre elas non me resisto a cita-lo caso de *en olor de multitude*, popularizado a forza de repetilo ata a saciedade, en lugar de *en loor de multitude*. O da confusión entre *loor* e *olor* supoño que será polos efectos sudoríficos que un recibimento demasiado caloroso pode provocar nas multitudes. E por seguir no campo das sensacións olfativas, engadiremos aínda unha expresión máis, en aparencia moi culta e latinizante, pero que encerra todo un disparate lingüístico. ¿Que significa que *o ladrón foi sorprendido in fraganti*? ¿Será que os delitos arrecenden (cheirar pode ser, pero arrecender...)? ¿ou será máis ben que o ladrón foi sorprendido *en flagrante delicto*, ou sexa *in fraganti*? E sen embargo, non creo que haxa ningunha persoa aquí que poida afirmar sen ruborizarse que nunca pronunciou esta expresión. Eu, desde logo, non me atrevería a facelo.

Por outra banda, como apuntabamos hai un momento, tampouco todo é posible: a difusión dunha proposta non garante necesariamente a súa aceptación popular. En palabras de Antón Santamarina, "a experiencia que temos doutras planificacións demóstranos que a aceptación é imprevisible e só unha porcentaxe das propostas cristaliza"³. Eu aínda engadiría máis: o triunfo ou o fracaso dunha proposta ten pouco que ver coa lóxica ou coa coherencia interna. ¿Como explicar, por exemplo, o triunfo do anglicismo *fútbol*, e o conseguente fracaso do calco *balompé*, fronte a *baloncesto* ou *balonmán* (*balonvolea* nunca chegou a triunfar claramente fronte a *vóleibol*; o *béisbol* non fai proba, pois nunca foi deporte popular entre nós)? Aínda máis, ¿como explica-lo actual retroceso de *baloncesto*, unha palabra asentada máis que aceptablemente no idioma, fronte ó anglicismo *básquet*, que comeza a ser xa usual entre os mozos? A resposta hai que buscala probablemente en causas extralingüísticas: a moda ou a popularidade atinxida nos últimos tempos polos partidos (tal vez debería dicir *matches*) da liga profesional americana de baloncesto.

³ Antón Santamarina (1994): "Norma e estándar", in G. Holtus / M. Metzeltin / C. Schmitt: *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. VI, 2. Tübingen: Max Niemeyer, p. 76.

En calquera caso, o que viñemos vendo ata aquí non constitúe, desde o meu punto de vista, a principal ameaza contra o patrimonio lexical do galego. Polo menos, non é unha ameaza que afecte de forma exclusiva, nin sequera especial, ó galego, senón que nestes tempos que corren é común a outros moitos idiomas, e non estou pensando só nos minorizados. A este respecto paréceme máis preocupante a nosa dependencia con respecto a un instrumento intermedio, o castelán, que actúa como filtro. Deste xeito, as influencias exteriores non chegan á nosa lingua de modo directo, senón debidamente peneiradas, de maneira que a precaria autonomía do galego queda aínda máis limitada.

De tódalas formas, aínda recoñecendo os efectos alienadores desta sorte de colonialismo lingüístico e cultural, penso (e é unha opinión particular) que as verdadeiras ameazas para o léxico galego derivan directamente do contexto problemático en que vive, ou mellor sobrevive, a nosa lingua.

Tras un longo período de inestabilidade e certa anarquía, no momento presente atinxiuse un grao aceptable de consolidación dos estándares gráfico e morfolóxico. Pero quedan aínda pendentes polo menos dúas tarefas fundamentais na planificación do corpus: a fixación dun patrón fonético e a normatización do léxico. Con respecto a esta última cuestión o Instituto da Lingua Galega ten preparada desde hai xa algúns anos unha versión aínda provisoria do *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (VOLG), que está fase en de revisión. En todo caso, aínda non sendo definitivo, é o instrumento no que se basean os máis dos dicionarios que viron a luz nos últimos anos, por máis que algúns deles non o declaren.

De tódolos xeitos, a aparición do VOLG e dos dicionarios "provisoriamente" normativos non é nin con moito a solución ós múltiples problemas que ten que enfronta-lo galego. Entre eles debemos citar en primeiro lugar os efectos directos da situación de conflito lingüístico, que, de forma sintética, poden concretarse nos seguintes:

1. Os fenómenos derivados da interferencia lingüística do español sobre o galego.
2. A inexistencia aínda dunha terminoloxía suficientemente difundida e consolidada.
3. A inexistencia de fronteiras minimamente nítidas entre as distintas variedades diafásicas.

Por outra banda, a incipiente planificación do corpus lexical leva-da a cabo nos últimos anos e a posta en circulación do VOLG en ámbitos restrinxidos trouxo tamén consigo algúns efectos negativos, sen dúbida non desexados polos propios planificadores, pero negativos ó fin e ó cabo, e que na maior parte dos casos son consecuencia dunha interpreta-

ción que non sei moi ben como denominar, se rigorista, ultraortodoxa, fundamentalista, en suma, pouco flexible das propostas deste texto.

Pero vaíamos por partes e comecemos polas influencias, directas e indirectas, que o castelán exerce sobre o galego. O castelanismo preséntase baixo mil aparencias distintas. Non se trata só do castelanismo lexical que pasa a substituír ou a situar nunha posición moi marxinal a solución galega correspondente (casos ben coñecidos, coma os de *Dios*, *abuelo*, *pueblo*, etc., ou mesmo coma os que se presentan baixo aparencia galega: *aceira*, *alexar*, *baraxa*, etc.). En boa parte dos casos a voz galega non chega a desaparecer, senón que convive a carón da forma suplantadora. A fórmula máis común de convivencia preséntase baixo a forma dunha especialización semántica dos dous elementos do par. Non paga a pena insistirmos moito nesta cuestión, posto que se trata dun tipo de castelanismo ben descrito. Estoume referindo a pares como os coñecidos *billa-grifo*, *costela-costilla*, *vasoira-escoba*, *moa-muela*, *peixe sapo* ou *rabada-rape*, *lura-calamar*, etc.⁴

Aínda así, exemplos coma os citados son se cadra os máis fáciles de detectar e, se se me apura, os máis doados de contrarrestar. Así, é probablemente neste terreo onde os obxectivos da planificación se presentan como máis accesibles. Neste sentido pódense ve-los exemplos que citamos pouco máis arriba, que demostran que nalgúns destes casos o proceso de substitución está, se non invertido, cando menos si algo freado.

De tódolos xeitos, non se poden deixar de ver con preocupación certas actitudes permisivas aparecidas nos últimos anos con respecto a este tipo de castelanismo. A tolerancia neste terreo xustifícase pola apelación á suposta necesidade que o galego ten de acudir ó préstamo para enche-las súas lagoas. Agora ben, sen discuti-la lexitimidade do recurso ó préstamo como medio para cubrir algúns ocos, unha contemporización excesiva co castelanismo, lexical ou de calquera outro tipo, poría en serio perigo a xa de por si ameada independencia do galego.

Máis complexos de detectar, e por conseguinte, de combater, son os castelanismos que se presentan encubertos baixo aparencia galega. Nestes casos hai que afinar máis, pois non se trata xa de palabras non galegas mellor ou peor disfrazadas, senón de palabras galegas que asumen acepcións que en galego nunca tiveron realmente, ou ben de sintagmas construídos con palabras galegas que en realidade calcan construcións

⁴ Véxase, por exemplo, Xosé Graña Núñez (1991): "Aproximación ó castelanismo", in M. Brea / F. Fernández Rei: *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. II. Santiago: Universidade, pp. 69-81.

alleas, e que, en palabras de Antón Santamarina, “non deixan de ser ‘materia propia con espírito alleo’”⁵. Vexamos algúns exemplos.

Para o primeiro grupo (palabras realmente existentes en galego pero que asumen impropriamente acepcións non galegas) os exemplos que podemos citar son moi numerosos. Entre os máis significativos estarían casos coma os de *pobo*, que en galego nunca tivo, ó que parece, o significado de ‘entidade de poboación, localidade’ con que hoxe a miúdo é empregado (temo que sexa unha batalla perdida intentar restrinxilo seu emprego ás acepcións tradicionais); *ostentar*, que significa propiamente ‘exhibir ou facer gala de algo de forma xactanciosa’, e que é agora usado abusivamente no canto de *ter*, *posuír* ou *desempeñar* (**ostentar un cargo*, *unha medalla*); ou o de *adoecer* ‘caer enfermo’, ‘contrae-la rabia’, ‘desexar algo con vehemencia’, mal empregado en galego co sentido de ‘pecar de’ (**a súa obra adoece de falta de fondura*); ou o de *reivindicar* ‘reclamar algo que constitúe ou que se considera un dereito’ (*reivindica-lo bo nome dunha persoa*) e non ‘asumi-la autoría de algo’ (**reivindicar un atentado*).

O segundo grupo, o dos calcos, é aínda máis complexo, pois dentro del podemos establecer unha gradación que vai desde o que copia innecesariamente unha expresión que semella ser exclusiva do español ata o que se presenta como necesario, ben porque o galego carece dunha expresión propia e digamos “tradicional” para designar ese concepto, ben porque, existindo algún equivalente galego, se trata dunha expresión común ós idiomas veciños, ben por ámbalas razóns. En calquera caso, e dado que o calco se dá con moita frecuencia no terreo da fraseoloxía, a falta de traballos de campo nesta materia (e estoume a referir ó galego) fai que non sempre resulte fácil distingui-lo autóctono do importado. Vexamos algúns exemplos.

Expresións como *fin de semana* ou *cume / cumio ministerial* parecen calcos dificilmente recusables, sempre e cando, claro está, non preferamos incorporar directamente os correspondentes xenismos, *weekend* e *summit conference*, ou que non decidamos suplilas por outras vías (habilitación dunha palabra xa existente, invención, etc.). Outros casos resultan xa máis espiñentos: *a paso de tartaruga*, unha expresión na que coinciden varios idiomas (esp. *a paso de tortuga*, fr. *à pas de tortue*, it. *a passi di tartaruga*), e para a que o galego conta cun tradicional, e rural, *a paso de boi*. Na miña opinión, non resultaría moi asinado desbotar alegremente *a paso de tartaruga* simplemente porque teñamos unha expresión máis “enxebre”. Sen embargo, tampouco me parecería mal, aínda que só fose por facerlle un pouco de xustiza ó noso animal totémico por

⁵ Antón Santamarina (1985): “A documentación dialectal no establecemento dunha lingua administrativa”, *Revista de Administración Galega* 1, p. 114.

excelencia, que se tivese en conta estoutra posibilidade que nos ofrece a lingua para expresar lentitude, torpeza, pero tamén constancia, no camiñar ou no obrar. Noutros casos eu persoalmente teño as miñas dúbidas: penso, por exemplo, en *alonxar*, feito sobre *lonxe* á maneira do español *alejar*, que hoxe se tende a evitar en favor de *afastar*, un vocábulo que eu non coñezo como forma viva máis que co significado de *recuar*. Quedan, por último, outros calcos, copiados do español e ademais non necesarios, que resultarían perfectamente prescindibles: *saír de Guatemala e meterse en Guatepeor*, un xogo de palabras non moi enxeñoso e menos afortunado, que conta con equivalentes galegos: *saír dun souto e meterse noutro*, por exemplo.

En calquera caso, insisto, mentres non dispoñamos de traballos descritivos verémonos na obriga de *curarnos en saúde* e de evita-los xuízos categóricos.

Diciamos hai un anaco que a pegada do español sobre o galego non se esgota simplemente na introducción de castelanismos máis ou menos evidentes. Pola contra, existen outras vías, moito menos rechamantes, moito máis discretas, a través das cales a lingua desfavorecida, o galego, acusa a poderosa influencia da lingua do Estado. Nos minutos que seguen ímonos referir a un dos terreos en que a coexistencia desequilibrada dos dous idiomas máis a miúdo conduce a unha redución empobrecedora do máis feble. Refirome ós casos, máis numerosos do que parece, en que en galego conviven dous ou máis sinónimos, un deles diferencial e o outro coincidente co castelán.

Con respecto a esta cuestión véñse repetindo desde hai bastante tempo que nestes casos a solución diferencial cede terreo en beneficio da coincidente e, polo tanto, menos marcada como galega. Como descrición dunha tendencia histórica, esta análise segue mantendo a súa validez. Como descrición da situación e das tendencias actuais, en cambio, debe ser matizada se non queremos caer nun simplismo pouco desexable. Non é posible ignorar algúns feitos de grande transcendencia que tiveron lugar nos últimos vinte anos: a incorporación do galego á escola, a recuperación de ámbitos de uso perdidos ou nunca coñecidos, a posta en funcionamento da Televisión de Galicia e da Radio Autonómica Galega, etc. Pensemos que desde que o galego entrou na escola o número de usuarios "cultivados", curtidos no galego escrito, experimentou un incremento espectacular. Deste xeito, a poboación que hoxe non pasa dos vintecinco anos coñece o galego non só a través do seu contorno familiar, senón tamén, e en ocasións sobre todo, ou mesmo unicamente, a través da escola. Este é un fenómeno absolutamente descoñecido na historia do galego e sería desatino ignoralo. Seguir establecendo como regra xeral e sen máis restriccións que as solucións diferenciais resultan invariabilmente pre-

xudicadas cando compiten cun sinónimo coincidente co castelán é, sempre desde o meu punto de vista, un claro erro de análise. Isto sería o mesmo que nega-la influencia da escola e do galego escrito sobre as novas xeracións, e isto é algo que dubido que alguén se atreva a soste.

A meu entender, nas situacións a que nos estamos a referir coexisten dúas tendencias contrapostas: unha, que podemos denominar "asimilista", que consiste en prima-la solución coincidente co castelán, e que se manifesta especialmente nos ámbitos e nos individuos con menos contacto coa cultura formal e nos rexistros coloquial e familiar, e outra tendencia, que poderíamos chamar "diferencialista" ou, se se quere, "diferencialista moderada" (para distinguila do diferencialismo pseudoenxebrista), e que se rexistra nos falantes máis conscientes ou "cultivados" e nos rexistros máis formais (de xeito especial na escrita).

É posible que popularmente *beizo*, *bágoa*, *lembrar*, *atopar*, *acadar*, etc. perdesen terreo fronte a *labio*, *lágrima*, *acordar-recordar*, *encontrar*, *alcanzar-conseguir*, etc. Sen embargo, paréceme incuestionable que nos últimos tempos e de forma especial na lingua culta as formas incluídas nesta segunda serie perderon terreo fronte ás da primeira ata, nalgúns casos extremos, chegar mesmo a desaparecer de certos rexistros. Un destes casos extremos sería o de *cerrar* ou a súa variante *zarrar*, que xa hai tempo que recúan pola presión dos diferenciais *pechar* e en menor medida *fechar*. En parecidas circunstancias se encontran o propio verbo *encontrar* fronte a *atopar* e *alcanzar-conseguir* fronte a *acadar*⁶.

Naturalmente esta tendencia diferencialista moderada non funciona en tódolos casos. Así, temos vocábulos plenamente vixentes no galego popular que non dan entrada en situacións contextuais máis formais. Por exemplo, mentres que na saída dunha oficina ou de calquera dependencia pública o normal será *atopar* "POR FAVOR, MANTEÑAN A PORTA PECHADA", na entrada será estraño ver un "PETEN ANTES DE ENTRAR", e isto a pesar de que *petar* segue sendo moi común. No mesmo caso estarían outros moitos pares: *abarcara-branguer*, *abarrotado-ateigado*, *achacar-apoñer*, etc.

⁶ Nun traballo baseado en transcripcións de sesións do Parlamento Galego e en gravacións da TVG e da RAG, Johannes Kabatek observa este fenómeno, que describe do seguinte xeito: "Agora ben, hai que sinalar que tamén hai tendencias contrarias, que, de certo modo, tamén son interferencias. Trátase das ultracorreccións, do uso da forma 'máis galega' e das chamadas 'palabras enxebres'. Aparece a tendencia a escolle-la forma máis distante do castelán, mesmo cando esta é dialectal, así *dende* e non *desde*, *eiquí* e non *aquí*, *de xeito que* e non *de maneira que*, *atopar* e non *encontrar*, *intre* e non *momento* [...]. En xeral, o número das chamadas 'palabras enxebres', é dicir, verbas consideradas tipicamente galegas que non existen no castelán, é moi limitado, pero algunhas que unha vez penetraron no uso repítense con moita frecuencia" ("Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar", *Cadernos de Lingua* 4, 1991, p. 43).

Estas tendencias contradictorias obedecen a causas, ou mellor a obxectivos, naturalmente ben distintos. Ignorancia e descoñecemento á parte, cando se beneficia o coincidente estase buscando un galego o menos marcado posible, ben por prexuízos extralingüísticos (evita-lo que se considera demasiado “rudo” ou “rústico”), ben por non pasar por pedante ou sabido. Neste último caso penso fundamentalmente en intercambios lingüísticos entre falantes “conscientes” e falantes “espontáneos”. En contextos coma estes, o desexo de establecer unha identificación afectiva cun interlocutor non iniciado nos segredos do galego culto desaconsella o emprego dun léxico que poida entenderse como demasiado literario. Por esta mesma razón, en situacións como a proposta é usual o recurso deliberado a certos castelanismos moi difundidos, e é que en moitos casos o desexo de corrección cede diante das necesidades da comunicación. Un falante “consciente” que teña o galego como primeira lingua non terá normalmente dificultades para lidar con estas situacións. Para un neofalante a cousa complica algo máis. Tanto é así que é precisamente a incompetencia no manexo destas sutís distincións un dos trazos que mellor axuda a identificar un individuo como neofalante.

Pola contra, baixo a potenciación exclusivista do diferencial latexa o prexuízo de que a independencia dunha lingua está en relación directa coa distancia que a separa dos idiomas veciños, ou, dito doutro xeito, o prexuízo de que o galego, canto máis diferente sexa do castelán, máis e mellor galego será. Con frecuencia acódesse tamén ó diferencialismo para pór de relevo diante do interlocutor a propia competencia ou o dominio dun galego refinado e culto. Así se explican algunhas conductas, como a do estudante que no exame de selectividade escribe un *conquerir* que lle permite por unha parte fuxir do “sospeitoso” *conseguir* e por outra demostrar unha habelencia no manexo do galego literario, ou a dun falante espontáneo pero con certa formación en galego que, nunha conversa informal, se autocorrixie diante dun interlocutor que considera máis competente.

¿Que valoración merecen cada unha das dúas tendencias apuntadas? Espero que todos vostedes estarán de acordo comigo en que as dúas son igualmente perigosas na medida en que tanto unha coma a outra conducen en última instancia a unha redución empobrecedora do noso patrimonio lexical, ó tempo que sitúan o galego na órbita de influencia do español. Se as tendencias “asimilistas”, agudizadas, poden conducir a unha satelización que non creo que ninguén desexe, o diferencialismo constitúe outra forma de dependencia, distinta se se quere, pero dependencia á fin e, ademais, pode conducirnos a unha escalada que leve a crear un divorcio entre un galego culto, patrimonio exclusivo dunha elite de iniciados, e o galego popular que manexa o común dos falantes. E,

como alguén recordou aquí, non convén esquecer que a lingua, antes ca nada, é un instrumento de comunicación e tamén un elemento de identificación dunha comunidade.

Entre os problemas para o léxico derivados da minorización da lingua galega destacabamos máis arriba a inexistencia aínda dun corpus terminolóxico minimamente completo e estabilizado. Partindo do feito, que tamén subliñabamos antes, de que unha lingua ten exactamente as palabras que necesita, non resultará difícil comprende-las causas deste desfase. En moi pouco tempo, en a penas uns anos, o galego pasou de ser unha lingua de campesiños e mariñeiros, e tamén dunha elite culta moi reducida, de ser unha lingua empregada só en rexistros coloquiais e literarios, a ser unha lingua en proceso de normalización, unha lingua de uso en ámbitos que durante séculos lle estiveran vedados e que eran de dominio exclusivo do español (a administración pública, a xustiza, a escola, a universidade, os medios de comunicación, o mundo da ciencia, etc.). Esta transición non se produciu de forma gradual e planificada. Máis ben ó contrario, tratouse dun proceso brusco: o galego encontrouse de golpe coa necesidade de crear ou de adaptar un léxico técnico que puidese satisfacer as novas necesidades que se ían creando.

A encher este baleiro dirixíronse nos últimos anos boa parte dos esforzos dos gabinetes de tradución e normalización lingüística que veñen funcionando nalgúns institucións (a Universidade de Santiago, a Consellería da Presidencia, o propio Instituto da Lingua Galega, que mantivo durante uns anos unha Sección de Linguaxe Administrativa, o Parlamento de Galicia, os medios de comunicación públicos que están baixo o control da Administración galega, algúns concellos, e un curto etcétera). Mercé ó traballo destes gabinetes e tamén de persoas individuais, nos últimos tempos viron a luz diversos vocabularios terminolóxicos e un número nada desprezable de traballos máis específicos, con propostas para resolver distintos problemas concretos.

Así e todo, as carencias e as dificultades neste terreo son aínda moitas e de moi variada natureza. Enumeradas moi sucintamente poderíanse concretar nas seguintes.

1. A falta dun único organismo que “planifique de modo sistemático as propostas terminolóxicas”⁷ e que, ó mesmo tempo, actúe como coordinador do traballo que se está a desenvolver nas instancias antes citadas. Será ocioso insistir nos beneficios que podería reportar unha ac-

⁷ Fernando Tato Plaza / Ana I. Boullón Agrelo (1990): “Tres propostas terminolóxicas para o léxico xurídico-administrativo a partir de fontes medievais”, *Cadernos de Lingua* 1, p. 11.

tuación planificada e debidamente coordinada de todos estes grupos de traballo.

2. As urxencias con que estes traballos tiveron e aínda hoxe teñen que levarse a cabo. En ocasións os problemas deben resolverse dun día para outro, e isto explica as vacilacións, as contradicións e mesmo a marcha atrás nalgúns decisións adoptadas un tanto apresuradamente. Estes trasacordos non terían demasiada importancia se non fose pola inseguridade e a falta de confianza que xeran nos sectores profesionais que son os destinatarios do traballo, e que en non poucas ocasións miran con reticencia ou con pouco entusiasmo este labor de creación dunha terminoloxía propia.

3. A seguridade que ofrece o español, que se presenta como unha lingua xa feita, á hora de redactar un texto técnico, fronte ó risco e a aventura que supón facelo en galego. Deste xeito, o traballo dos técnicos dos servizos de normalización non é en moitos casos de corrección, depuración ou asesoramento, senón simplemente de tradución.

4. A pervivencia de prexuízos extralingüísticos en certos sectores profesionais, que explican algunhas resistencias absurdas, algunhas trabas infundadas á hora de asumir as propostas dos técnicos.

5. A falta de compromiso e de colaboración dalgúns sectores, que dificulta que as propostas dos planificadores se difundan e consoliden. De pouco serve, por exemplo, o esforzo dos planificadores se falla o elo de conexión cos destinatarios do seu traballo. De pouco serve elaborar un léxico da física, do dereito ou da banca se logo eses instrumentos pasan a ocupar un lugar nos andeis dun almacén e nunca máis se abren.

Unha terceira consecuencia directa do contexto sociolingüístico en que se desenvolve o galego é a falta de fronteiras claras entre os distintos rexistros con que inescusablemente debe contar unha lingua que aspire a converterse en instrumento *normal* de comunicación dunha sociedade. É evidente que unha lingua asociada ás clases sociais menos prestixiadas e ós rexistros menos "nobres", unha lingua sobre a que aínda hoxe pesa o estigma da vulgaridade e da ruralidade, ten que enfrontarse necesariamente con problemas cando ten que cubrir unha gama de rexistros ampla e variada.

Descendendo ó terreo do concreto, citarei só dúas cuestións que me parecen importantes. En primeiro lugar, a acomodación lingua / personaxe, que ata hai moi pouco tempo afectaba só á creación literaria ou á tradución, e que agora adquire unha nova dimensión desde o momento en que o galego accede a medios masivos como a televisión. Esta necesidade de garda-lo decoro poético foi fonte de non poucos problemas xa

para os escritores galegos do século pasado. Eles saíron do paso acudindo fundamentalmente a dúas vías:

1. Ambientando as súas obras no mundo rural ou en épocas recuadas e evitando introducir nelas personaxes que no "mundo real" non se expresarían en galego.

2. Guiados por un concepto erróneo de verismo, asumindo a diglosia como norma, isto é, escribindo en castelán os parlamentos dos personaxes nobres ou burgueses e reservando o galego para os personaxes populares. Tal é o que ocorre nalgúns dos diálogos do prerrexurdimento, onde curas e avogados se expresan normalmente en castelán, mentres que os labregos utilizan comunmente o galego, ou na *Maxina* de Valladares, onde sucede algo semellante.

Parece claro que ningún destes dous procedementos resultaría hoxe aceptable. Ademais, nos nosos días, á parte da burguesía urbana, tamén a aristocracia do petróleo texana, os indios e os vaqueiros, os romanos e os bárbaros, mesmo os tripulantes de naves espaciais ou os axentes do servizo de intelixencia británico con licencia para matar, aparecen na literatura ou na pantalla expresándose con máis ou menos soltura na nosa lingua. Sen embargo, esta universalización do uso do galego está poñendo de relevo o problema a que antes aludíamos: unha ausencia de matices no modelo de lingua que empregan personaxes pertencentes a distintos estratos, ou que se encontran en situacións contextuais distintas. Son consciente de que a tarefa non se presenta fácil, sobre todo porque na fase en que nos encontramos non sempre resulta doado establecer cun mínimo de precisión as extremas dun determinado rexistro.

A segunda cuestión sobre a que quixera chama-la atención é o emprego en rexistros formais de palabras e expresións que claramente pertencen (polo menos iso penso eu) á esfera do coloquial ou mesmo do vulgar. Cando nun manual de aprendizaxe de galego as partes pudendas do corpo humano se designan con termos coloquiais, e só con termos coloquiais, estase suxerindo implicitamente que o galego carece de designacións máis "técnicas" para eses conceptos. Que rexeitémo-lo prexuízo de que o galego é rudo ou pouco fino non debe impedirnos recoñecer que en galego, coma en calquera outro idioma, tamén hai palabras que, usadas impropriamente fóra do seu rexistro, poden resultar chocantes ou disonantes. Porei un exemplo máis. Non me parece apropiado, por exemplo, que nun telexornal se diga que a Federación Internacional de Atletismo suspendeu unha atleta alemana porque lle detectaron restos de anabolizantes nunhas análises rutineiras de *mexo*.

Diciamos ó comezo que o proceso de planificación do corpus no terreo do léxico e a aparición da versión provisoria do *VOLG* produciu

algúns efectos negativos por causa dunha interpretación pouco flexible das propostas. Estas consecuencias, que de ningún xeito se deben atribuír ós responsables directos deste traballo, constitúen tamén unha ameaza para a riqueza lexical do galego.

Estes efectos negativos xorden xeralmente por unha confusión non desexable entre o "correcto" e o "normativo". Esta confusión leva a pensar que aquilo que non figura ou que non se recomenda no *VOLG* non é galego correcto e que, polo tanto, debe ser evitado.

Esta concepción conduce, por unha parte, á marxinación do dialectal, do minoritario, do non seleccionado, que non por iso deixa de ser lexítimo, e, por outra, ó abandono de certos vocábulos de grande tradición literaria, tanta que nalgúns casos mesmo conseguiron trapasa-la fronteira do literario e converterse en populares, en beneficio doutros que probablemente resultan máis correctos desde un punto de vista etimolóxico, pero que poderían coexistir sen problemas cos anteriores.

Vexamos algúns exemplos ilustrativos. Para designa-la árbore que produce as mazás o *VOLG* recomenda a solución común *maceira* con preferencia a outras variantes minoritarias como *mazanceira*, *maciñeira*, *macira* ou *mazaira*. ¿Debe interpretarse isto como unha proscripción destas formas minoritarias? Decididamente non. E máis tendo en conta que noutras ocasións o *VOLG* non ten problemas para admitir variantes, como sucede nos casos de *fento*, *fieito*, *felgo* e *folgueira*, ou de *castiñeiro*, *castañeiro* e *castiro*. Que se recomende *donicela* e non *denociña* non quere dicir que esta segunda forma deba ser evitada.

Do mesmo xeito, formas moi difundidas en rexistros literarios, como *adicar*, *anergo*, *anguria*, *pérola* ou *louvar*, non deberían tampouco ser desbotadas irreflexivamente só porque o *VOLG* non as recomende.

En definitiva, trátase de actuar con tento, sen extremismos normativistas que couten as posibilidades de expresión que nos ofrece a lingua. Nos nosos campos aínda hai sitio abondo para *maceiras* e *maciñeiras*, para *castiñeiros* e *castiros*, para *abeleiras* e *abrairas*.

MODELOS DE LINGUA E VARIACIÓN SINTÁCTICA

FRANCISCO A. CIDRÁS ESCÁNEO

Universidade de Santiago / Instituto da Lingua Galega

1. Introducción

1.1. *O galego ou os galegos*

"Hai algo máis dun século principiaba Thomas Wade o camiño que o había levar a se converter nun dos máis destacados sinólogos do seu tempo. Procurou a persoa mellor cualificada que puido atopar e díxolle: 'Por favor, ensineme chinés'. Podemos imaxinalo seu abraio perante a resposta: '¿Que chinés é o que quere aprender? Está o chinés dos antigos clásicos, o chinés dos documentos oficiais, o chinés usado na correspondencia, e está por outra banda o chinés falado, dentro do que existen numerosos dialectos. Daquela dígame vostede cal é o chinés que quere aprender'"

Con esta anécdota comezaba Randolph Quirk (1962) un dos seus traballos sobre a variación do inglés no uso, apuntando a seguir que o do chinés é un caso certamente extremo pero que a situación co inglés é análoga, con diferencias cuantitativas, non cualitativas. E con esta anécdota principio tamén, porque outro tanto se pode dicir do galego. Existen outros exemplos de linguas con niveis extremos de variación, que poden chegar mesmo a pór en perigo a intelixibilidade, como o árabe ou o complexo lingüístico indio, co sánscrito e os prácritos, e ata o caso do inglés pode considerarse máis acusado que o do galego. Pero en última instancia o problema é o mesmo, e pode caracterizarse en termos da coñecida relación entre "lingua histórica" e "linguas funcionais" deseñada por Coseriu (1977).

O "galego", sen máis, só existe como unha construción intelectual, como unha arquitectura abstracta: como lingua histórica. O que existe na realidade social concreta son múltiples galegos, distintas linguas funcionais: o galego que se usa nesta ou aquela situación social, comunicativa, xeográfica ou histórica concreta. O "galego", quintaesencia equilibrada de todas esas linguas funcionais, non ten existencia real; o que sempre imos topar (e usar) é un deses múltiples galegos, que calquera fa-

lante identifica, facendo a súa composición de lugar, sen necesidade de coñecementos gramaticais explícitos. E se existe esa capacidade de identificación é porque existen trazos gramaticais caracterizadores de cada lingua funcional que permiten esa discriminación a través dun coñecemento pasivo que o usuario da lingua non racionaliza normalmente, pero que está aí, formando parte da súa competencia lingüística. E porque está aí pódese, mediante raciocinio metalingüístico, botar fóra dese escuro faiado e arrombalo, con boa luz, como acostumamos tentar facer teimosamente os que nos dedicamos a fozar na cousa filolóxica.

Falamos, repárese, de trazos gramaticais *característicos*, non privativos ou exclusivos dunha lingua funcional concreta. Diferenciamos distintos modelos de lingua porque nas marxes do que os teóricos variacionistas denominan o *common core* (os elementos comúns a tódalas variedades, por tanto elementos neutros, non connotados variacionalmente), os usuarios priorizan uns recursos e relegan outros, consonte múltiples variables extralingüísticas, sempre dentro do conxunto de posibilidades que ofrece o sistema. Escollas tendencialmente distintas deseñan modelos distintos baixo o teito dunha arquitectura común e como produto dunha complexa tensión dialéctica e dinámica entre a uniformidade (que leva ó estándar, tan necesario como empobrecedor) e a diversidade (que responde ás múltiples variables inherentes tanto ó individuo como ó uso social da lingua).

1.2. O papel da variación sintáctica

O *obxectivo* da presente achega é amosar de xeito ilustrado como entre eses trazos (priorizados ou relegados) caracterizadores dos distintos modelos lingüísticos xogan un papel de primeira magnitude os trazos ou recursos de carácter sintáctico, con frecuencia infravalorados cando non esquecidos nas caracterizacións que se fan, en beneficio doutros que se consideran trazos máis floridos ou manifestos, nomeadamente os léxicos. Repárese sen embargo, a xeito de ilustración introductoria, no seguinte texto:

- (1) Por medio da presente e en virtude do acordado polo Ilmo. Sr. D. Paulino Vega Castro, maxistrado-xuíz de primeira instancia do Xulgado núm. tres de Santiago, en providencia desta data, dictada nos autos de xuício declarativo de maior contía que se seguen no dito Xulgado co núm. 181/4, sobre nulidade de testamento e escritura de doación e outros extremos, promovidos por dona Carmen García Suárez, maior de idade, viúva, labradora, veciña de Castriz, Santa Comba (A Coruña) e de don José Luis Cambón García, maior de idade, da mesma veciñanza que a anterior, emprázase ós demandados ausentes en ignorado paradeiro, dona Dulcina, dona Herminia, don Manuel,

don Angel, don Alfredo e don Antonio Cambón Negreira, maiores de idade e con domicilio descoñecido, para que no prazo de cinco días comparezan nos autos presentándose en forma, baixo apercibimento de que de non o efectuar, recaerá sobre eles o prexuício a que haxa lugar en dereito, facéndolles saber que as copias da demandada e demais documentos están ó seu dispor na Secretaría deste Xulgado.

Próbese a facer omisión da terminoloxía máis caracterizante (*maxistrado, xuíz, xuízo, autos, providencia* e pouco máis, léxico por outra banda escasamente privativo), e o texto seguirá sendo nidiamente identificado como un produto xurídico-administrativo. Tal adscrición non se deberá a elementos da compoñente fónica (pola súa propia natureza estes produtos lingüísticos só existen nos papeis), nin da morfolóxica (que non semella particularmente relevante para o caso), nin fundamentalmente, repito, dun léxico que (*providencia* e *autos* á parte) podería aparecer nunha conversa máis ou menos formal, non técnica, falando por exemplo dun preito. O verdadeiramente caracterizador do modelo lingüístico do texto reproducido reside definitivamente na sintaxe: na estrutura sintáctica tan altamente complexizada e concentrada que amosa. Como será tamén ese arrevesamento sintáctico o principal obstáculo que atoparán os demandados (a bo seguro labregos) para chegaren a desentrañar no breve prazo de cinco días o contido do apercibimento e podérense así achegar sen acougo ó xulgado, "presentándose -ademais- en forma".

O método que seguirei será o de revisa-lo uso de diferentes recursos sintácticos que podemos considerar altamente caracterizadores de modelos de lingua distintos, sen pretensión de exhaustividade (si de representatividade) e cunha abordaxe eminentemente práctica. Gustaríame con todo non incorrer na mera relación en listaxe de fenómenos comentados e anotados, polo que ensaiarei un posible agrupamento e farei, a seguir, unhas breves consideracións metodolóxicas previas.

Sen pretender teorizar sobre os modelos de variación lingüística, obxecto dunha rica e diversa bibliografía¹, podemos concordar na existencia de dous tipos de variables extralingüísticas que interveñen na conformación e uso das múltiples variedades dunha lingua (Cfr. Aarts 1984: 64):

a) *Variables inherentes ó emisor*: é evidente que factores como a educación, o nivel social, a idade ou a orixe xeográfica do individuo xo-

¹ Para unha visión sinóptica dos diferentes modelos de variación lingüística vid. Iglesias Rábade (1992). As premisas teóricas subxacentes ó presente traballo achéganse ó modelo variacional neo-firthiano, na liña de Halliday e outros autores, se ben non pretendo unha adscrición nin un baseamento teóricos fortes nun achegamento que quere ser eminentemente práctico.

gan un papel fundamental na variación lingüística e tamén na sintáctica. Trátase de factores dunha notable constancia (para un individuo dado) e non dan lugar de seu a variabilidade situacional. Non me vou centrar nuclearmente nelas aínda que (se non todos) moitos dos tazos que veremos son obviamente analizables en función destas variables: a complexidade dos períodos, o recurso á subordinación ou á acumulación de adxectivos, o uso destes ou aqueles mecanismos cohesivos ou da voz pasiva están obviamente relacionados con condicións individuais do emisor como as sinaladas (lémbrese a distinción entre código restrinxido e elaborado) e son claros factores de variación sintáctica.

b) *Variables inherentes a outros elementos do proceso comunicativo*: estes factores dependen fundamentalmente do interlocutor (o receptor), do tema do discurso (a mensaxe) e, moi importante para o caso, do propio medio de transmisión dese discurso (a canle). Trátase de factores enormemente mudables, variables en cada situación comunicativa, polo que dan lugar a unha grande riqueza potencial de cambios ou modulacións de código para adecualo texto ó contexto, para axeitarse ó uso apropiado (ou demandado) da lingua. Nesta dimensión localizarei fundamentalmente a análise dos trazos sintácticos que visitaremos.

A efectos de estruturación destes recursos sintácticos, considerarei dos niveis de condicionamento dos recursos polas variables consideradas, pois a escolla dos recursos dun e outro grupo responde, segundo tentarei demostrar, a unha funcionalidade radicalmente distinta.

a) Recursos altamente condicionados polo proceso comunicativo: o seu uso está constringido pola necesidade de proporcionar unhas condicións que garantan a correcta interacción comunicativa nas condicións dadas para o proceso. Ocuparémonos deles a seguir, na secc. 2.

b) Recursos escasamente condicionados polo proceso comunicativo: de uso teoricamente (só teoricamente) máis libre, responden a unha función de caracterización máis puramente estilística, nunha dimensión máis emblemática (de autoidentificación do código) que operativa. Ocuparémonos deles na secc. 3.

2. Recursos altamente condicionados polo proceso comunicativo

Nesta sección analizaremos algúns recursos sintácticos, notablemente caracterizadores de modelos de lingua, o uso dos cales responde á necesidade de garanti-las condicións óptimas para que se consume o fin último de todo feito de lingua: a comunicación entre os interlocutores. Trátase de evitar por tanto: a) as interferencias que sempre axexan a canle a través da cal esa comunicación se ten que vehicular, e b) a desmotivación

ción do receptor cara á mensaxe que se lle quere transmitir, para que non desista do proceso.

2.1. Lonxitude e complexidade sintáctica dos períodos

Estudios de lingüística aplicada realizados atendendo á estrutura da lingua portuguesa (que podemos adoptar como modelo próximo) demostran que a capacidade de memorización e fidelidade comunicativa dunha persoa de tipo medio, en condicións normais de atención, está limitada a un máximo dunhas 40 palabras; menos aínda se operamos con temas de carácter abstracto e vocabulario rebuscado (Cfr. Público s.d.: 56). Achegarse ou superar ese límite implica, por tanto, poñer en perigo a eficacia da acción comunicativa ó comportar moi probablemente a necesidade dunha segunda lectura (nun medio escrito) ou dunha demanda de repetición (nun medio oral) ou, se cadra, a pura deserción do receptor, que de non estar moi motivado se desentendería do proceso comunicativo.

En consecuencia podemos establecer, con carácter xeral, unha relación de proporcionalidade inversa entre a complexidade sintáctica dun texto e a súa eficiencia comunicativa. Con todo, a contundencia desa relación debe vincularse con dúas variables xa mencionadas: as condicións do medio ou canle comunicativa e a predisposición do receptor cara á mensaxe. Conxugando estas variables con aquel principio podemos acadar unha descrición satisfactoria do uso de diferentes procedementos sintácticos que implican complexización de estruturas a través de diversas modalidades de lingua, como tentarei ilustrar.

A *lingua oral*, por exemplo, require en termos xerais un grao baixo de complexización sintáctica en función das limitacións de recuperación da información inherentes á fugacidade da canle, un medio físico do que se di aquilo de que as palabras vanse co vento. Pero esa caracterización xeral cómpre matizala ó metermos en xogo a disposición do receptor cara á mensaxe e a propia dificultade intrínseca desa mensaxe: estas variables permiten altera-las marxes de seguridade da complexidade sintáctica, de xeito que en certas producións orais como disertacións académicas ou conferencias o limiar de atención do público permite a priori un discurso elaborado con períodos longos e sintacticamente complexos (isto é, o que se di "falar como un libro aberto") sen que se resinta en exceso a integridade comunicativa.

Complementariamente, tampouco a canle escrita garante de por si a viabilidade dos períodos complexos, como amosa claramente o caso da *linguaxe xornalística*: tódolos libros de estilo reclaman do redactor unha linguaxe simple, clara e concisa, cun baixo grao de complexidade sintác-

tica, na procura dun máximo de eficacia comunicativa cun mínimo de esforzo por parte dun lector ó que se lle supón un limiar de atención potencialmente moi baixo, polo que tenderá a desertar á menor dificultade. Con todo, neste xogo dialéctico de variables é preciso tino para acadar un equilibrio sempre inestable, pois os períodos sintácticos demasiado curtos provocan no lector monotonía e, por tanto, desmobilizan igualmente.

Radicalmente distinto é o caso da *linguaxe xurídica e administrativa*, da que viamos un exemplo en (1) *supra*. Tanto como distinta é a motivación que nos leva a ler *O Correo* ou *El País* unhas veces e o *D.O.G.* ou o *B.O.E.* algunha que outra, sempre cun interese instrumental que garante a disposición do lector e aumenta enormemente o seu limiar de atención, o que permite que acabe prevalecendo sobre a eficacia comunicativa e a fluidez o recurso ó arrevesamento e a concentración sintáctica, en aras dunha mal entendida precisión exhaustiva (que deixa ó lector exhausto), pero en realidade producto máis ben dun gusto polo formulismo arcaizante e a fidelidade ó código gremial.

A *linguaxe literaria* ten en común coa xurídica a predisposición garantida do lector: unha complicidade que libera a sintaxe da servidume da eficiencia comunicativa. No texto prima a función poética e por tanto a maior ou menor complexidade sintáctica dos períodos devén un mero trazo estilístico que o lector vai apreciar de partida, tanto en autores que fan gala dunha enorme complexidade barroquizante, de lectura demorada, como nos que amosan uns períodos tan secantemente curtos como os de Otero en *Arredor de si*.

Repárese que cando falo de complexidade sintáctica estoume a referir a unha ampla serie de recursos sintácticos implicados na complexización de estruturas, tanto no nivel frástico como clausal. Citemos como máis significativos a subordinación recursiva, os incisos en aposición, a acumulación de procedementos determinativos, nomeadamente de adxectivos e outros modificadores, etc. Todos eles contribúen a alargar e arrevesa-los períodos. Considerando a condición dos verbos como núcleos da predicación (só eles poden formar cláusula por si sós) que son complementados por outras clases de palabras e partículas, podemos considerar un marcador fiable de complexidade a ratio «número de palabras/verbo», que vén reflectir conxuntamente o nivel de prevalencia de tódalas construcións sintácticas de complexización referidas. O Cadro 1 amosa os índices de complexidade sintáctica característicos dalgunhas variedades do galego moderno². Fronte ós niveis medios de complexidade sintáctica do que podemos denominar galego culto escrito sitúanse, nos extremos, o galego oral coloquial (gravacións) cun nivel mínimo de

² Datos tirados de Cidrás (1991), correspondentes a un corpus dunhas 225.000 palabras correspondentes a diversas modalidades de galego moderno.

complementación verbal (4.5 p/v), e o galego xurídico-administrativo (textos legais), cun nivel de complexización catro veces superior. As correlacións son estables e altamente significativas, cunha relación de progresión xeométrica (1:2:4). O promedio estatístico do corpus (6.6 p/v) é unha pura entelequia, como entelequia é o "galego" como lingua histórica, e non se corresponde exactamente con ningunha modalidade funcional de lingua.

Lingua oral/coloquial	4.5 p/v
-----------------------	---------

Prosa literaria	7.3 p/v
-----------------	---------

Divulgación científica	8.6 p/v
------------------------	---------

Lingua xurídico/admtva.	17.7 p/v
-------------------------	----------

[Corpus total: 225.000 p. / 33.700 v. = 6.6 p/v]

Cadro 1:

Ratio *nº palabras/verbo* como marcador de complexidade sintáctica

2.2. Cohesión e referencias fóricas

Situados a carón das estruturas gramaticais que codifican os esquemas clausais semánticos en esquemas de funcións sintácticas, a cohesión agrupa unha serie heteroxénea de recursos non estruturais que, aínda sendo estritamente innecesarios para a construción de predicións gramaticalmente correctas, resultan fundamentais para conformar un discurso fluído e comunicativamente eficaz: sen eles (fágase a proba) as construcións lingüísticas tornárianse comunicativamente insoportables e esixirían un nivel de atención extraordinario para a súa codificación e, máis aínda, para a súa descodificación. Agora ben, o uso destes mecanismos, sobre todo os da referencia, está fortemente condicionado pola canle a través da cal se establece a comunicación, co que acaban caracterizando, pola súa priorización ou rexeitamento, determinados modelos de lingua.

A referencia, procedemento de base deíctica, é un mecanismo fundamental da cohesión consistente (digámolo cun xogo de conceptos tradicionais) na habilitación de partículas para substituíren partes, evitando a reiteración léxica destas cun considerable aforro adicional de materia fónica. Estas partículas recuperan información léxica remitindo foricamente ora ó contexto (case sempre ó previo, en anáfora, eventualmente tamén ó que ha vir, en catáfora), ora á situación comunicativa (en exófora).

Na *linguaxe oral* presencial é moi frecuente o recurso á referencia exofórica: os interlocutores comparten fisicamente a situación comunicativa e a ela remiten constantemente para alixeira-la carga léxica do discurso. A canle conforma o texto, por iso se lémo-la transcripción dunha conversa, mudada pois a canle, perdemos moita información e se cadra acabamos por non percibir nada. Reparemos nas seguintes secuencias:

- (2) O neno sentouse *aquí*
- (3) O neno sentouse *nesa* cadeira
- (4) O neno sentouse na cadeira grande do salón

Situados os interlocutores no salón, as secuencias (2) e (3), coas referencias exofóricas subliñadas, serán as producibles, e non desde logo (4), aínda sendo todas igualmente gramaticais. Sen embargo, sen ese contexto físico, aínda sendo unha comunicación oral (pénsese nunha conversa telefónica) a referencia exofórica non cumpre coa súa función cohesiva.

Na *lingua escrita*, por contra, as estratexias fóricas mudan radicalmente. Son moi frecuentes as referencias anafóricas, facilitadas pola propia natureza física (visual) da canle e por contra moi limitadas na lingua oral, sobre todo na conversa informal. Daquela atoparemos textos como (5) *infra*, coas referencias anafóricas subliñadas, pouco probables na lingua oral por unha excesiva referencia ó texto, pesada de máis para tal medio (repárese: *aquí* tendería oralmente a ser interpretado en exófora [=no sitio en que está o emisor] e non en anáfora [=no sitio que se acaba de nomear, en Londres]).

- (5) Moito lle gustaba París, e tamén Londres. *Aquí* pasara uns anos moi bos, pero *alí* atopara a felicidade. Por iso a cidade que máis lle gustaba era *aquela*.

A *linguaxe radiofónica* pode considerarse un caso extremo de constricción mediática sobre o uso da cohesión referencial. Calquera que lea un guión radiofónico atoparáo pesado e repetitivo. Pero non están concibidos para a súa lectura, senón para seren escoitados por un oínte que estará noutro sitio e ademais facendo calquera outra cousa. Por iso os guionistas foxen do uso destes cohesores fóricos case como da peste: non poden facer referencia en exófora a unha situación comunicativa que fisicamente non comparten emisor e receptor, e só moi precariamente poden facela ó discurso previo, en catáfora, pois nin o medio oral nin o baixo limiar de atención do oínte o propician. Por culpa das referencias, un texto como o de (6), normal noutros modelos de lingua, é un exemplo do que non pode ser un texto radiofónico:

- (6) O camiñante, ó solpor, pode segui-la ruta por *aqueles* outeiros ou facer noite no refuxio. *Este* atópase *aquí* preto. *Consecuentemente*, debe es-

coller entre *ambas* posibilidades. *A última*, sen luz, a máis aconsellable. *A primeira*, só para os máis ousados.

3. Recursos escasamente condicionados polo proceso comunicativo

3.1. *Linguas e antilinguas*

No parágrafo que precede referínme a certos mecanismos sintácticos que amosan un uso condicionado polo medio e as condicións dos elementos intervinientes no proceso comunicativo. Certamente as circunstancias mediáticas condicionan e conforman a mensaxe, de xeito que as estratexias de codificación gramatical desta deben axearse ás variacións daquelas, sempre á procura das mellores condicións de intercomunicación. Sen embargo existen estratexias e recursos, característicos de determinadas variedades lingüísticas, que non están substancialmente condicionados por esas circunstancias mediáticas senón que responden fundamentalmente a unha vontade de (hiper)caracterización do código, primando a función da cohesión e identificación gremial (no tecnolecto) sobre a función da intercomunicación libre e despexada.

Halliday (1978) ten empregado o termo *antilingua* para referirse ós modelos lingüísticos nos que prima esa dimensión excluínte, por oposición ó carácter franco das linguas xerais. Trátase dunha antinomia moi interesante, pero relativamente falsa na súa caracterización: tódalas linguas funcionais naturais, das máis extensas ás máis miúdas e específicas, teñen algo de linguas e algo de antilinguas. Varían só as proporcións. A función primordial de toda lingua é a comunicación: é un instrumento que facilita a interrelación entre as persoas. Pero no envés desa mesma función social intercomunicativa podemos defini-la lingua como unha institución social de cohesión entre os membros dunha comunidade, un instrumento de autoidentificación grupal, por tanto coa implícita exclusión dos que non pertencen á tribo. Nese senso toda lingua é unha antilingua, e esas dúas dimensións indisolubles da función social da lingua encerran necesariamente antinomia. O polaco é a lingua que se fala en Polonia para que as persoas se relacionen e comuniquen entre si; pero tamén é a lingua que falan os polacos para seren polacos, para se diferenciaren dos outros, dos que non comparten ese sinal de identidade (aínda que con iso se frustra a intercomprensión, ou -mellor- precisamente por iso). Se só prevalecese a dimensión intercomunicativa e non a identificativa estaríamos falando o idioma universal e nunca tería acontecido a confusión babélica.

O dito do polaco pode dicirse do inglés, do galego e da máis humilde xerga. O inglés é un barallete enorme, e as falas dos canteiros, dos telleiros ou dos paraugueiros son tan tecnolectos como as antilinguas dos

médicos, dos avogados e procuradores ou dos xornalistas, tanto dos que escriben substanciosas crónicas taurinas como dos redactores de deportes ou daqueles "ecos de sociedade" tan clasistamente cursis e en proceso de reconversión. Canto máis pequenas e específicas sexan as variedades lingüísticas, máis peso terá loxicamente o factor de cohesión grupal. Pero, como en toda lingua, do que se trata é de facilita-la intercomunicación... entre os membros do clan. Os que están fóra non contan; se lles interesa deberán esforzarse e aprende-lo código. Os que están dentro -os que contan- séntense máis cómodos nese código máis familiar, máis acolledor e, por tanto, máis comunicativo.

3.2. Construcións activas, pasivas e impersonais

Toda predicación lingüística está construída sobre un predicado e todo predicado comporta uns espazos funcionais que debemos encher necesariamente coas formas léxicas máis axeitadas para a realidade que queremos transmitir. Esta construción sintagmática prelingüística constitúe o esquema semántico da predicación, e debe ser codificada no plano do significante mediante a asignación de funcións sintácticas e informativas, maila actuación das regras de expresión que lle ha dar á predicación un corpo fónico. Para un esquema semántico dado, as diferentes posibilidades de asignación de función sintáctica ós seus argumentos deseñan as modalidades de voz de que nos fornece a lingua en cuestión.

Noutro lugar (Cidrás 1991) caractericei a voz pasiva ("ser + participio") como unha construción cunha dobre funcionalidade informativa: a) como recurso de tematización gramaticalizada do obxecto (na estrutura do tema) e b) como recurso de impersonalización, por remoción informativa do primeiro actante (na estrutura do foco). Consonte isto, o nivel de uso da pasiva debe considerarse en relación coa existencia e niveis de uso doutros mecanismos equifuncionais: doutros mecanismos de tematización e impersonalización. Así as linguas cunha concepción fortemente temática do suxeito amosarán un maior uso da pasiva pois rexeitarán os movementos temáticos non marcados como suxeito, como sucede co inglés ou co portugués (7):

(7) *O libro leram-no todos os alumnos

O galego, como lingua cunha concepción relativamente pouco temática do suxeito e cunha relativa riqueza doutras construcións impersonais de grande uso, debería ser caracterizado como unha lingua pouco filopasiva, que tenderá a preferir en principio as construcións de (9) ás de (8):

- (8) a. O libro foi lido por tódolos alumnos
b. O libro foi lido

- (9) a. O libro lérono tódolos alumnos
b. O libro leuse

Iso é así, de certo, na maioría das linguas funcionais que abrangue o “galego”, pero non en todas nin no mesmo grao. No galego oral, sobre todo o coloquial, a pasiva é case insólita, no galego culto escrito e literario é escasa aínda que non infrecuente e o panorama muda por completo se nos referimos a certos modelos de lingua como a xornalística (non dispomos de datos estatísticos neste momento) ou máis aínda na linguaxe xurídica. Repárese nos datos do Cadro 2, adaptados de Cidrás (1991):

Lingua oral/coloquial	0.05 %
Prosa literaria	0.4 %
Divulgación científica	2.4 %
Lingua xurídico/admtva.	6.9 %
[Frecuencia sobre o corpus total:	0.9 %]

Cadro 2

Frecuencia de uso da pasiva: núm. de ocorrencias/100 verbos

Non podemos falar do uso da pasiva “no galego” porque tal non existe; temos que referirnos a *un* galego en concreto: a lingua dos Estatutos da Universidade de Santiago amosa unha prevalencia da pasiva xustamente 100 veces superior á dunha escolma de gravacións coloquiais (6.9 % :: 0.07 %), mentres os modelos cultos escritos presentan uns índices variables, sempre baixos, *ma non troppo*.

Se atendemos á prevalencia das funcións caracterizadoras da pasiva (tematización e impersonalización) batemos tamén con importantes desviacións segundo os modelos de lingua. O promedio do corpus estudado cifra nun 96.8 % as pasivas con suxeito tematizado e nun 80.0 % as pasivas impersoais (sen complemento axente). Sen embargo, se nos cinguimos á *linguaxe coloquial* atopamos, á parte do escasísimo volume de exemplos achegados, unha prevalencia asombrosamente baixa de tematización (50 % fronte ó case 100 % noutras variedades), que en realidade se xustifica polo feito de seren a metade das ocorrencias expresións fraseolóxicas (*bendita sexa, alabado sexa...*) cunha fixación arbitraria da orde, por tanto non pertinente desde o punto de vista funcional. Noutros modelos de lingua tamén aparecen estas expresións fixas, pero no conxunto a

súa significación estatística é desprezable. Finalmente en certos modelos formais resultan insólitas.

A *linguaxe xurídica*, ademais da (relativamente) altísima prevalencia de construcións pasivas, fai gala dunha notoria desviación en canto á función impersonalizadora: fronte á minoritaria presenza do complemento axente nas construcións pasivas das restantes variedades lingüísticas consideradas (por volta do 15-20 %), seis de cada dez ocorrencias neste tecnolecto levan o axente expreso (concretamente un 57.8 %), co que dificilmente se podería caracteriza-la construción pasiva como un mecanismo de impersonalización na linguaxe xurídica. Esta desviación debe entenderse no marco do peculiar estilo formulista e hipercodificado que caracteriza a linguaxe xurídico-administrativa. Marcando distancias coa lingua máis común, esta variedade amosa unha concepción fortemente temática do suxeito que leva a considerar pouco axeitadas solucións normais fóra do tecnolecto, como *o rector elixirao o claustro*, sistemática e repetitivamente desprazadas pola correspondente pasiva *será elixido polo claustro* por unha fidelidade ó código que ten moito de requintamento formulario (para que non se confunda co *sermo vulgaris*) e moi pouco de proveitoso para a comunicación. Se a isto se engade a necesidade de determinación informativa (nun modelo de lingua no que non son frecuentes as aseveracións xenéricas ou imprecisas que propician as construcións impersoais), comprenderase tanto o alto uso da pasiva como o seu habitual emprego axencial.

Unha construción pasiva pode ser perfectamente producible e gramatical co complemento axente expreso e en posición temática. A súa caracterización informativa (tematización, impersonalización) dá conta das condicións comunicativas que favorecen o uso de tales construcións, consecuentemente da súa maior ou menor aceptabilidade, pero non da súa (a)gramaticalidade, que nunca pode ser determinada informativamente. Exemplos non faltan, especialmente nos textos xurídicos e, cada vez menos, nas follas dos xornais, en usos exquisitos con certo sabor a rancio, como este que lemos no semanario lugués *A Monteira*:

- (10) Pol-a Sociedá organizadora d'a funceón foi ousequiado o (Orfeón) Infantil con unha alegre coroa y-os nenos da seuceón dramática con coroas e caixiñas de dulce. (4-I-1890)

Os manuais de estilo dos xornais acabaron por desterrar estas curiosidades, que nada tiñan de rarezas nas notas de sociedade da prensa de ata hai ben poucos anos (en español, por suposto). Dígase que era cousa tida por ordinaria e de mal gusto redactar doutro xeito a nova dunha petición de man.

O máximo do sensentido sintáctico debe ser, con todo, outro caso que non esté lonxe deste: o uso persoal da construción pronominal im-

persoal. O sistema habilita un mecanismo especificamente para marca-la non presentación lingüística do primeiro actante (o *se* impersoal), pero certas variedades hipercodificadas acaban por empregalo con tal actante expreso, rizando completamente o rizo. Novamente as modalidades xornalística e xurídica se destacan no abandeiramento destes heterotipos case emblemáticos nelas:

- (11) Por distintas persoas que verán ditos partidos (de fútbol), prometéusenos unha longa informaceón cos resultados abrangidos polos vascos. ("Goal" en *Nós*, 12, 25-VIII-1922)
- (12) Polo Sr. Alcalde, con data 23 de outubro de 1991, dictouse o Decreto que a continuación se transcribe literalmente. (Edicto do Concello de Carnota, inserido en *LVG*, 17-XI-1991)

Dada a presenza efectiva de tódolos argumentos participantes e a súa organización secuencial en todos estes exemplos (10-12), resulta lóxica a estrañeza polo uso destas construcións sintácticas tan sumamente marcadas, cando se podería botar man das correspondentes activas non marcadas:

- (10') A Sociedade organizadora da función obsequiou o Orfeón Infantil cunha elegante coroa.
- (11') Distintas persoas que verán ditos partidos de fútbol prometéronnos unha longa información.
- (12') O Sr. Alcalde dictou o Decreto que a continuación se transcribe literalmente.

Pero está claro que o que se procura é precisamente esa sensación de estrañamento no intruso -o lector avisado e afecto verá por contra neses trazos un chisco de complicidade. En definitiva, nestas variedades lingüísticas tales usos sintácticos non son para nada afuncionais, senón que teñen a función de hipercaracteriza-lo código, afastándoo propositalmente dos moldes da lingua xeral, conformando un estilo propio, cun forte "aire de familia".

3.3. *Futuros, cousas do pasado e cousas de sempre*

Na rexeneración dos usos sociais que lle foron privados ó galego xoga un papel fundamental, é evidente, o recurso ó galego medieval, o que obviamente inclúe a posible recuperación de arcaísmos sintácticos, nunha sorte de lexítimo préstamo interno. Novamente a linguaxe administrativa constitúe un eido propicio a tal efecto, pois se algo abonda no tesouro documental medieval son textos administrativos e xurídicos. Por esta vía, determinados recursos sintácticos recuperados no seo de deter-

minados tecnolectos acaban por se converter en marcadores estilísticos deses tecnolectos fronte á linguaxe común.

Un exemplo claro dese proceso constitúe a xa consagrada recuperación do futuro de subxuntivo na linguaxe administrativa (Cfr. Rivas 1994). Non quero entrar a avalia-la estricte necesidade do labor, que en calquera caso goza do aboamento dos entendidos na materia, pero é evidente que se trata de revitalizar un arcaísmo funcional (só existente en usos fixados, no discurso repetido, por tanto afuncional: refráns e cántigas), hipercharacterizando dese xeito o modelo de lingua administrativa. Cabe argumentar aquilo de que, de haber que caracterizalo, polo menos que sexa con motivos autóctonos; e cabe argumentar tamén cuestionando a necesidade de recuperar nun modelo de lingua unha construción que a lingua xustamente esqueceu por non lle ser necesaria, e cuestionando asemade a necesidade de que a lingua da administración deba ser distinta da que comunmente usan os administrados. Desde logo, cando Xoán Rivas vincula a bondade tecnolectal do futuro de subxuntivo coa necesidade de evitar “incurrir no defecto da falta de claridade, contradicindo, xa que logo, a que debe ser principal característica de estilo da linguaxe administrativa” (*ibid.*) está apuntando a un modelo teórico certo, pero que abofé non se corresponde coa “claridade” de que facía gala o edicto reproducido en (1) *supra*, por outra banda non particularmente máis arrevesado que os seus habituais conxéneres.

Outras veces, as propostas dos normalizadores non consisten en recuperar para certos tecnolectos formas esquecidas no acervo común senón, inversamente, en rexeitar certas construcións sintácticas consideradas erróneas e vinculadas (se cadra abusivamente) ós usos propios dun determinado tecnolecto. Velaí un exemplo deste proceder nunha caracterización do galego dos medios de comunicación: “Se cadra froito deste ‘horror dequeísta’ inxectado nos nosos xornalistas son as hipercorreccións documentadas: *estar seguro que, non hai dúbida que...*” (García Montañés 1992: 16). Aínda que a afirmación é logo matizada, o diagnóstico paréceme dobremente inadecuado pois nin tales construcións son hipercorreccións de dequeísmo nin son particularmente características da linguaxe xornalística. Ben ó contrario, son as formas máis comúns na lingua oral e gozan dunha longa tradición histórica e literaria (vid. (13) *infra*). Posúen un sólido fundamento teórico no sistema da lingua (como predicados derivados por incorporación de obxecto) e desde logo nada teñen de solecismo a non se-lo infortunio do seu formal rexeitamento, nos rexistros cultos, por prexuízo gramatical. Con xustiza ou sen ela, seguramente é este un caso perdido, pero non debe ser lance que se atribúa ó descoido, á hipercorrección ou ó abuso propio da linguaxe dos xornalistas.

- (13) a. *Chegou recado ao conde que fosse aas cortes (Cr. 1344)*
 b. *Como se ouvesse medo que lle falesceria (Gral. Est.)*
 c. *Entón ouveron acordo que fosse logo queimada (C.G.)*
 d. *Parade mentes que vos quero desenganar (C.G.)*
 e. *Parou mentes aos mouros e vio que eran moytos (Miragres)*

Son moitos, en fin, os procedementos de índole sintáctica que, amosando uns peculiares usos desviantes no seo de determinados modelos de lingua, poden ser identificados como índices caracterizadores de variación lingüística sincrónica. A título de breves apuntamentos en esbozo, pñense, por exemplo, no ámbito da linguaxe dos medios de comunicación -por centrarnos nun modelo ben acoutado, de proxección social e tamén bastante controlado- e sen custo nin esforzo bateremos con moitos deses presuntos estilemas sintácticos. Poderíamos demorarnos na análise de certos usos peculiares dos clíticos, como a tendencia ó rexeitamento do redobro do clítico de dativo (v. g., *o embaixador entregou unha mensaxe ó presidente*) que se cadra ten algo de argot internacional dos medios (o inglés e moitas outras linguas carecen de redobro de clítico; o tecnolecto xornalístico está fortemente internacionalizado). Seguindo por esa liña cabería reparar en numerosos barbarismos sintácticos de luxo (por innecesarios) que agroman neste modelo de lingua, ás veces cunha caracterización moi delimitada (como ese *gañar de dez puntos* dalgunhas redaccións de deportes), outras cunha dimensión moito máis xenérica, por tanto menos caracterizadora do modelo (como eses *vén de remata-la conferencia de prensa* ou *os problemas a solucionar*, galicismos tan arraigados nesta e nalgúnhas outras variedades de lingua). Poderíamos tamén facernos eco da “utilización inmoderada da opción verbal do futuro sintético” nos servizos informativos posta de relevo por algún técnico lingüístico (Cfr. Novo 1991), en detrimento doutras fórmulas de expresión da futuridade nun modelo no que, pola súa propia natureza, este vector temporal é con moito o máis usado. E así sucesivamente.

Pero non se trata de facer un relatorio exhaustivo do tema nos límites desta breve achega. Unicamente espero ter amosado convincentemente e dun xeito ilustrado dúas cousas: por unha banda, a significación e importancia dos procedementos sintácticos na conformación dos modelos de lingua e, por outra, a pertinencia de identificar unha dobre natureza nas conductas sintácticas caracterizadoras: unha dimensión da variación sintáctica que responde á vontade de adecualo texto ás condicións do proceso comunicativo en que se desenvolve a modalidade en cuestión, e outra que responde a unha función emblemática de hipercodificación da variedade grupal. Ámbolos obxectivos e ámbalas dimensións corespondense, en suma, coa transcendencia e interese da variación sintáctica na variación lingüística xeral.

Referencias bibliográficas

- Aarts, F. G. A. M. (1984): "Linguistic variation in English: Idealization varieties and linguistic items", *English Studies* 65, 59-74.
- Cidrás Escáneo, F. A. (1991): *Construccions pasivas en galego*. Tese en microficha. Santiago: Universidade.
- Coseriu, E. (1977): *Principios de semántica estructural*. Madrid: Gredos.
- García Montañés, A. (1992): "Algunhas cuestións con respecto ó uso do idioma nos medios de comunicación en galego", *Cadernos de lingua* 5, 5-26.
- Halliday, M. A. K. (1978): *Language as social semiotic. The social interpretation of language and meaning*. London: Arnold.
- Iglesias Rábade, L. (1992): "Sinopsis de los modelos variacionales: sus aplicaciones a la lingüística histórica", *Verba* 19, 19-40.
- Novo, R. (1991): "O uso de tempo futuro nos servicios informativos dos medios de comunicación galega", *Cadernos de lingua* 3, 85-89.
- Público, O (s.d.): *O estilo do Público* [Manual de estilo]. Lisboa.
- Quirk, R. (1962): "Looking at English in use", in *The use of English*. London: Longman, 1968², pp. 163-184.
- Rivas Cid, X. (1994): "A recuperación do futuro de subxuntivo na linguaxe administrativa", *Boletín de Administración e Lingua* 1/1, 9-11.

A APRENDIZAXE DUNHA LINGUA EN PROCESO DE NORMALIZACIÓN: A TENSIÓN UNIFORMIDADE/DIVERSIDADE NO CASO DO CATALÁN

EULÀLIA TORRAS OLIVEIRAS
Universidade Autònoma de Barcelona

1. Introdución e marco conceptual

En tanto que profesora de catalán coma lingua estranxeira, a miña percepción da tensión entre uniformidade e diversidade baséase nas dificultades cotiás para delimitalo modelo lingüístico a transmitir ós estudantes. Situar estas dificultades no marco conceptual adecuado permite clarificar a súa importancia e tomar decisións ó respecto con coñecemento de causa. Neste sentido, tres aspectos parecéronme básicos para expoñer o tema que nos ocupa: a mesma idea de diversidade lingüística, o contexto sociopolítico da planificación lingüística e o ensino da lingua, como parte destacada da planificación que debe abordar o tema da diversidade no seu facer cotián.

A diversidade lingüística, pola súa banda, comprende as variedades da lingua (dialectos xeográficos e sociais) e os rexistros que cada falante é capaz de utilizar en situacións distintas. En especial, débenos interesa-lo estándar, que se define como a variedade común a tódolos falantes e o rexistro usado en situacións dunha mínima formalidade. A canle pola que se transmite a produción lingüística (oral ou escrita) afectará tamén ó enfoque da diversidade. Como sabemos, a diversidade é especialmente conflictiva no caso das linguas minorizadas, por canto necesitan dunha uniformidade básica para facer fronte ás presións da lingua (ou linguas) minorizante.

Polo que respecta á planificación lingüística, ten por obxectivo, no caso catalán, chegar a unha situación "normal" para a lingua (normalización), superando a diglosia anterior na que o castelán ocupaba tódalas funcións lingüísticas chamadas altas. A planificación maniféstase en dous sentidos, actuando sobre o corpus da lingua (procesos de codificación, normativización e estandarización) e sobre o seu status (incrementando a extensión do uso da lingua en cuestión). Distinguimos ademais entre o coñecemento da lingua e a súa utilización nas situacións de comunicación; o pri-

meiro é un paso previo imprescindible para chegar ó segundo. Finalmente, sinálanse diversos ámbitos privilexiados de planificación lingüística: as institucións públicas, os medios de comunicación e o ensino, ademais dos ámbitos privados, de máis difícil acceso para o planificador.

No contexto específico do ensino, cabe lembra-la diferenza entre a educación regulada e obrigatoria, e a educación en niveis post-obrigatorios, voluntaria, etc. Dentro da educación regulada, é importante ter en conta os cambios introducidos pola Reforma no ensino da lingua. Os alumnos, pola súa parte, poden manifestar diferentes motivacións (basicamente, instrumental e integradora) para a aprendizaxe da lingua, ou ben carecer de motivación concreta, caso quizais maioritario na educación obrigatoria.

2. A planificación lingüística en Cataluña

A planificación lingüística comeza a actuar a favor do catalán, dunha maneira máis ou menos consciente, a principios do S. XX, cando se instaura a Mancomunitat, organismo que devolve un certo poder político ó Principado. Os intentos anteriores de planificación, se ben interesantes, tiveron pouca repercusión social porque non emanaba de institucións oficiais senón de grupos e asociacións voluntarios e voluntaristas. Esta planificación continuou durante a Segunda República e, despois de Franco, coa nova restauración da Generalitat de Catalunya, a aprobación do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística, xa en 1983.

No que se refire á planificación do corpus lingüístico (chamada normativación ou, cada vez máis, estandarización), esta comezou coa edición dun diccionario ortográfico, en 1911, e continuou cunha gramática básica, poucos anos máis tarde, sendo ámbolos textos obra de Pompeu Fabra, considerado o pai da lingua catalana contemporánea. Ó mesmo tempo, creouse o Institut d'Estudis Catalans, con funcións equivalentes ás dunha academia da lingua na súa Sección Filoloxica. O Institut d'Estudis Catalans, bastante activo ata a Guerra Civil, converteuse en ilegal e quedou paralizado despois dela. Incluso despois da chegada da democracia, continuou funcionando dunha maneira moi lenta por causas pouco coñecidas, quizais por cuestións organizativas, persoais, etc. Existiu, pois, unha falta de resolución nas decisións que se tiñan que tomar respecto á modificación e concreción da normativa, e á evolución do léxico. Nos últimos anos, sen embargo, chegou a un acordo coa Generalitat para o seu financiamento, pasou a ter autoridade oficial en temas lingüísticos e comezou a pronunciarse sobre cuestións concretas.

Cabe sinalar, como anécdota que ilustra os conflitos neste sentido, a decisión do IEC de acepta-los dous termos "barco" e "vaixell" (que

designan actualmente un mesmo significado) despois de diversos anos en que nenos e adultos, guiados por mestres que acataban as "ordes" do dicionario tradicional aprenderan a esquecer-la primeira a favor de "vaixell".

Finalmente, a creación do TERMACAT (organismo para a elaboración e actualización da terminoloxía en lingua catalana), xa en época posfranquista, supuxo o recoñecemento de que o léxico catalán quedara obsoleto, especialmente en relación cos cambios tecnolóxicos producidos durante a época de prohibición franquista, e de que era necesario un traballo urxente de adaptación de estranxeirismos, creación de neoloxismos, etc.

En canto á planificación do status do catalán, é dicir, á extensión do seu uso a tódolos ámbitos e funcións sociais, comezou tamén no ano 1910 e continuou durante a Segunda República. Un exemplo da actividade das autoridades do momento foi a preocupación por crear centros de ensino superior totalmente cataláns, como prestixiosas escolas de biblioteconomía ou algunhas especialidades técnicas. Sen embargo, o grande impulso para a extensión do uso do catalán chegou a partir da reinstauración posfranquista da Generalitat e da creación da Dirección Xeral de Política Lingüística. A actuación deste organismo oficial centrouse nun primeiro momento na promoción do coñecemento do catalán entre os castelanfalantes (non podemos esquecer que constitúen aproximadamente a metade da poboación de Cataluña). Por outra parte, esta Dirección Xeral comezou a efectuar campañas dirixidas ós ámbitos privados, é dicir, á comunicación interpersoal, animando ós catalanfalantes a mante-lo catalán nas súas conversas con descoñecidos e castelanfalantes (promovendo o bilingüismo pasivo), motivando ós castelanfalantes para que comezaran a falar en catalán, etc.

O ámbito dos medios de comunicación comezou a catalanizarse coa aparición de TV3 e cadeas de radio municipais ou dependentes da Generalitat, e os outros ámbitos institucionais seguiron o mesmo camiño, con máis ou menos lentitude.

Na situación actual, pois, cando a normalización lingüística xa leva unha andadura de 10 anos, debemos reconsiderar ata que punto o catalán se pode considerar unha "lingua normal", ata que punto avanzou no seu proceso de normalización. Se do que se trata é de valorar se o catalán conquistou novos ámbitos formais de uso, é certo que o fixo, aínda que tamén é certo que noutros campos, como por exemplo no da administración de xustiza, aínda non penetrou con forza. Neste sentido se considerámo-la diglosia no sentido tradicional, como a división das funcións sociais da linguaxe entre dúas linguas, unha lingua A que ocupa as chamadas funcións altas (ou formais) e unha lingua B que ocupa as funcións baixas (ou informais), pódese dicir que o catalán non se atopa xa nesta situación. Sen embargo, a elevada porcentaxe de cataláns de lingua materna castelá está presentando novos problemas.

O cambio na situación lingüística pódese ilustrar co exemplo seguinte: hai uns anos cando os nenos xogaban a pistoleiros, os seus diálogos eran inevitablemente en castelán, porque copiaban os exemplos da televisión ou das historietas. Así, era completamente normal dicir: "ríndete, forastero, o te voy a matar. Pam, pam, estás muerto"; pero se o forasteiro non morría, repetíase: "ei, que t'he dit que estás mort, si no jugues bé no s'hi val". Agora, contábanme que nun instituto de Rubí, cidade da Área Metropolitana de Barcelona, sucede exactamente o contrario: como medida de normalización, ofréceselles ós estudantes a oportunidade de representar obras de teatro en horario extraescolar, e estas obras son sempre en catalán, pero os comentarios e apreciacións fóra do texto da obra son inevitablemente en español.

Sen embargo, a inversión simbólica entre funcións altas e baixas non se produciu en ningún sentido noutras zonas catalanfalantes, como Valencia, onde é aínda bastante impensable dirixirse a un descoñecido en valenciano ou realizar a maioría das funcións formais nesta lingua.

Por outra parte, certos ámbitos básicos dunha cultura moderna popular utilizan aínda maioritariamente a lingua castelá, co cal pódese seguir argumentando dalgunha maneira a coñecida asociación entre catalán e cultura burguesa. Como exemplos desta situación temo-la falta de revistas do corazón ou de xornais deportivos na nosa lingua.

3. A evolución do corpus lingüístico

Como consecuencia dos cambios nas funcións sociais que realiza, o catalán sufriu unha clara evolución interna: a ocupación dos ámbitos formais, e moi especialmente dos medios de comunicación, supuxo un revulsivo para a estrutura da lingua e un reto para a súa capacidade de adaptación. Todo isto é un sinal positivo e comportou a necesidade de ir conformando un estándar.

Será interesante, pois, observar como evolucionou ata este momento a formación do estándar, desde finais da época franquista ata a actualidade.

Ata os anos 70, o único modelo existente para a formación deste rexistro era o da lingua culta, basicamente literaria, baseada á súa vez na normativa de Pompeu Fabra. Aló nos anos 20, os traballos deste enxeñeiro convertido en lingüista polas circunstancias históricas tiveran a vontade de seren descritivos e de ofrecerse como propostas abertas a debate. Sen embargo, a evolución política posterior fixo que o que eran simples propostas pasaran a seren consideradas normas de carácter prescritivo, regras a obedecer por enriba de calquera dúbida. Así, o catalán dos anos 50 e 60 foise, en certo sentido, "momificando", quedando afastado do catalán falado

coloquialmente. Máis tarde a influencia da inmigración castelanfalante e o pánico á castelanización proporcionaron novos argumentos ós partidarios de manter este catalán ríxido, pouco áxil e adaptable, e pouco amigo da aceptación da diversidade.

Analizando, por exemplo, a lingua usada nos inicios do xornal AVUI (primeira publicación diaria en catalán do posfranquismo), observamos unha sobreabundancia de arcaísmos e expresións excesivamente cultas: o uso frecuente do posesivo "llurs" en lugar do habitual "els seus", recomendado porque permitía marca-la diferenca entre un posuidor único e múltiple; a aparición do pronome "quelcom" en vez de "alguna cosa", intentando substituí-lo "algo" castelán cunha soa palabra; ou ben a adopción da conxunción literaria "nogensmenys", deixando de lado outras solucións máis frecuentes como "malgrat això".

O estándar identificábase, pois, coa normativa, e cunha normativa estreita de miras e uniformadora. A diversidade, e con ela o achegamento ás distintas variedades rexionais e, sobre todo, ós rexistros coloquiais, estaba case proscriba. Isto debía-se por enteiro á anómala situación sociopolítica anterior, ó medo á disgregación e a converterse realmente naquilo que o poder franquista xa usara coma insulto: un dialecto do castelán.

Sen embargo, a medida que a situación se normalizaba, tiña cada vez menos sentido aceptar unha lingua tan pobre coma a que se estaba transmitindo, tanto a través dos medios de comunicación coma da escola. Foron os correctores e asesores lingüísticos dos medios de comunicación os primeiros en rebelarse, esixindo un achegamento do estándar á lingua usada efectivamente polos falantes. En 1986, a publicación do libro *Verinosa llengua* iniciou un debate público que aínda colea na actualidade, e que se cofece como a controversia entre o "catalán heavy" e o "catalán light". Os profesionais da lingua nos medios de comunicación escritos pretendían diminuí-la distancia entre a lingua que eles usaban e os rexistros coloquiais dos falantes a través da aceptación de certo léxico e estruturas coloquiais. Pero varios lingüistas e personalidades diversas interpretaron este movemento como un signo inequívoco de castelanización e de rexeitamento á diversidade rexional a favor das solucións lingüísticas propias do dialecto central, da zona de Barcelona (a que ten maior peso demográfico). Como dixer, o debate continuou ata a actualidade, e provocou a publicación de máis dunha ducia de libros e centenaes de artigos. Actualmente, sen embargo, aínda que as diverxencias continúan sendo moi virulentas no campo ideolóxico, no que respecta a aspectos estritamente lingüísticos pódese observar unha tendencia a relativizalas e a insistir máis nas coincidencias de ámbalas propostas.

De feito, lendo o *Diari de Barcelona* (convertido en *Nou Diari*), comprobábase que as solucións non normativas propostas por este medio

eran poucas e afectaban a unha porcentaxe mínima da súa produción lingüística: “pendre”, “apendre” ou “compendre” no lugar de “prendre”, “aprendre” ou “comprendre”; eliminación da preposición “per a” a favor de “per”, substituíndo así “per a les filles” por “per les filles”; uso exclusivo de “aquest any” substituíndo a “enguany”, fórmula non usada no dialecto central; aceptación de algúns castelanismos, como “disfrutar”, etc.

Merece tamén a pena observa-la relación entre o estándar catalán e a diversidade rexional. Como acabamos de ver, ó lado da tendencia de certos medios de comunicación de obedece-lo dictado da lingua sentida como propia no dialecto central (que forma parte do bloque dialectal oriental), xurdiron voces que pretenden contrarresta-lo empuxe deste dialecto, no que se baseou xa Fabra para elabora-la súas propostas e que hoxe ten un peso demográfico indiscutible; xurdiron voces, pois, sobre todo entre lingüistas e expertos, que piden que non se esqueza a diversidade na elaboración do estándar. Desta maneira, elaboráronse propostas para a zona occidental, coma a que se refire á área de Tortosa. Estas propostas tenden a chamarse ultimamente “estándares rexionais”, nome que pode levar a pensar nunhas diferencias moi importantes, pero que só representa a aceptación oficial da posibilidade de solucións múltiples en contextos concretos, admitidas tamén noutras linguas.

En tódolos casos, a vixencia e a aplicabilidade das propostas que pretenden conservar unha certa diversidade vai ir en relación directa co seu uso real. A súa aplicabilidade pode ser discutible nos medios de comunicación, sobre todo se son de alcance supralocal, pero, en cambio, parece que estes estándares rexionais son moi útiles no campo do ensino, aínda que queda por decidir ata que punto serán operativos nun futuro se continúa a normalización do catalán e, con ela, unha certa diminución na diversidade rexional nos rexistros formais.

De feito, o problema máis grave referido á diversidade rexional refírese a Valencia, onde as diferencias son maiores e o descoñecemento mutuo máis grave. Como exemplo significativo podemos sinalar que, nesta zona, certos pronomes átonos, considerados no resto da comunidade lingüística fundamentais da estrutura da lingua, son completamente descoñecidos na lingua coloquial. Así, a un falante de Castellón resúltalle estraña a proposta do estándar “en tinc tres”, posto que non utiliza habitualmente o pronome “en” neste tipo de contextos. Non estamos, pois, diante dunha cuestión léxica ou de detalle, senón dunha diverxencia importante relativa á morfosintaxe que, coma outros aspectos de igual profundidade, non me consta que se abordara ata o momento.

4. A diversidade lingüística e o ensino da lingua

Por outra parte, o período franquista foi determinante para a confeección e valoración posterior da diversidade da lingua catalana en relación co ensino da mesma. O ensino do catalán durante a maior parte deste período quedou reducido a clases voluntarias para adultos catalanfalantes. Dado o contexto no que se producía, a preocupación central era a transmisión o máis precisa posible dunha normativa, e non a admisión dunha diversidade que provocara dúbidas constantes e inseguridade nos alumnos. Así, como dixeran, as propostas feitas por Pompeu Fabra quedaron fosilizadas e convertidas en normas absolutas: publicouse unha versión mutilada da súa gramática e esta, xunto con outros métodos gramaticais publicados posteriormente, convertéronse nos criterios únicos de corrección. Ata os anos 70, pois, o ensino do catalán tiña unha orientación marcadamente normativista, teórica, preocupada polo sistema e pola lingua escrita.

Como era de esperar, o posfranquismo introduciu un cambio notable nesta orientación. De súpeto, observouse a necesidade de ensinalle o catalán á gran masa de inmigrantes castelanfalantes, e a perspectiva cambiou totalmente. Non se trataba xa de preservar-lo catalán tradicional, escrito e literario, senón precisamente de todo o contrario: abri-lo catalán oral e coloquial a novos falantes, máis interesados en podelo utilizar en comunicacións interpersoais ca en situacións de formalidade. Apareceron rapidamente, pois, diversos textos para a aprendizaxe do catalán como segunda lingua, e saltouse en moi poucos anos do método máis tradicional ó enfoque comunicativo, pasando por algúns intentos estruturalistas. Chegouse así á creación do coñecido *Digui, digui*, elaborado por profesionais da Escola Oficial de Idiomas de Barcelona, que incorporaba os recursos máis actuais (como o vídeo) para a aprendizaxe da lingua. A el engadíronse, nos últimos anos, materiais diversos para a expresión e a comprensión oral e escrita. O enfoque comunicativo obrigou de maneira perentoria ós redactores dos textos a crear dalgunha maneira un novo modelo de catalán, máis próximo ó coloquial e á lingua oral, e a ser moi innovadores nos múltiples casos en que as autoridades académicas non ofreceron solucións claras.

No caso do ensino regulado e obrigatorio do catalán, polo contrario, é moi distinto. O catalán entrou como materia no ensino secundario, seguindo a tradición establecida pola lingua castelá, tomando unha orientación moi gramatical e normativista. Ata mediados dos anos 80 sufriu tamén a chamada “febre purista”, centrada na descastelanización da lingua pero só no nivel máis aparente, é dicir, o léxico. Persoalmente, recordo a miña propia obsesión e a dos meus compañeiros de clase, ante certas pálabras tabú que nos encargabamos de corrixir en canto aparecían en boca de alguén. Posteriormente, esta “febre” foise transformando nunha preo-

cupación máis seria e global que pasou de aspectos ortográficos e léxicos, ás veces anecdóticos, a aspectos sintácticos ou fonéticos, que constitúen o centro de atención actualmente.

Dado que, ata o momento, as programacións de catalán baseáronse na normativa, e na aprendizaxe da gramática prescritiva, é fácil deducir que a aceptación da diversidade é máis ben escasa. Excepto no Curso de Orientación Universitaria, onde se atopa unha parte importante dedicada á sociolingüística, a diversidade de calquera tipo, e con ela a aceptación da variedade e o rexistro do alumno, non son case nunca obxecto de atención preferente.

Sen embargo, non cabe dúbida de que é un aspecto positivo o feito de que, gracias á escola e ó ensino en catalán das distintas materias, moitos termos que ás xeracións anteriores lles resultan descoñecidos, de matemáticas ou física, por exemplo, ou tamén algúns da linguaxe xeral ensinados na clase de lingua, quedaron introducidos con toda normalidade na linguaxe de nenos e adolescentes.

É tamén certo que en tódolos libros de texto hai exercicios, sobre todo de léxico, coa suposta intención de amplía-la capacidade expresiva do alumno. Estes exercicios, xunto coa maneira en que se formula a lectura, preséntanlle ó alumno variedades afastadas, e é difícil que a riqueza lingüística que se pretende transmitir sexa asumida de maneira efectiva polo alumno, xa que non ofrece ningunha contrapartida: o alumno non ten oportunidade de demostrar que a súa propia variedade é tamén válida en certos contextos, nin de entender que interese ten para el aprender un certo léxico que lle parece moitas veces innecesario.

En cambio, as orientacións xerais da Reforma Educativa no campo do ensino da lingua parece que van precisamente neste sentido. Nelas fórmase toda a aprendizaxe desde a perspectiva da diversidade de situación comunicativas e de uso da linguaxe ("de acordo coas necesidades escolares e sociais propias da idade"); con este obxectivo, dáse unha nova énfase á lingua oral e pídeselle ó alumno unha actitude máis activa. No caso do catalán, foi moi útil toda a experiencia acumulada noutros ámbitos do ensino, como o de adultos, Escolas de Formación do Profesorado, etc. Nestes ámbitos, o enfoque comunicativo era xa predominante desde hai anos e producira unha certa cantidade de material pedagóxico aplicable segundo as novas formulacións.

A única dúbida que se nos presenta é ata que punto todas estas intencións se van poder converter en realidade, especialmente obxectivos como "respecta-la diversidade lingüística e tomar consciencia da riqueza que representa esta pluralidade". As conversas mantidas con compañeiros de Instituto fanme pensar que, ó menos no momento presente, no que xa se está empezando a implementa-la Reforma, hai aínda un gran desco-

ñecemento e desorientación na maneira de aplicala, e parece difícil cambiar os hábitos actuais.

Por outra parte, é moi importante recordar tamén as limitacións da escola. A primeira e máis importante é que entre as funcións básicas da escola non se atopa a da extensión do uso lingüístico dunha lingua minorizada fóra do propio ámbito escolar, aínda que haxa que opine o contrario. Os mestres e profesores de e en catalán atópanse actualmente desmotivados a causa deste peso que lles caeu enriba, que crea nalgúns casos un sentimento de culpabilidade e noutros unha actitude moi crítica ante as autoridades. É opinión estendida pensar que "deixáronnos toda a normalización para nós" e que "estamos sós", sobre todo nas zonas da área industrial de Barcelona, con maioría de castelanfalantes.

É certo que se realizaron tamén campañas para promove-lo uso do catalán fóra da escola, campañas que ofrecerían o marco normalizador axeitado como apoio ó traballo dos mestres. Como exemplo destas actividades témo-la promoción do uso do catalán en nenos en idade preescolar da cidade de Montcada i Reixac, na Área Metropolitana de Barcelona, case todos eles castelanfalantes sometidos a un proceso de inmersión en catalán. Nesta cidade xurdiu a iniciativa de realizar colonias de intercambio con nenos de zonas de maioría catalanfalante para te-la oportunidade de practica-la nova lingua que aprendían.

Outra limitación do poder normalizador da escola relacionada con esta primeira refírese á enorme proporción de alumnos castelanfalantes. É moi difícil que a escola poida aumenta-lo uso do catalán en alumnos que se comunican perfectamente entre eles en castelán. Tamén é moi difícil que poida supli-lo papel da familia e o entorno inmediato é re-crear un rexistro coloquial catalán en alumnos de lingua materna castelá. O resultado é que, no mellor dos casos, os alumnos castelanfalantes saen cun nivel aceptable da lingua estándar e normativa, pero conservan os rexistros informais en castelán.

Quizais tendo en conta a complexidade da situación sociolingüística e a consideración, en certos contextos, do catalán como lingua formal e o castelán como lingua coloquial, poderase comprede-la actitude dun amigo meu, profesor de catalán nun instituto, que fala algunhas veces en castelán cos seus alumnos, fóra da clase e en situacións informais e de contacto persoal. O seu argumento é que el, como profesor de catalán, transmite unha imaxe de poder da lingua, e falando en certas ocasións en castelán cos seus alumnos consegue que estes o vexan como alguén máis próximo, flexible e non dominante; de maneira indirecta, tamén mellora a súa percepción do catalán. "Vendo que eu podo falar en castelán, eles pensan que poden tamén eles falar de vez en cando en catalán" -di o meu amigo.

Finalmente, unha última limitación na actuación sociolingüística da escola é o feito de que se reduciра a importancia deste ámbito como modelo central para o alumno. En cambio, parece se-la televisión a que aumenta a súa importancia como modelo en diversos sentidos, quedando a escola ou o instituto reducidos ó papel de centros de socialización. De aí que, unha vez máis, sexa importante recoller no ensino da lingua as variedades que se reciben desde os medios de comunicación. Os mestres xa non son modelos de actuación persoal e lingüística, e estes modelos proveñen agora das series e os programas musicais, por exemplo. É importante que a escola non se sitúe contra eles, xa que a súa función lingüística non se pode menosprezar, senón que os recolla e os asuma. A miña experiencia na realización de actividades lingüísticas baseadas en programas televisivos é totalmente positiva no que se refire ó ensino do catalán como lingua estranxeira, e é seguro que estas actividades poderían ter éxito entre os estudantes de cursos regulados.

5. Conclusións

Como conclusión, debémonos volver a formula-la actuación concreta do mestre ou profesor. ¿Cal debe se-la súa actitude diante da diversidade? ¿Como se debe enfrontar ás diferentes situacións lingüísticas dos seus alumnos? Podemos comezar, en primeiro lugar, por substituí-la noción de erro ou de incorrección pola de inadecuación ó contexto. Se, en vez de referírmonos a erros, podemos precisar que se trata dunha inadecuación ó rexistro ou á variedade dialectal, por exemplo, o alumno non ten por que tira-la consecuencia de que fala mal, senón de que aínda non domina os rexistros ou variedades que están fóra do seu entorno inmediato.

Desta maneira, o mestre ou profesor de lingua convértese en profesor de sociolingüística, promovendo entre os seus alumnos unha comprensión da diversidade e creando a chamada "consciencia sociolingüística", moi necesaria para desterra-los mitos tradicionais que dividen o mundo entre "os que falan ben" e "os que falan mal". Tal como afirmaba hai bastantes anos Lluís Vicent Aracil, "els educadors no podran explicar res als estudiants si, en primer lloc, ells mateixos no entenen les coses. Val a dir que llur preparació ha d'incloure (i basar-se en) una perspectiva sociolingüística global..." (en "Eduacació i sociolingüística", *Papers de sociolingüística*).

Pódense mencionar neste sentido tres exemplos de actuacións moi positivas encamiñadas a conseguilo propósito citado, todos eles relacionados coa diversidade rexional. Sería tamén posible encontrar exemplos similares relativos á diversidade de rexistros.

En primeiro lugar, a actuación dun profesor de valenciano dun pobo preto de Castellón que comeza tódolos seus cursos de lingua cunha descrición do atlas de dialectos do catalán. Segundo el, esta actividade inicial é necesaria, e moi útil, para evitar confusións posteriores, xa que os alumnos atópanse diante dunha diversidade tan grande que lles resulta moi difícil de comprender: o subdialecto do seu propio pobo, a lingua usada pola televisión valenciana e a lingua de TV3, que é a que funciona como variedade máis elevada.

O segundo exemplo refírese a un pequeno traballo de socioloxía que tiveron a oportunidade de realizar na zona de Tortosa: entrevistando a estudantes de BUP e FP da zona, todos tiñan moi claro que a súa propia variedade, tan afastada do modelo central, era igualmente válida e podía considerarse un bo catalán. Tamén admitían que moitas das estruturas e léxico que usaban debíanse reservar para a lingua oral. Incluso chegaban a opinar que eles falaban mellor ca en Barcelona, porque ó Ebro non chegara a influencia dos inmigrantes castelanfalantes. Todo isto demostra que os seus mestres lles transmitiran unha idea positiva da diversidade, que lles permitía sentirse orgullosos da súa propia variedade e á súa vez aceptar un estándar bastante diferente dela.

O terceiro exemplo que promociona a aceptación da diversidade é o dunha iniciativa tomada por un profesor de lingua catalana dun instituto de Perpiñán para que os seus alumnos levaran a cabo un intercambio con alumnos de Vilafranca del Penedés (cidade pequena a uns 50 kms. de Barcelona). Aínda que é probable que os alumnos de Vilafranca foran a Perpiñán máis interesados polo francés ca polo catalán do Rosellón, tamén é seguro que ámbolos grupos descubriron a existencia dun catalán distinto ó seu propio. A iniciativa de facer intercambios entre as diversas zonas da comunidade lingüística catalana é moi importante, porque existe un gran descoñecemento e falta de comunicación a tódolos niveis, que repercute no mantemento de prexuízos e connotacións negativas dalgúns dialectos.

En canto á estrutura da lingua e a influencia que exerce o castelán, o profesor debe intentar diferenciar claramente as alteracións estruturais básicas (no seu sistema de pronomes átonos ou nos fonemas, por exemplo) producidas pola influencia externa, daquelas evolucións propias da lingua coloquial, e só as primeiras deben ser condenadas en sentido absoluto. En palabras de Francesc Vallverdú, "per superar l'actual situació de desestabilització lingüística en el català del carrer, és important: a) dirigir els esforços a favor de mantenir els trets característics de la llengua, deixant de banda els trets secundaris (sobretot quan no hi ha acord entre les autoritats lingüístiques); b) distingir rigorosament entre fenòmens desestabilitzadors del sistema i canvis que haurien estat possibles en una evolució normal del català" (en *L'ús del català: un futur controvertit*).

Na medida do posible, o profesional da lingua débese manter informado das publicacións e das opinións dos expertos de máis prestixio. Xa que o Institut d'Estudis Catalans non respondeu ata o momento ás expectativas postas nel, cómpre lembrar que o criterio da autoridade pode emanar do conxunto dos lingüistas, profesores universitarios, etc. e que o corpus de propostas sobre normativa que eles producen é tamén válido, a falta de solucións máis definitivas.

Tal como debeu quedar claro, estou defendendo, pois, unha aceptación máxima da diversidade, aínda mantendo unha "garda" constante contra a excesiva influencia do castelán. Creo que esta diversidade é positiva porque repercute nunha mellor aceptación do estándar e da normativa por parte dos alumnos, sempre que os mestres se encargaran de transmitila correctamente. Isto é especialmente importante no caso de alumnos de clase social baixa, que poden ter máis facilmente un certo complexo de inferioridade con respecto á súa variedade e rexistro máis habituais. Así, o ideal sería que os alumnos comprenderan que "a súa lingua" é axeitada e ten unha riqueza suficiente para o que a necesitan, pero que tamén está no seu interese aprender outros rexistros, e en particular o estándar, porque lles pode ser útil como vehículo de promoción socioeconómica.

É certo que, na súa valoración dos ámbitos formais de uso, das funcións altas da sociedade, conseguiuase ata algún punto que a motivación para aprende-lo catalán por parte dos castelanfalantes sexa maioritariamente instrumental (é dicir, fundamentada nas vantaxes socioeconómicas que lles poda reportar). Sen embargo, ó mesmo tempo, a un nivel máis xeral e fóra xa da aula (quizais a través de novas campañas institucionais) creo que, dalgunha maneira, sería interesante volver a promover unha motivación integradora, para equilibra-la balanza e evita-la sensación de moitos castelanfalantes de que os están forzando a falar en catalán. Sen embargo, é difícil atopar no momento actual argumentos que vaian neste sentido, cando, en certa maneira, algúns catalanfalantes están comezando a "perde-la paciencia" e desexarían poder librarse da incómoda situación do bilingüismo social.

Este último punto lévanos directamente ó final da miña charla, a unha cuestión que vou deixar no aire porque é neste momento, aínda dunha maneira pouco aberta, o centro das preocupacións de tódalas persoas relacionadas coa situación lingüística en Cataluña. A cuestión fórmulase a partir das seguintes preguntas: ¿é posible continua-la normalización do catalán e manter un bilingüismo social estable?, ¿é posible continua-la elaboración do catalán e a súa adaptación a tódalas funcións sociais baixo unha presión do castelán que non se prevé que diminúa no futuro? ¿temos argumentos suficientes para convencer ós castelanfalantes de que usen o catalán pola súa propia vontade? Todas estas preguntas levaríanos a outro aspecto da evolu-

ción sociolingüística, e facilmente á polémica e á especulación pero non formarían xa parte do tema central desta charla e necesitarían unha formulación diferente e específica. Moitas gracias pola súa atención.

REVERSIÓN EVOLUTIVA DO CASTELÁNICO

JOSE SALAS CANCIA SOTO

Universidade de Salamanca

"Tudo cambia, non está nada fixo, e cambia, até a morte chegar." (F. HERR, 1971)

Tódalas observacións feitas nas últimas décadas sobre a forma da lingua que a incorporación de elementos do castelán ao repertorio do falante non é pasiva. Carballo Calvo (1979:47) di que a fonética e morfoloxía padecen fenómenos autodeterminados, modelando segundo parámetros galegos e elementos castelán empragados, e Álvarez Blasco (1981:173) fala de incorporación consecutiva coa morfoloxía e coa sintaxe do galego. O fenómeno é habitual en situacións de conflito lingüístico, coñecido de antigo, e orixe de numerosas reflexións teóricas e experimentais.

A nosa perspectiva do falante un momento de indefinición que recibe é un dos temas de psicolingüística evolutiva (vd. exposición máis detallada en Pérez Pereira, 1979), modelado e desenvolvido e exposto máis por Annette Carroll-Smith (corroboración de coñecemento do modelo de Carroll-Smith, 1981). O niño é visto como un procesador activo de información, que non só recibe e almacena o estímulo lingüístico, senón tamén as súas representacións internas. Nesta etapa, o desenvolvemento da lingua coñece un momento de captación de novo parámetro do código lingüístico, como os compoñentes e a organización representativa dos elementos no momento de novo. As reorganizacións de unidades no momento, isto é, das representacións que o niño se presta, son o que se entende por as operacións mentais que permiten, p. ex., que un falante use o código lingüístico un elemento castelán e o código de características do galego sobre este tipo, tamén a separación do léxico en dous sistemas independentes, fundamental para o dominio de dous idiomas. Esta maneira de explicar a reorganización de unidades.

O traballo que pretendemos é unha análise de certos fenómenos de reorganización no uso do repertorio do falante adulto, e o obxectivo é mostrar como e como se pode progresivamente galego e castelán mediante reorganizacións das unidades en memoria. A consecuencia será un longo proceso de rever-

REVERSIÓN EVOLUTIVA DO CASTELANISMO

XOSÉ RAMÓN GARCÍA SOTO
Universidade de Salamanca

"Unha academia viva anda polos camiños, antre o monte e o mar." (R. Dieste, 1971)

Unha observación frecuente en autores preocupados polo galego é que a incorporación de elementos do castelán no repertorio do falante non é pasiva. Carballo Calero (1979:67) di que a fonética e morfoloxía galega reaccionan automaticamente, modelando segundo patróns galegos o elemento castelán integrado, e Álvarez Blanco (1983:173) fala de incorporación consecuenta coa morfoloxía e sintaxe do galego. O fenómeno é habitual en situacións de conflito lingüístico, coñecido de antigo, e orixe de numerosos traballos teóricos e experimentais.

A non pasividade do falante no tratamento da información que recibe é un dos temas da psicolingüística evolutiva (vd. exposición máis detallada en Pérez Pereira, 1990), modelizado e desenvolvido empiricamente por Annette Karmiloff-Smith (exposición de conxunto do modelo en Karmiloff-Smith, 1992). O neno é visto como un procesador activo de información, que non só explora e sistematiza o ambiente lingüístico, senón tamén as súas representacións internas. Nesta óptica, o desenvolvemento da linguaxe consiste tanto en capturar formas presentes no medio lingüístico, como en comprobar e sistematiza-las representacións almacenadas na memoria do neno. As reorganizacións de entradas en memoria, isto é, das representacións que o neno xa posúe, son o eixo do enfoque, e as operacións mentais que permiten, p. ex., que un falante tome do medio lingüístico un elemento castelán e o adapte ás características do galego serían deste tipo; tamén a separación do léxico en dous sistemas independentes, fundamental para o dominio de dous idiomas, sería resultado de sucesivas reorganizacións da memoria.

O traballo que presentamos é unha análise de certas formas de castelanismo na fala de nenos de distintas idades, e o obxectivo é mostrar como o neno separa progresivamente galego e castelán mediante reorganizacións das entradas en memoria. A consecuencia será un longo proceso de rever-

sión do castelanismos e depuración da fala. Consideraremos como se dan en nenos de distintas idades e adultos os fenómenos seguintes:

1. Substitución lexical: limitáremos á substitución lexical simple, ou reemprazo dun termo galego por un castelán (p.ex., *perro* por *can*); substitución dun termo galego por un castelán galeguizado (p.ex., *enxambre* a partir de *enjambre*, por *enxame* ou *enxamio*); e, finalmente, substitución emendada, ou corrección dun elemento castelán polo correspondente galego.

2. Substitución oracional: oracións enteiras en castelán.

1. Metodoloxía

1.1. Suxeitos

O traballo realizouse a partir das narracións de 84 suxeitos, seleccionados por sorteo dun total de 223, recollidas nos cursos 1988-89 e 1990-91. Dos 84 suxeitos, 70 son nenos de 4, 5, 7, 9 e 11 anos, e outros 14 son adultos, conformando cinco grupos de nenos e un de adultos, cada un con catorce narradores, 7 de cada sexo. A Táboa 1 sumariza as características da mostra.

GI	SUX	RANGO IDADES	IDADE MEDIA
04	14	4;00- 4;10	4;05
05	14	5;01- 5;11	5;07
07	14	6;11- 7;09	7;07
09	14	8;11- 9;10	9;06
11	14	11;00-11;10	11;05
AD	14	20;10-40;00	30
TT	84	4;00-40;00	----
GI Grupo de idade SUX Número de suxeitos TT Total			

Táboa 1
Características da mostra. Rango e media de idade

Tódolos narradores proceden de vilas e aldeas, e teñen o galego como lingua materna e de uso habitual. O grupo de 4 anos é diferente ó

resto nun aspecto esencial: son nenos recién chegados ó mundo escolar¹, monolingües familiarmente, no seu entorno social habitual, e en boa medida tamén no colexio. Polo contrario, os nenos maiores de 5 anos xa foron iniciados na lectura e escrita, e realizan gran parte da súa actividade na aula en castelán. Dado que estabamos interesados na evolución da fala en nenos galego-falantes, excluíronse da mostra as narracións con indicios de problemas de fluidez, fala, linguaxe ou dominio do galego.

1.2. Material e obtención das narracións

Utilizouse o conto en imaxes "Frog, where are you?" (Mayer, 1969), escollido polo grupo de investigación dirixido por D. Slobin, e amplamente usado na psicolingüística internacional (vd., Berman and Slobin, 1994; Slobin, 1985, 1993; APL, 1994). O libro de contos guía a produción das narracións e favorece a comparabilidade destas, pois tódolos narradores teñen que se referir ós mesmos feitos, obxectos, situacións, etc., etc., sendo as variacións no modo de facelo o obxecto de estudo.

O conto escollido ten características interesantes para os propósitos do noso traballo. En cada folla hai unha escena en debuxos sen cor, que pola súa sinxeleza non presentan problemas interpretativos aínda para nenos menores de catro anos. O argumento do conto é elemental: as aventuras dun neno e un can á procura dunha ra desaparecida nas primeiras imaxes; no decurso da busca vanse encontrando con animais como unha teupa, unha curuxa ou un cervo. O ambiente no que se desenvolve o conto está formado por situacións e lugares familiares para os nenos, como un campo, unha fraga, un río, etc.

A elección do conto é importante dado que determinará o léxico que o narrador terá que utilizar, e sabemos que non tódolos campos léxicos están igualmente afectados de castelanización. Outro conto, cunha ambientación diferente ou máis sofisticada, produciría facilmente maior presenza de castelanismos institucionalizados, que pouco ou nada din da evolución interna do sistema lexical do neno.

Cada narrador foi entrevistado individualmente. O experimentador mostraba ó neno o conto co título da portada cuberto, explicándolle que trataba dun neno, un can e unha ra, e que tiña que miralo ben para despois relatalo mentres o vía novamente. O relato era recollido en cinta magnetofónica, tomándose nota de interrupcións, erros no paso das páxinas, xestos sinalando nas follas, ou outras incidencias que aparecesen. Durante a narración o investigador permanecía sentado a carón do suxeito sen intervir, agás se este facía algunha pregunta.

¹ A recollida de narracións dos nenos de 4 anos realizouse nos meses de novembro e xaneiro, entre 2 e 5 meses despois do inicio da escolarización.

As gravacións das narracións foron transcritas a soporte informático seguindo as convencións SALT (Miller e Chapman, 1991). Unha vez transcritos os relatos, obtivemos unha base narrativa de 22.210 elementos lexicais agrupados en 2409 oracións.

2. Resultados

2.1. Substitución lexical

A composición lexical das nosas narracións é bastante homoxénea nas distintas idades, como é normal en producións dirixidas nas que todos os falantes contan un único conto. O mesmo se aplica ó léxico castelán, formado practicamente polos mesmos termos en tódalas idades (*árbol, avispa, buho, ciervo, rana, ventana*, p.ex.). Neste aspecto as diferencias entre grupos son principalmente cuantitativas.

GI	CAS	% ERC
TT	311	3,97
GI	Grupo de idade	
CAS	Número total de castelanismos ²	
% ERC	Porcentaxe de substitucións no total de léxico diferente	

Táboa 2
Taxa de substitución

Na Táboa 2 figura o número de elementos lexicais substituídos por termos do castelán e a taxa media que representan no total de palabras diferentes do relato. As porcentaxes son máis ben baixas, non chegando nunca ó 6% do léxico total, como era de esperar nunha mostra escollida e da que foron excluídas as narracións con indicios de problemas de dominio do galego. Os grupos máis afectados son, por esta orde, os de nenos de 5, 7 e 4 anos, e os menos os de 11 anos e adultos. Chama a atención a dobre tendencia evolutiva, progresiva dos 4 para os 5 anos, e regresiva en adiante, contradictoria coa realidade lingüística que os nenos viven, máis castelanizada e castelanizadora á medida que os nenos avanza na escolarización. Máis adiante volveremos sobre este punto. Agora analizaremos cualitativa-

² O reconto de castelanismos segue a seguinte lóxica: en cada narración cada castelanismo conta unha única vez, de modo que a substitución de, p.ex., can por perro é contada como un castelanismo, independentemente das veces que se repita na mesma narración. Seguindo coa mesma lóxica, no cálculo porcentual non se toma en conta o total de palabras, senón só as palabras diferentes presentes en cada narración.

mente dous fenómenos que poderían ter relación coa evolución do castelanismo.

GI	GALCS	EMNLX
04	0	1
05	0	1
07	4	1
09	4	6
11	1	5
AD	2	3
GI Grupo de idade		
GALCS Galeguización de léxico castelán		
EMNLX Emenda lexical sobre a marcha		

Táboa 3
Castelanismo lexical por narradores

A análise sumariada na Táboa 3 toma como base a narración, e reconta o número de narradores de cada idade que usan elementos casteláns galeguizados, e que corrixen elementos casteláns polos correspondentes galegos. A columna central (GALCS) indica que o léxico castelán galeguizado (p.ex., *abuxeiro*, *enxambre*) non aparece ata os 7 anos, en catro narradores, e que por debaixo desa idade tódolos casos de castelanismo lexical son elementos netos do castelán³.

Evolutivamente, a produción de formas pseudogalegas é un fenómeno característico dos narradores de 7 e 9 anos; despois baixará novamente, aparecendo só nun neno de 11 anos e dous adultos. A evolución do fenómeno suxire que ós 7 e 9 anos as entradas lexicais en memoria están sendo revisadas e axustadas ós patróns galegos, mentres que anteriormente as entradas dos dous idiomas convivían sen conflito.

As emendas lexicais sobre a marcha son un fenómeno máis común, e existen en toda a mostra, aínda que non terán unha expresividade considerable ata os 9 e 11 anos, idades nas que seis e cinco narradores, respectivamente, farán uso da operación. Posteriormente, asistimos a un declive nos adultos. Os seguintes son exemplos de emendas; as cifras entre paréntese indican a idade en anos;meses.

(4;01) E as ras van caminan... camiñando.

(9;04) Entón veu un buho... un moucho... e empezou a molestar ó neno.

(9;09) O lago non era moi hon... moi fondo... e molláronse todos.

³ Isto non significa que noutros rexistos os nenos menores de 7 anos non utilicen formas pseudogalegas institucionalizadas no seu medio lingüístico. Como sinala Siva Valdivia (1991), o uso de certos castelanismos forma parte do "uso adecuado" da lingua. O conto utilizado para guíala narracións prevén en parte a aparición de tal vocabulario.

(11;00) O neno seguiu buscando e ó can cando se dou de cuen... conta...
caeuille a casa das abellas.

(36) E mentres buscan a ra atopan un nido... un niño de avespas.

Nos exemplos vemos como os narradores detectan e corrixen un elemento, mostrando o funcionamento dun control dos elementos lexicais utilizados; cando un elemento é inaceptable para o sistema de control, o narrador interrompe a oración e procede á emenda. Desde este punto de vista, as rectificacións de elementos do castelán polos apropiados galegos, características dos nenos de 9 e 11 anos, son un indicador evolutivo da maior importancia, que suxire que os sistemas lexicais de galego e castelán xa están separados na memoria dos nenos.

Novamente, os resultados son contrarios ó esperable. Intuitivamente, parecería lóxico un curso progresivo tanto da castelanización de elementos galegos, como das rectificacións durante a narración, e o que atopamos é progresión seguida de regresión. Os datos mostran que ós 7 e 9 anos o mecanismo ou mecanismos responsables da galeguización de léxico castelán atinxen a máxima operatividade, mentres que a vixilancia do narrador sobre os elementos lexicais que utiliza comeza de modo abrupto ós 9 anos, e nos adultos xa é a metade. Non hai correspondencia directa entre a presión maior do castelán á medida que o neno medra, e o que aparece nos nosos narradores.

2.2 Substitucións oracionais

As substitucións oracionais son un fenómeno interesante polo modo de darse, maioritariamente nos fins de relato, coa fórmula ritual do castelán "Colorín, colorado, este cuento se ha acabado". A Táboa 4 mostra os datos por narradores.

GI	SSPR
04	5
05	6
07	0
09	0
11	2
AD	0
GI Grupo de idade	
SSPR Substitución de procedementos	

Táboa 4
Substitución oracional

O fin de narración con procedemento castelán é un fenómeno característico dos nenos de 4 e 5 anos; fóra desas idades, só dous nenos de 11 anos fan uso da fórmula citada, e, como veremos, con diferencias. Exemplos do procedemento en nenos de 4 anos:

- (1) Subíronse ó tronco, e había dúas ras, e colleron unha. *Colorín, colorán, este cuento se acabou.*
- (2) E as ras van camiñando. E as ras non se dan conta. *Colorín, colorado, este cuento se ha acabado.*
- (3) E despois viu unha ra con filliños, e unha ra e uns filliños. E despois queríanas moito. *Colorín, colorao este cuento se ha acabado.*
- (4) E despois dixo adiós á rana. *E colorín, colorado, este cuento está acabado.*
- (5) Despois díxolles adiós. *E este cuento está acabado.*

No exemplo (1) o narrador utiliza o verbo en perfecto, e aínda que se trata dunha oración inconfundiblemente castelá, o verbo en perfecto é característico do galego. Nos exemplos (4) e (5) témo-la perífrase verbal 'estar + participio', igualmente observable na fala de nenos galegos e casteláns. Nos exemplos (2) e (3), polo contrario, as oracións son enteiramente castelás, tanto no léxico coma na sintaxe.

Seis nenos de 5 anos rematan formulariamente en castelán:

- (6) E viron outra ran. E viron moitas raniñas. *Colorín, colorado, este cuento se ha acabado.*
- (7) Despois encontráronas. E marcháronse. *Colorín, colorado, este cuento se ha acabado.*
- (8) E marchou. E estaban contentos. *E aquí colorín, colorado, este cuento se ha acabado.*
- (9) Entón deciron adiós porque xa podían vivir eles. *E colorín, colorado, este cuento se ha acabado.*
- (10) E colleron os seus fillos. Unha inda quería saír da auga. *E colorín, colorado, este cuento se ha acabado.*
- (11) E agora xa estaban todos xuntos. *Colorín, colorado, este cuento se ha acabado.*

Nótese que en ningún dos finais hai peculiaridades galeguizantes, a diferenza do que sucedía ós 4 anos: agora o fin formulario é claramente castelán, revelando unha substitución lingüística tan eficaz como efémera, pois nos anos posteriores desaparecerá, e cando reapareza será moi escasamente, e con modificacións importantes, ós 11 anos:

- (12) Logo o neno deixou quedar ó sapo porque tiña familia. E o neno marchou para casa contento. *E colorín, colorado, este conto xa acabado.*

(13) E despois colleron a ra e marcháronse. *E colorín, colorado, este cuento xa terminou.*

En (12) aparece 'conto' e unha substitución disparatada do castelán 'se ha' polo galego 'xa', e en (13) agás o substantivo 'cuento', todo o léxico é galego. Non se trata, entón, dunha revitalización clara do procedemento castelán, senón de dúas tentativas moi galeguizadas.

O ciclo completo dos fins narrativos en castelán caracterízase por alta frecuencia inicial (4 e 5 anos), seguida de desaparición absoluta ata os 11 anos, en que reaparece en dous narradores. Novamente asistimos a unha liña evolutiva que combina progreso e regresión posterior, sen se corresponder directamente coa presión do medio. Ademais, as características nas diversas idades non son homoxéneas, pois só nos nenos de 5 anos o procedemento mimetizará tódalas características do castelán; ós 4 anos atopamos unha mixtura dos dous idiomas, e ós 11 a natureza castelá do fin formulario é dubidosa.

3. Conclusións

A evolución do castelanismo revela algunhas propiedades do estado do léxico na memoria, e do control que o neno ten dos elementos lexicais ó paso que narra, que pasamos a sumarizar.

Nos nenos de 4 e 5 anos os elementos casteláns adóitanse como engádegas ás entradas galegas sen excesivo conflito. Mentres narra, o neno extrae elementos lexicais dun almacén único no que non parece haber unha separación clara do que é galego e o que é castelán. Os procedementos completos en castelán, característicos destes nenos, parecen confirmar esta interpretación. Ademais, a escasa presenza de rectificacións de termos casteláns indica que o conflito é mínimo.

Unha diferenza importante entre nenos de 4 e 5 anos é a porcentaxe de castelanismos, sensiblemente inferior ós 4 anos, que suxire que ata esa idade a presenza de elementos casteláns no ambiente do neno foi menor; no entanto, coa escolarización os elementos casteláns pasan a ser parte fundamental do ambiente lexical do neno, que incorporará sen distinción formas das dúas linguas. A maior porcentaxe do grupo de 5 anos suxire un efecto acumulativo da entrada no castelán que significa o mundo escolar.

Os primeiros sinais de conflito no almacén lingüístico aparecen desde os 7 anos na morfoloxía, suxerindo que hai en marcha un proceso interno de comprobación das representacións do léxico na memoria; aquelas que diverxan do patrón galego serán reelaboradas e axustadas. O resultado son termos casteláns galeguizados, que evolutivamente aparecen como unha reacción ós 7 anos, tras dun período de incorporación castelanista. Nótese,

no entanto, que o uso de palabras pseudogalegas non dá pé a máis correccións sobre a marcha do que ós 4 anos. Malia que no almacén lexical un sistema de comprobación morfolóxica encontre patróns inaceptables e proceda a modificalos, o conflito lexical na narración continúa a ser mínimo.

A outra diferenza entre os nenos de 7 e os de 4 e 5 anos é a desaparición total dos procedementos en castelán. A non existencia de procedementos en castelán suxire que algún control bloquea o procedemento castelán, que reaparecerá anos máis tarde, feble e moi galeguizado.

Desde os 9 anos aparece un número importante de narradores que corríxen sobre a marcha elementos casteláns polos correspondentes galegos, unha operación que só é posible de existiren almacéns lexicais separados para as dúas linguas, ou se se prefire, se os elementos lexicais recibiron unha marca de idioma.

Desde os 11 anos hai unha progresiva redución tanto de elementos casteláns galeguizados, como de emendas léxicas sobre a marcha. Ambos fenómenos son expresión dun progreso na separación do léxico dos dous idiomas e do acceso selectivo ó léxico galego, que por primeira vez renderá narracións totalmente depuradas de castelanismo.

En síntese, a evolución do castelanismo mostra reorganizacións do léxico na memoria, a actuación de análises morfolóxicas das peculiaridades do idioma, e como os sistemas de control da produción de fala van incorporando posteriormente os progresos da organización do léxico. En conxunto, forma un proceso completo de incorporación de elementos casteláns, axuste mediante patróns galegos, aparición de controis de idioma, e reversión progresiva da substitución, realizada de modo automático a medida que o neno progresa no dominio do galego.

Para finalizar, desexaría recalcar dous resultados. Primeiro, que a evolución cuantitativa do castelanismo suxire que co desenvolvemento, por motivos internos, os falantes son máis eficaces separando galego e castelán, malia a cada vez máis forte presión externa do castelán. Esta conclusión, con todo, non debe aplicarse fóra do medio estudiado por nós: nenos monolingües ata a escolarización, a "academia viva" da cita de Dieste que abre o artigo. Unha pregunta relacionada é qué nivel mínimo de galego ambiental é preciso para activa-lo proceso de separación e reversión. Polo momento, que eu saiba, non hai unha resposta clara.

En segundo lugar, hai que sinalar que traballos coma o presente carecen de sentido sen unha proxección práctica, pois o seu obxectivo último sería fundamentar un modelo psicolingüístico dos mecanismos e fases da reversión evolutiva da contaminación do galego polo castelán, que sería unha peza importante nun deseño educativo realizado á medida dos problemas dos nenos de Galicia, e dirixido a atalla-la substitución lingüística e as súas repercusións pedagóxicas (vid. en García Soto, 1992 unha estima-

ción do problema da insalubridade lingüística dos ambientes urbanos). Entremetres, paga a pena lembrar outra idea de Rafael Dieste, que en 1925 escribía:

"Depurar e mellorar un idioma ven sendo, como corolario, depurar e mellorar o espírito que dil se serve."

Bibliografía

- Álvarez Blanco, R.: "O artigo en galego. Morfoloxía", *Verba*, 10 (1983), 169-182.
- Associação Portuguesa de Linguística: *First Lisbon Meeting on Child Language. Actas*. Lisboa: Edições Colibri, 1994.
- Berman, R.A.: *Relating Events in Narrative. A Crosslinguistic Developmental Study*. Hillsdale, NJ: Laurence Erlbaum Associates, 1993.
- Carballo Calero, R.: *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 1979⁷.
- Dieste, R.: *A vontade de estilo na fala popular*. A Coruña: Edicións do Castro, 1971.
- Dieste, R.: *Ante a terra e o ceo*. Sada: Edicións do Castro, 1981.
- García Soto, X.R.: "Problemas evolutivos da linguaxe e diglosia", *A Trabe de Ouro* 11 (1992), 419-425.
- Karmiloff-Smith, A.: *Beyond Modularity. A Developmental Perspective in Cognitive Science*. Cambridge, Massachusetts: The MIT Press, 1992.
- Pérez Pereira, M.: "A evolución da linguaxe en nenos de medio familiar bilingüe", *Cadernos de Lingua* 2 (1990), 113-127.
- Silva Valdivia, B.: "Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia", *Cadernos de Lingua* 2 (1991), 27-48.
- Slobin, D.I.: *The crosslinguistic study of language acquisition*, vols. I e II. Hillsdale, NJ: Laurence Erlbaum Associates, 1985.
- Slobin, D.I.: *The crosslinguistic study of language acquisition*, vol. III. Hillsdale, NJ: Laurence Erlbaum Associates, 1993.

Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro, Mondoñedo, 9-13 de setembro de 1991.
Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993. 640 pp.

A comezos de setembro de 1991, celebrouse no Seminario de Mondoñedo o *Congreso Álvaro Cunqueiro* co motivo de rendela cumprida homenaxe a este escritor e afondar máis no seu estudo. Estas *Actas* son a recompilación de canto alí se dixo, dividíndose en catro áreas de traballo dirixidas por un coordinador: Área de Lingua (Manuel González González), Literatura (Xosé Manuel Salgado), Teatro (Dolores Vilavedra) e Xornalismo (Xosé Francisco Armesto Faginas).

a) Área de lingua

Abre o volume, e as comunicacións desta área, un novidoso e minucioso traballo de Christian Ionescu sobre un tema que case non mereceu o interese da crítica, "La onomástica en Cunqueiro. Antroponimia de los relatos cortos" (pp. 15-33), no que tenta, ademais de achegar unha imaxe xeral dos problemas de onomástica literaria, delimitar algúns trazos da literatura de Cunqueiro tendo como referencia o uso onomástico na súa obra.

Séguelle a comunicación de Carme Hermida, "O influxo dialectal na obra de Álvaro Cunqueiro" (pp. 35-60), no que establece o grao de "compenetración existente entre a fala oral (...) e o modelo de lingua escrita que utiliza". Parte da delimitación dos trazos xerais da fala de Mondoñedo e rastrea as solucións empregadas por Cunqueiro, do que conclúe a tendencia a conservar na escrita os trazos mindonienses, coexistindo co uso dun galego non marcado xeograficamente que introduce fenómenos alleos á súa área lingüística, podendo deducir unha vontade estandarizadora e universalista cara ó galego.

De Xavier Varela Barreiro é "Álvaro Cunqueiro, experimentador nos dominios gramaticais" (pp. 61-70), onde a través do "máis característico da dimensión gramatical da [súa] obra" (en concreto das formas *de meu*, *de teu*, etc., e tódolos usos do pronome *el*), pretende dar mostra do uso das estruturas gramaticais como "instrumento técnico de fabulación e experimentación" literaria.

Xesús Alonso Montero ofrécenos a transcripción da súa conferencia "dita, e non lida", que ben podería estar incluída en calquera das outras áreas debido ó seu contido: "A concepción da palabra en Álvaro Cunqueiro" (pp. 71-74), para quen a "palabra" é, ante todo, "chave" para "atopa-lo verdadeiro tesouro", que é ela mesma, onde reside o verdadeiro ser, e cunha capacidade de poder creador que fascinou ó poeta durante toda a súa vida.

As dúas seguintes comunicacións teñen un campo de traballo común, como é o mundo da tradución en Cunqueiro, e máis en concreto da "autotradución". En "Trazos lingüísticos galegos na prosa en castelán de Álvaro Cunqueiro" (pp. 75-87), Carme Silva Domínguez traballa sobre a relación entre textos paralelos producidos

en dúas linguas (galego-castelán), poñendo de manifesto os trazos lingüísticos sintácticos, semántico-léxicos e morfolóxicos do galego que subxacen na autotradución castelá. Ademais, presenta a un Cunqueiro “creador en dous códigos enfrontados por un mesmo espazo xeográfico” no que desenvolve o seu traballo, debéndose isto a dúas posibles causas: como un xeito de ser fiel a si mesmo ante a lingua, ou como solución ó problema do mercado editorial, pero coa posibilidade de ser no fondo un acto de “recreación” literaria. M^a Carme Pazos Balado en “Álvaro Cunqueiro tradutor” (pp. 88-99) tamén traballa sobre esta faceta do escritor mindoniense, tanto como tradutor e crítico doutros tradutores como sobre a autotradución (coincidindo neste caso coas conclusións de C. Silva nos motivos que o levaron a este acto literario). Resalta nesta faceta unha serie de cambios respecto do orixinal, relativos ó destinatario (adaptación ou explicación do mundo traducido para facilita-la comprensión do lector), á estilística (tentando mellorar algunhas situacións ou descrições), á lingua (aclaración de termos, perda de situacións diglósicas nos personaxes), etc. Conclúe cun atinado comentario sobre Cunqueiro, quen “respectou moi pouco (...) os principios nos que se basea para ataca-las traducións doutros, xa que os seus textos autotraducidos están considerablemente alterados”.

Luísa Blanco centra o seu estudio en “Algunhas particularidades das palabras compostas na obra de Álvaro Cunqueiro” (pp. 127-137) nas súas obras en castelán, onde tamén se detecta a capacidade fantástica e creadora do escritor neste campo, “coa meta de acadar unha nova expresividade”.

Pecha as comunicacións da Área de Lingua a de Alexandre Rodríguez Guerra sobre o uso de “A estrutura preposicional do tipo ‘segar na herba’ en Cunqueiro” (pp. 139-146), “análise pormenorizada e sistemática dos exemplos cunqueirianos” de estruturas preposicionais (seleccionando as da preposición *en*), “no eixe da transitividade”, como se indica no exemplo do título. Trátase, pois, dun achegamento altamente valorable pola escasa frecuencia de traballos de sintaxe galega (se o comparamos con outros campos lingüísticos), que se complica ó traballar sobre obras literarias que “modifican” intencionalmente as construcións gramaticais e os seus valores (aínda que neste traballo se confirma a “fidelidade cunqueiriana á realidade lingüística galega”).

b) Área de literatura

Iniciase a área máis ampla e de maior estudio deste Congreso, coa comunicación de Anxo Tarrío Varela “Álvaro Cunqueiro e as saídas do labirinto” (pp. 151-163), onde tras unhas reflexións previas acerca da época e do tempo que estamos a vivir, como fin dunha etapa e comezo doutra, e sobre o mundo científico e filolóxico, desenvolve algunhas claves ou “propostas de lectura” da obra de Cunqueiro, “escritor”, en tódolos aspectos (na escrita e na vida), e “creador”. Entre elas salienta o “tratamento do tempo”, “a visión teatral do mundo” e o “esgazamento interno” que sofre o escritor e o home ante o mundo, tal e como é, e a fantasía, o mundo como quixera que fose, aparecendo o home preso dun “labirinto” do que tenta saír por medio da “ilusión da palabra”.

Abrense, así, unha serie de comunicacións que poderíamos chamar de Teoría e Crítica Literaria, polo enfoque dos estudos aí reflectidos, como a de Benito

Varela Jácome "Estratexias narrativas en *Si o vello Sinbad volvese ás illas*" (pp. 165-173), quen partindo da cualificación de Cunqueiro como "o fantasioso", tenta facer unha análise do *Sinbad* a partir das formulacións da teoría da deconstrucción, dentro de tres aspectos: semántica da perspectiva, estrutura do discurso diexético e función da fantasía.

No marco das tendencias actuais da Teoría Literaria, e sobre "A poética do discurso narrativo na novelística de Álvaro Cunqueiro" (pp. 303-317), desenvólvese o denso traballo de Xoán González-Millán, que enlaza co de Darío Villanueva, "A intencionalidade do realismo de Cunqueiro" (pp. 349-360), onde afronta o problema que presenta o realismo cando hai que buscar un punto de equilibrio "entre o principio da obra literaria fronte ás determinacións da realidade, e as súas relacións", chegando ó convencemento de que "a meirande parte da literatura é realista", saíndo fóra da "falacia do realismo conceptual". Pretende confronta-las teorías coa evidencia do texto, neste caso de Cunqueiro, relacionándoo coa Estética da recepción, "o horizonte de expectativas", disertando tamén sobre o realismo máxico e literatura fantástica, cualificando o de Cunqueiro como "realismo intencional", que "é o mesmo que doazón de senso realista a un texto (...) desde o horizonte referencial proporcionado pola experiencia do mundo que cada lector posúa".

Concepción Sanfiz Fernández en "Representación de la realidad y la fantasía en la narrativa castellana de Cunqueiro" (pp. 419-428) céntrase sobre un Cunqueiro "creador" dun universo narrativo de ficción conectado co mundo real en varios niveis, que abranguen a "realidade das cousas, a creación e as relacións", esixindo unha serie de capacidades por parte do lector-receptor.

En "Se o vello Sinbad volvese as illas. No obradoiro do fabulador" (pp. 441-446), Rexina Veiga estudia o traballo dun artesán da literatura, que no seu obradoiro, baixo a máxima "contar claro, seguido e ben", "agacha a orixinalidade (...) de indagar na problemática que encerra o estatuto de narrador, da narración", e estudia o *Sinbad* baixo varios e interesantes puntos de vista, como a súa filiación coa literatura oral e as súas consecuencias e estruturas, o metarrelato, a función do narrador, a tensión realidade-ficción, etc.

Tema clave e motivo doutros estudos é o de Anton Van Bommel "El realismo mágico en la narrativa de Álvaro Cunqueiro: *Merlín e familia*" (pp. 175-196), onde, nunha primeira parte, trata o concepto do "realismo máxico" e dos seus trazos específicos, e nunha segunda, tenta probar que na narrativa de Cunqueiro, en concreto no *Merlín*, se atopan estas características.

M^a Xesús Nogueira Pereira destaca "A estrutura narrativa de *Merlín e familia*" (pp. 397-402), onde se nos presenta unha disposición estrutural pouco sistemática, a propia do mundo dos recordos, pero baixo a cal subxace certa estrutura (narrativa).

Ana-Sofía Pérez-Bustamante Mourier en "El caballero, la muerte y el diablo (la Galicia avalónica de Álvaro Cunqueiro)" (pp. 327-347) pretende, a partir deste relato, "explicar e ilustrar las técnicas narrativas de Cunqueiro, sus procedimientos narrativos y, lo que es más importante, la función y el significado de su quehacer", comezando por facer un resumo das claves da súa narrativa, en xeral, para logo abordar de cheo o relato en cuestión, que é "un eslabón estilístico entre las prosas [de aprendizaxe] y las novelas que inaugura el *Merlín*", estudiando a súa estrutura e interpretando os seus símbolos.

Temos, tamén, unha serie de traballos que nos axudan a situar a Cunqueiro dentro da cultura e do pensamento da súa época, principalmente nos seus anos mozos. Un deles é o de Claudio Rodríguez Fer, "Álvaro Cunqueiro e a vangarda do leste galego" (pp. 265-272), ameno traballo sobre as publicacións e proxectos poéticos de connotación futurista que realiza Cunqueiro entre 1931-35 en Mondoñedo (Revista *Galiza*, *Oficina Lirica do Leste Galego*, Editorial *Un*, etc.), que reflicten a tendencia desta vangarda, a cal estivo moi clara para os críticos literarios de preguerra, aínda que esquecida para os de posguerra.

Outro interesante e documentado traballo é o de M^a do Carmo Ríos Panisse, "Análise comparativa entre as ideas do "Preludio a toda estética futura" de Risco e o mundo da creación literaria de Cunqueiro" (pp. 273-296), onde tenta "presentar a Cunqueiro como produto ideolóxico e cultural do galeguismo de preguerra (...) dirixido esencialmente polo pensamento da Xeración Nós", que é o mesmo que dicir polo seu teórico Risco, ó que parece seguir "na súa formación cultural e literaria" a partir do exposto no *Preludio*, como pode ser no concepto da arte, "realidade e imaxinación, arte e amor, impresionismo e simbolismo", etc.

Basilio Losada en "A poesía de Cunqueiro, entre os prerrománticos e o surrealismo" (pp. 297-301), parte da premisa "poeta sobre todo", para amosarnos un escritor que basea a súa produción no valor da palabra (coincidindo con X. Alonso Montero), sendo a lingua, englobada no ambiente vangardista da época, o verdadeiramente creativo na súa obra. Influído polas súas lecturas e traducións, amosa o amoldamento a el desas tendencias vangardistas, como o surrealismo, pero non o ortodoxo ó estilo francés, senón como o español, que ve a poesía como un "proceso de desconceptualización", á vez que respecta a tradición (vangardismo galego). Pero no fondo subxace unha eterna melancolía baixo o signo da morte, o que non se opón á súa imaxe de "gozador da vida", xa que só os que a aman e a valoran ven a presenza constante da morte, e esta ledicia do vital non é máis que un "disfraz de melancolía".

"Álvaro Cunqueiro trovador y juglar de la nueva cantiga" (pp. 375-383) de Pilar Castro, aborda a temática da poesía de Cunqueiro en canto ó neotrobadorismo, do que foi o "co-fundador" en Galicia xunto con Bouza Brey. Cualifica ó mindoniense de "trovador y juglar". Trovador, porque retoma o estilo formal e a esencia lírica galego-portuguesa, e xograr, porque pon a pegada do popular, da tradición oral unida á fantasía, conxugando, pois, neotrobadorismo e popularismo. Esta faceta da lírica de Cunqueiro como froito de heteroxéneas lecturas que reflicten o seu universalismo, personalizándoo, aparece en "Sobre a lírica de Álvaro Cunqueiro" (pp. 319-325) de Xosé Filgueira Valverde.

Un aspecto concreto da lírica cunqueiriana está traballado por Luís Miguel Fuentes Bustamante, "As tres dimensións da circularidade en *Mar ao Norde*" (pp. 391-396), quen tras unhas consideracións previas sobre o concepto (filosófico) da circularidade e do esférico, pasa a analiza-las tres dimensións que a engloban en *Mar ao Norde*, en concreto nos poemas seis e sete: dimensión do movemento ou sucesión, da estrutura e do formal ou lóxico.

O prestixioso medievalista británico Colin Smith ofrécenos unha interesante e curiosa comunicación, non como estudioso ou erudito, senón como lector e admirador de Cunqueiro. En "Álvaro Cunqueiro, escritor europeo y universal" (pp. 213-222), dános un reflexo da situación de Cunqueiro na crítica literaria

contemporánea, salientando o seu carácter “paneuropeista e universal” que se deixa ver na súa literatura, resaltando a súa fantasía creadora, que o pon en contacto con Borges, facendo nota-la súa grande capacidade como contista e fabulador.

Unha das facetas universalistas de Cunqueiro é investigada por Germán Palacios Rico, “As fontes francesas de Cunqueiro” (pp. 403-411), onde fai unha aproximación ó influxo do francés no noso escritor, idioma que foi para el como “unha antena orientada a Europa e ó mundo e a clave que lle permitía o acceso ás literaturas estranxeiras”. A través da súa biblioteca privada rastrexo a orixe do influxo galo a partir dos libros alí presentes (pequena parte de todo o que leu), de diverso tipo e carácter, tanto en autores como en temas, documentándose nas súas obras en personaxes, alusións, citas e referencias, galicismos léxicos e de construcións.

Se ben queda claro o universalismo cunqueiriano, non se pode esquece-lo fondo enraizamento da terra, do popular e do social na súa obra. Sobre este campo versa a comunicación de Carmen Blanco, “As outras feirantas” (pp. 197-212), onde reflicte a condición da muller nunha sociedade “antropocéntrica”, onde “as mulleres son na obra *as outras feirantas*, é dicir, esas entidades distintas que se definen en función do xénero masculino”, aparecendo como “as outras respecto dos homes, sabendo o autor percibi-los matices existentes” e facendo protagonistas das súas historias (nove) a mulleres especiais, “distintas das mulleres situadas claramente nese rol secundario”, á vez que as iguala pola súa autoafirmación ós homes protagonistas.

Milagros Couceiro en “Galicia e as súas xentes en *Os outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro” (pp. 385-389), partindo destas “fabulacións sobre unha xentiña que viviu nunha Galicia auténtica e máxica”, considera a obra como reflexo realista dunha Galicia “viva e real” fundida co fantástico, co máxico, contado cun certo “sabor do conto popular, do conto de tradición oral”. Esta temática está tratada por M^a Rosario Soto Arias en “Presencia do conto popular na narrativa cunqueiriana” (pp. 429-439), onde busca elementos populares no *Merlín*, *Sinbad*, e en *Crónicas do Sochantre*.

José M^a Folgar de la Calle, “Literatura e audiovisuais: *Os outros feirantes*” (pp. 361-371), analiza a adaptación televisiva desta obra (e o tratamento que tivo a serie na prensa), que considera falta de coherencia e verosimilitude con respecto ó orixinal literario.

Rematámo-las comunicacións desta área coa de Ramón Nicolás Rodríguez, “Cunqueiro e Fole a propósito dun artigo exhumado” (pp. 413-417), artigo publicado no Faro de Vigo o 6-X-1963, titulado “Anxel Fole”, onde Cunqueiro rende homenaxe a este escritor, á vez que fai comentarios sobre características literarias logo “descubertas” pola crítica contemporánea, sendo “un documento autobiográfico útil para coñecermos algúns aspectos da traxectoria vital e literaria de Cunqueiro e Fole”.

c) Área de teatro

A primeira comunicación deste campo pouco coñecido, ata hai pouco, e menos estudado, é a de Ricard Salvat, “Cunqueiro y el teatro europeo de su tiempo” (pp. 451-460). Desde o punto de vista dun home de teatro, aborda esta faceta de Cunqueiro, quen se adiantou xeracionalmente, non encaixando no marco dramático

español no que se desenvolve. Fai un repaso das pezas cunqueirianas enmarcadas case sempre “en los aires estéticos de su tiempo”, dentro das correntes dramáticas europeas como o surrealismo, e cheo de influxos vangardistas e modernizantes, tratándose dun innovador nun panorama ermo, sendo non só o “fundador del teatro gallego moderno sino pieza fundamental en el Teatro Peninsular del s. XX”.

Esta característica dun Cunqueiro innovador, rupturista e experimentador da estética dentro das correntes europeas da época, son analizadas por Xosé Mª Paz Gago en “Os proxectos teatrais de Cunqueiro: as pezas curtas” (pp. 461-469), en especial en *Xan, o bo conquistador*, obra cunha innovadora posta en escena. A *Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados*, intercalación dramática en *Crónicas* no punto básico do relato, crea unha confusión entre os dous mundos: estratexia claramente realista que funde os niveis narrativos e dramáticos cunha “relación de causalidade entre diéxese narrativa e metadiéxese dramática”.

A problemática da teatralidade dos dramas de Cunqueiro e da súa representabilidade aparecen tratados por Xosé Cermeño, “Álvaro Cunqueiro, esperanzas e desesperanzas dun dramaturgo” (pp. 471-477), a primeira cuestión aborda a problemática dos xéneros literarios e da delimitación do teatro; para a segunda, hai que dicir que Cunqueiro sempre se viu como dramaturgo ó facer teatro, polo que pensaba na representación, única existencia deste xénero. Tamén trata o contexto dramático no que escribiu, catalogándoo de “ausencia de contexto”. Outra faceta é a da “remitificación dos mitos” por medio da súa humanización, así como a devoción que sente Cunqueiro por Shakespeare. Todo isto lévao a ver un teatro moderno e contemporáneo, de grande validez actual, onde se amosan personaxes en conflito, cheos de dúbidas, pero cunha dimensión próxima tomada da vida e levada á escena.

José Monleón en “El Edipo de Cunqueiro” (pp. 491-501), centrándose no *Don Hamlet*, contrástao coa obra de Shakespeare e coa de Esquilo, sinalando as concomitancias e as innovacións que levan a diferentes interpretacións.

Tamén o problema da interpretación de *A noite vai coma un río* está traballada por Roberto Salgueiro González en “*A noite vai coma un río*: un achegamento desde o simbolismo” (pp. 549-552), facendo unha análise da contextualización da situación dramática centrada en Dona Inés, traballando a “ubicación espacial”, a “cobertura temporal”, a “relación dos personaxes”, etc., e estudiando e comentando os símbolos que aparecen na obra.

As comunicacións de Manuel Lourenzo, “Algúns aspectos da teatralidade de Cunqueiro” (pp. 503-508), e de Cándido Pazó González, “*Romeo e Xulieta, famosos namorados* e a teatralidade de Cunqueiro” (pp. 541-548), tratan este problema xa presentado noutras comunicacións. A primeira faíno desde un punto de vista ‘teórico’, partindo da heterodoxia dramática de Cunqueiro que envolve a súa obra de liberdade (en personaxes, ambientes, situacións, etc), de ambigüidades de xéneros cos que xoga, de cuestionamento a través do teatro, etc. Enumera unha serie de trazos teatralísticos á vez que se pregunta ¿que é o teatro? A segunda comunicación trata o tema desde o punto de vista da posta en escena dunha obra curta con multiplicidade de planos e cunha dependencia de obra narrativa que dificulta a representabilidade, solucionándose co xogo e o distanciamento do espectador, concluíndo que se se dá a representabilidade, dáse a teatralidade.

Quédannos por citar tres comunicacións desta área: a de Daniel Asorey Vidal e M^a Xesús Bello Rivas, "*A noite vai coma un río Cadro I: Unha sinfonía narcisista*" (pp. 521-529), analizando deste cadro os seus personaxes, arquetipo dos mitos ós que sobrepasan, os símbolos e as relacións, tentando describi-las claves da obra. A de Xoán-Luís Marín Escudero, "*Santo e seña: o corpo no teatro de Cunqueiro*" (pp. 531-539), traballo de intertextualidade sobre o desenvolvemento da corporalidade humana no teatro do mindoniense. E a de Manuel Míguez Ben "*Don/Hamlet*" (pp. 509-520), quen partindo da recompilación das fontes e da tradición do drama shakesperiano, fai un percorrido polas estratexias teatrais e textuais da obra de Cunqueiro, que ten como base a obra do poeta inglés, pero sendo innovador sobre a recreación, independente da tradición (que coñecía), podéndose tirar diferentes lecturas da obra.

d) Área de xornalismo

Tres traballos desta área tentan responder á cuestión de se Cunqueiro foi un verdadeiro periodista. Xosé Francisco Armesto Faginas, "*Cunqueiro Periodista*" (pp. 555-562), sostén unha afirmación cara a esta pregunta, aínda que nalgũa ocasión o mesmo Cunqueiro teña dito que "non lle gustaba o oficio ó ser incompatible co de escritor, pero que o facía por necesidades da vida". A pesar desa "incompatibilidade" xornalista-escritor, Cunqueiro afirma que se poden complementar, aprendendo un do outro, e actúa nos dous campos baixo unha constante que se resume nunha atinadísima frase de Faginas: "retrata a realidade pero tamén nos dá a outra visión". Tamén se nos ofrece un repaso de sucesos, pensamentos e actitudes de Cunqueiro cara ó xornalismo, o seu xornalismo e o xornalismo no que estaba inmerso.

Manuel González Cerezales, "*Retrato a contraluz de un periodista*" (pp. 563-569), trata de responder ó mesmo problema por medio de anécdotas e citas do seu compañeiro, salientando que "no fue periodista en el concepto más común y tradicional, [séndoo] a su manera", cualificando o seu xornalismo de "poético".

Luís Álvarez Pousa, "*Álvaro Cunqueiro: xornalismo de autor*" (pp. 589-591), recolle este problema dun Cunqueiro que entra nun mundo de xornalismo de actualidade dándolle a súa impronta, situándose no chamado "xornalismo de opinión personalizada". Literatura e xornalismo esíxense mutuamente no escritor mindoniense, á vez que se interfíren. Tamén aquí xorde o problema da "realidade", que reflicte a presenza do literario nos seus escritos, afirmando o autor, que Cunqueiro non foi "xornalista literario", nin "xornalista tótem (...)" senón que foi un autor/xornalista, un facedor ou creador dun xornalismo de autor".

Mercedes Brea, en "*Reminiscencias literarias no xornalismo cunqueiriano: vestixios da lírica trobadoresca en El pasajero en Galicia*" (pp. 571-587), preséntanos un traballo sobre o volume recopilatorio de artigos *El pasajero en Galicia*, "moi peculiar libro de viaxes" pola Galicia de Cunqueiro. Rastrexa polo miúdo (nesta densa obra chea de reminiscencias literarias de escritores universais), a aparición das referencias á lírica galego-portuguesa medieval, amosando o interese que Cunqueiro tiña por ela, en especial pola Cantiga de Amigo, que casa perfectamente co "talante cunqueiriano" (preferentemente as máis simbólicas), á vez que segue e imita con grande habilidade a súa técnica paralelística. Tamén amosa interese por unha serie de trobadores que asocia cos lugares que trata nos seus

artigos (Gómez Charriño con Pontevedra, Códax e Mendiño con Vigo, etc.). Estes artigos serven para unha maior comprensión da súa poesía neotrobadoresca, da súa concepción dela, xa que “as facetas xornalísticas e literarias de Cunqueiro son indisociables”.

Elisa Río Conde, “Álvaro Cunqueiro, colaborador da revista *Vértice*” (pp. 623-633), estudia os artigos publicados nesta revista entre decembro de 1938 e agosto de 1942, de variada temática e intención, algúns con certa carga política e ideolóxica enmarcada no ideario da publicación, produto de circunstancias históricas; outros invadidos pola carga literaria do escritor, con temática fantástica inspirados en feitos históricos medievais, gastronómicos, lendarios, etc.

Péchase esta área coa comunicación de Armando Requeijo Cuba, quen repasa o traballo de “Cunqueiro na revista *Galiza*” (pp. 635-640), revista anual entre 1930-33, “escrita en galego cunha forte compoñente nacionalista”, onde verte o seu pensamento galeguista na súa función de director e escritor, que contrasta coas posteriores publicacións en *Vértice* (explicables polo seu “desexo de supervivencia”).

e) Mesas redondas

Á parte das comunicacións que integran estas *Actas*, recóllense cinco Mesas Redondas nas diferentes áreas, coa participación de personalidades que achegaban as súas opinións sobre un tema determinado.

Así, na Área de Lingua, F. Fernández del Riego, R. Lorenzo, A. Santamarina, E. Montero Cartelle, D. Xohán Cabana e M. González González, disertaron en torno ó tema “Cunqueiro ante a lingua” (pp. 101-125).

Na Área de Literatura houbo dúas Mesas: “Luces e sombras da narrativa cunqueiriana” (pp. 223-243), con D. Manera, V. Fernández Freixanes, C. Casares e A. Pociña; e “O devalar poético de Álvaro Cunqueiro” (pp. 245-263), con X. L. Méndez Ferrín, X. H. Costa González e Luz Pozo Garza.

A Mesa Redonda do Teatro ocupouse de “O teatro de Cunqueiro: un achegamento pluridimensional” (pp. 479-490), con X. Lago, E. Rodríguez Ruibal, D. Villalaín e X. Cejudo.

A derradeira destas Mesas é a da Área de Xornalismo, de grande interese humano polos achegamentos sobre Cunqueiro, home e xornalista, feito por compañeiros e amigos do mundo periodístico: “Os receptores das súas colaboracións” (pp. 593-622), coa participación de R. García Domínguez, X. Trapero Pardo, F. Leal Insua e X. Díaz Jácome.

XESÚS DOMÍNGUEZ DONO

Geolingüística. Trabajos europeos. Editado por Pilar García Mouton. Biblioteca de Filología Hispánica. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Madrid. 1994.

No Congreso Internacional de Dialectoloxía que tivo lugar en Bilbao no 1991, dedicado a Lucien Bonaparte afirmouse que este podía ser considerado como un dos principais precursores dos estudos dialectolóxicos e xeolingüísticos a escala internacional, coa publicación das diversas traducións do Evanxeo de S. Mateo no 1861. Se deixamos esta primeira experiencia á parte e outros antecedentes de notable importancia, a xeografía lingüística nace verdadeiramente con Gilliéron no 1903 coa publicación do Atlas Lingüístico de Francia. O camiño percorrido desde aquela, así coma os avances tanto na metodoloxía como nos medios empregados foi enorme, aínda que o espazo de tempo fose ben curto.

Un dos trazos máis salientables nos traballos de xeolingüística que se están levando a cabo na actualidade é a introducción da informática, que automatizou case na súa totalidade a elaboración dos atlas, permitindo opcións impensables a principios de século, como por exemplo a posibilidade dos Atlas falantes ou sonoros, que xa son unha realidade a través do CD-ROM (crf. por ex. o ALD).

Cando a Lucien Bonaparte se lle ocorreu a idea de contrastar un mesmo texto en diversas linguas europeas, ou mesmo cando Gilliéron comezou as enquisas do ALF, seguro que nin sequera sospeitaron que menos dun século despois se estarían elaborando Atlas de dominios territoriais e lingüísticos tan amplos coma o europeo, o románico, o eslavo ou o xermánico. Así hoxe en día os lingüistas falan xa de varias xeracións de atlas: rexionais, nacionais, continentais, de dominios lingüísticos supranacionais, como veremos nos diversos artigos do libro.

O que queda por facer tamén é moito: pódese pensar nun atlas mundial, pero antes quedan moitas pequenas rexións por estudar, moitos atlas por rematar, e unha posibilidade xa ensaiada nalgúns países: os novos atlas ou segundos atlas dun mesmo dominio lingüístico, de xeito que se poida coñecer a evolución dunha lingua nun espazo de tempo determinado.

Os artigos que compoñen esta obra presentan cadanseu atlas de diversas comunidades lingüísticas europeas:

- atlas de dominios supranacionais, o que M. Alinei chamou atlas da cuarta xeración: europeo e románico.
- atlas nacionais: portugués e italiano
- atlas de pequenos dominios: vasco, de Cantabria, de Castela-A Mancha, do ladino central, galego, siciliano e catalán.

Evidentemente aquí non está todo o que se está facendo, e moito menos o que está feito, pero si unha moi boa mostra das diversas variedades tanto de metodoloxías coma de dominios lingüísticos.

Tódolos artigos tratan unha serie de aspectos coincidentes:

1- Pasado e xénese do atlas.

2- Metodoloxía, onde se inclúen sobre todo datos técnicos:

- cuestionario: número de preguntas, bases e criterios de realización

- rede da enquisa: número de puntos, criterios de elección

- investigadores, modus operandi

- informantes: características, criterios de elección

- transcricións e gravacións

- informatización

3- Estado actual dos traballos; publicacións

4- Perspectivas de futuro

Pero cada un deles céntrase en características específicas, en problemas concretos ou en realizacións especiais que non son norma.

De seguido imos ver un por un, cada artigo, destacando aquilo que consideramos máis importante ou máis peculiar.

"L'Atlas Linguarum Europae: risultati, struttura, storia, prospettive"

por Mario Alinei

O primeiro dos artigos é o referido ó atlas europeo. Con 7 volumes publicados e 12 máis proxectados o ALE é o maior atlas existente ata agora: xeograficamente abarca toda a Europa e lingüisticamente engloba 22 grupos lingüísticos e 6 familias de linguas.

O conxunto da obra, financiada pola Unesco, está realizada por autores de diversas nacionalidades, e na súa elaboración poden diferenciarse claramente dous períodos segundo a localidade que funciona como centro de coordinación: tedesco-holandés e tedesco-italiano.

M. Alinei, trata no seu artigo da estrutura organizativa e científica do ALE, da súa historia e, sobre todo do interese e finalidade dun atlas de tal amplitude (que el cualifica como un atlas da cuarta xeración) que, ó seu ver céntrase nos seguintes aspectos:

- sería a resposta a unha esixencia xeral, resultado da identidade europea.

- como atlas da cuarta xeración remata un camiño que se inicia cos atlas rexionais ou mínimos, e que pode rematar cun atlas mundial.

- como un atlas interpretativo, onde a cultura material é a base da cultura lingüística, o ALE é un atlas que ó lado da tradicional interpretación onomasio-lóxica engade unha interpretación motivacional.

- como innovación lingüística: o que el chama cartografía motivacional, moi productiva cando se confrontan grupos lingüísticos diversos. Esta metodoloxía permite centrarse na identidade da representación ideolóxica e cultural, contribuíndo ó estudio dunha metalinguaxe motivacional, común a tódalas linguas do mundo, e tamén ó estudio comparado da historia cultural.

- ofrece novos puntos de vista para o problema das orixes das linguas e dos pobos europeos.

- é o reflexo dunha estrutura xeolingüística na que cada elemento determina ós outros.

- como modelo de colaboración internacional. A partir da experiencia do ALE nace a Asociación Internacional de Dialectoloxía e Xeolingüística, e amparado por el xorde a idea do ALIR que logo veremos.

Para concluír, o autor dános dúas notas máis que contribúen ó interese do ALE: por unha parte supón a realización de atlas rexionais ou nacionais inexistentes, á vez que é unha fonte de inspiración para proxectos similares (coma, por exemplo, o ALIR).

"Atlas Lingüístico y Etnográfico de Cantabria. Cuestionario"
por Manuel Alvar

Manuel Alvar, o gran impulsor da xeografía lingüística en España, (é autor, entre outros, do ALEA, ALEANR, ALEICan...) fai unha presentación dos datos técnicos do ALCant, e danos a coñece-lo cuestionario empregado. A estrutura organizativa deste atlas é semellante á utilizada polo autor nos seus atlas anteriores.

Insiste no feito de que os atlas mínimos ou rexionais, como o ALECan, non son atlas menos importantes cós de grandes dominios. Os adxetivos "mínimo" ou "rexional" fan referencia á extensión do territorio, nunca á calidade da obra.

O autor móstrase preocupado pola erosión que sofre a vida patrimonial, o que leva consigo unha forte erosión de campos léxicos porque a lingua reflicte as mutacións que se producen na sociedade.

"Historia y futuro del Atlas Lingüístico Vasco (EHHA)"
por Gotzon Aurrekoetxea e Xarles Videgain.

Os autores deste artigo conforman a dirección técnica do EHHA, un atlas que comezou a elaborarse no 1986, cando a subvención dos poderes públicos fixo posible o inicio dos traballos. Quizais o problema máis importante do Atlas Vasco é a época tardía en que empezou a realizarse, tendo en conta as fondas transformacións socioeconómicas producidas nos últimos tempos: "se as cousas e as ferramentas cambian co tempo, con elas tamén cambian as palabras". A isto hai que engadirlle, aínda, a progresiva implantación dunha lingua vasca unificada e supradialectal. Sen embargo, os investigadores do EHHA puideron comprobar como a fala é suficientemente resistente ó cambio, e estes problemas non afectaron excesivamente ó vasco.

O artigo céntrase fundamentalmente en dous aspectos: na metodoloxía escollida para a realización do Atlas e na informatización do proxecto.

En canto ó futuro, pénsase na realización dun atlas sonoro, segundo o modelo do realizado para o ladino central por Hans Goebel que veremos máis detalladamente.

“Un projet européen de Géolinguistique: l'Atlas Linguistique Roman.”

por Michel Contini

O ALiR, coordinado polo Centro de Dialectoloxía da Universidade Stendhal de Grenoble, que é a promotora, é outro dos atlas supranacionais que nos presenta o libro. Nel estúdanse tódalas linguas románicas europeas.

Michel Contini, director da obra, despois de encadrarla dentro da historia da Xeolingüística e de poñer de manifesto a súa filiación con respecto ó ALE presenta o organigrama do ALiR, a relación dos investigadores participantes, e os materiais que serven de base para a realización deste atlas.

En canto á rede salienta a súa articulación en casas ou cuadrículas que poden contar con varios puntos no seu interior. As formas cartografables non son escollidas só pola súa frecuencia de aparición, senón tamén pola importancia ou orixinalidade que lle concede o autor do mapa en concreto.

En canto ós cuestionarios, o director do ALiR destaca a importancia que se concede á fonética histórica, á fonoloxía e á morfoloxía, aspectos máis esquecidos dos atlas anteriores.

Despois de explica-lo proceso de realización dos mapas, o autor ofrécenos unha visión global do que será a obra na súa totalidade, que previsiblemente constará de 11 volumes.

“El Atlas Lingüístico y etnográfico de Castilla-La Mancha. Materiales fonéticos de Ciudad Real y Toledo”

por Pilar García Mouton e Francisco Moreno Fernández

O deseño teórico do ALeCMan é coincidente co de tódolos atlas dirixidos por Manuel Alvar. Os autores do artigo destacan, fronte ós demais atlas, os seguintes puntos:

- A participación sistemática de dous informantes (home e muller) que reparten o contido dun cuestionario e duplican algúns apartados. Isto permite establecer unha comparación dos comportamentos lingüísticos dos dous sexos, onde se están atopando diferencias significativas.

- As enquisas nas capitais de provincia fanse con métodos de investigación sociolingüística, traballando con tres variables fundamentais: sexo, idade, nivel de instrución, en busca de materiais correspondentes a tres rexistros: formalidade máxima, media e mínima.

- En canto á selección da rede de puntos destaca o protagonismo que se lle outorga á “comarca funcional”.

A segunda parte do traballo está dedicada ó exame dos materiais fonético-fonolóxicos recollidos nas enquisas das provincias de Ciudad Real e Toledo; onde se pode observar con claridade o proceso de debilitamento que sofre o /s/ implo-

sivo, a tendencia a neutralización de /r/ e /l/ en determinados contextos e a forte presenza do "yeísmo".

"L'Atlas Linguistique du ladin central et des dialectes limitrophes (première partie, ALD I)"

por Hans Goebel

Comeza o artigo cunha moi ben esquematizada e breve descrición dos datos técnicos: enquisas, rede de puntos, cuestionario, informantes e investigadores, transcripción e gravación das enquisas, tratamento dos datos sonoros, estado dos traballos, financiamento, futuro (ALD II) e proxectos de publicación. Resultan especialmente interesantes:

- A realización do que Goebel chama enquisas diastráticas: dúas series de entrevistas feitas a falantes diferentes socialmente.

- O almacenamento nun banco de datos sonoro coas enquisas gravadas na súa totalidade co fin de constituí-la versión sonora do ALD, paralela á versión cartografada: dous modos de presentación dos datos que non son excluíntes.

O resto do artigo céntrase maioritariamente na descrición deste atlas sonoro, presentado en 1990, e que ofrece as vantaxes dos traballos deste tipo: máxima fiabilidade e máxima seguridade para a conservación das enquisas, comodidade tanto á hora de realiza-las.

Hans Goebel, director do ALD, continúa logo cunha descrición das características técnicas e informáticas da obra, e explica as posibilidades de manexo que se ofrecen tanto na reprodución de datos sonoros, coma no manexo dos datos escritos e da pantalla; así, por exemplo á hora da reprodución dun texto almacenado en CD-ROM podemos escoller entre unha escoita liñal ou reiterativa a intervalos determinados...

Mirando para o futuro, e desde unha perspectiva diacrónica, coa axuda dos datos sonoros, será posible a comparación dos diversos estados dunha lingua con total fiabilidade.

"El Atlas Lingüístico Gallego"

por Manuel González González

O caso do ALG presenta a particularidade de tratarse dun dominio lingüístico conflictivo pola existencia de dúas linguas nun encontro diglósico: o galego e o castelán. Quizais por iso o ALG fora "unha necesidade para mostra-la personalidade diferenciadora do galego e ofrece-la riqueza lingüística e etnográfica interna". A isto hai que engadir que no ano 1974, cando se iniciaron os traballos deste atlas, o galego era unha lingua sen normativizar. Mesmo os materiais das enquisas serviron para a elaboración das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Galego e para o Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega, obras publicadas polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega.

Outra particularidade salientable da historia da xeolingüística galega é o progreso que sufriu a investigación neste campo en moi pouco tempo: en 1970

non había case nada feito, nin sequera monografías lingüísticas, hoxe está publicado o primeiro tomo do Atlas e a punto de saí-lo segundo.

O primeiro punto que toca o artigo de M. González é a presenza de Galicia na cartografía lingüística, bastante modesta e sempre en atlas de grandes dominios; de aí xorde a necesidade dun atlas propio, antes de que as transformacións da civilización actual desgasten máis os modos de vida tradicionais, que son a fonte das enquisas xeolingüísticas.

A experiencia sobre o terreo permítelle a M. González poder opinar sobre os problemas que se presentaron no proceso de elaboración deste atlas. Expónseno-las circunstancias nas que foi elaborado, como culminación de pequenos traballos -teses, memorias, monografías- sobre a realidade lingüística galega que foron xurdindo a partir dos anos 70, especialmente a partir da cátedra de Constantino García. Neste momento, e co pretexto das enquisas para o ALE e o ALEP púxose en marcha a idea do Atlas Lingüístico Galego.

Con respecto ó cuestionario, o autor salienta dous aspectos: 1) A interconexión do ALG con atlas de dominios máis amplos. O ALG permite a comparación cos dominios románico e europeo xa que o cuestionario do ALE e do ALEP foron incluídos no do ALG; e isto sen abandona-la profundización na propia realidade, o que permite fixar con precisión os límites respecto das linguas e dialectos limítrofes. 2) Outro aspecto salientable, fronte a outros atlas, é a amplitude do cuestionario de morfoloxía verbal, esixible pola riqueza dialectal que ofrece o verbo galego.

Os criterios de selección dos puntos da rede coinciden cos doutros atlas: xeográficos, importancia das localidades, densidade de poboación, busca de fronteiras lingüísticas, puntos coincidentes cos doutros atlas, puntos alóglotas...

Os realizadores das enquisas, entre eles o autor do artigo, buscaron sempre o coñecido "informante ideal", pero tamén se buscou xente nova para coñecer-las innovacións lingüísticas, ou persoas de determinadas profesións en busca de léxico especializado.

Publicado o primeiro volume sobre morfoloxía verbal, está próximo a saí-lo segundo, un pouco retrasado, porque houbo que adaptarse ó proceso informatizado que se introduciu con el. Quedan á parte oito volumes máis.

Por último, Manuel González, que forma parte tamén do Consello de Redacción do ALiR, pon énfase no interese dos datos do ALG dentro do conxunto das linguas románicas a nivel internacional: o galego ofrece trazos singulares dentro do conxunto románico, aínda hoxe non estudados en profundidade: a gheada, o sistema de sibilantes, a metafonía, a acentuación etimolóxica en diversas formas verbais, a diferenciación entre *che* e *te*, o pronome de solidariedade, voces preromanas no léxico, as interferencias lingüísticas co castelán, etc.

"Lo stato attuale dei lavori e le prospettive future dell'Atlante Linguistique Italino"

por Lorenzo Massobrio

Lorenzo Massobrio, actual director da obra, centra o seu artigo en tres puntos principais, os cales constitúen os tres problemas claves que tivo que solucionar-lo ALI para saír adiante:

-o aspecto xurídico e institucional do Instituto dell'Atlante Linguistico Italiano

-o problema do financiamento da obra

-a busca dun editor e impresor do atlas, así como dunha entidade encargada da elaboración da base de datos e de todo o programa informático necesario.

En canto ó primeiro punto, a solución conséguese no 1988, cando o Instituto dell'ALI obtén o recoñecemento oficial de Centro Autónomo dependente da Università degli Studi di Torino, e pasa a ser un departamento universitario máis, con administración e persoal propio.

Con isto soluciónase, en parte, o problema do financiamento da obra, no que colaboraron tamén outras institucións como a Società Filologica Friulana (unha das promotoras do proxecto), do Ministero dei Beni Culturali ou o CNR. Ademais o proxecto do ALI conta con bolsas concedidas pola administración rexional italiana (rexión de Piemonte, do Val de Aosta, de Lombardia, etc). Isto garante, cando menos, a regularidade no funcionamento do ALI, e a estabilidade dos que participan na súa realización, situación que nunca se deu na longa vida do ALI. A partir disto adiantase notablemente nos traballos a pesar da dificultade que supón a riqueza dialectolóxica de Italia.

O último problema soluciónase cando o Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato accede a realizar tanto a edición e impresión do atlas coma a elaboración do programa informático e do banco de datos, necesario para un tratamento informatizado do material.

Paralelamente á solución destes problemas realizouse a fase preparatoria do atlas, de xeito que no 1985 xa se publicara o cuestionario; no 1986 publicouse o mapa dos nomes oficiais das localidades exploradas, e actualmente estase elaborando o deseño da publicación do atlas. Pola súa parte o comite de redacción examinou as enquisas realizadas e completou o cuestionario xeral.

Hoxe están en fase de corrección os primeiros cen mapas que conformarán o 1º volume, e en fase de preparación os mapas do 2º. L. Massobrio anuncia-no-la inmediata publicación do 1º volume e a posibilidade, no futuro, de realizar un Atlas Rexional Italiano.

"L'ALS: un programma geolinguistico per la Sicilia dei nostri giorni"

por Giovanni Ruffino e Mari D'Agostino

Os autores comezan por defini-los obxectivos do proxecto do Atlas, presentado no 1989: 1) documentar-la condición dialectal do siciliano, 2) observar-la liña actual da fala, comprobando o dinamismo e a conservación, e 3) examina-la

dinámica de variación en clave diatópica ou diastrática, é dicir, unha solución equilibrada entre xeolingüística e sociolingüística, integrando os dous métodos. Estes detalles caracterizan o ALS fronte a outros atlas.

A área de investigación abarca toda a illa de Sicilia e o seu arquipélago, cunha situación lingüística riquísima por dúas razóns: a gran variedade de culturas e linguas das súas xentes, e pola convulsa historia que sufriu. Esta heteroxeneidade condicionou a elaboración da rede de puntos da enquisa. Así á parte dunha rede base, establécense tres redes paralelas: etnográfica, variacional e mariñeira. Cada unha delas está destinada a un tipo específico de léxico e céntrase tamén nun tipo específico de localidades. A primeira busca dialectos nun estado máximo de arcaicidade, algo que non é alleo á maioría dos atlas; a rede mariñeira busca un léxico mariñeiro tradicional, abundante na illa; e a rede variacional comproba o dinamismo e o estacionamento sociolingüístico, fenómeno especialmente visible nas grandes cidades ou en puntos fortemente estancados ou recesivos.

Nun atlas variacional como o ALS desempeña un papel importante a cidade e a súa área de influencia, onde debido ó movemento socioeconómico (moi distinto ó doutros puntos) se conta cunha pluralidade de informantes, o que non implica discontinuidade metodolóxica. Estase creando o que Ruffino e D'Agostino chaman sociolingüística do territorio: trátase de relaciona-la dinámica interna dun espazo coa dinámica externa dese espazo.

Como no caso da rede, as enquisas deben responder ós obxectivos diferenciados que pretende o ALS. Para isto utilízase un cuestionario etnográfico, un variacional e un mariñeiro como complementos ó cuestionario base.

**"O Atlas Linguístico-etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)"
por João Saramago**

João Saramago, que pertence ó Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, ofrécenos unha visión das características e vicisitudes do Atlas de Portugal e Galicia, dende como foi concebido, no ano 1957, ata o lanzamento definitivo de proxecto no 1970.

Infórmanos sobre os campos semánticos contemplados no cuestionario, que permiten indagar en cuestións de natureza etnográfica, fonética, fonolóxica e morfofonolóxica.

J. Saramago fálanos tamén da rede, que inclúe, ademais de Portugal, as illas Azores, Madeira e tamén Galicia, rexión conflictiva en canto á súa asignación lingüística ó portugués. De calquera maneira parece ser que as enquisas non se van efectuar neste territorio.

Os traballos do ALEPG van, de momento, bastante lentos, ata o punto de que no 1990 se reduciu á metade o cuestionario existente, para cubrir máis rapidamente o territorio nacional. Unha nota especial: as enquisas son gravadas na súa totalidade e, aínda que non se prevé a realización dun atlas sonoro, estas gravacións posibilitan a realización de calquera outro traballo dialectolóxico.

"Atlas Linguistiques Roumains"
por Nicolae Saramandu e Ion Ionica

A pesar da precariedade de medios coa que se traballa neste país, isto non foi impedimento para que a xeolingüística en Romanía estea moito máis desenvolvida ca en moitas outras partes. Foi un dos primeiros países nos que se pode falar dun estudio científico das falas romanesas xa na metade do século XIX, con Harden. A causa quizais haxa que buscala, segundo a opinión dos autores deste artigo, en que os romaneses senten a lingua coma un verdadeiro vínculo máis alá das fronteiras impostas pola historia. Na actualidade conta con tres series de Atlas lingüísticos que representan tres etapas sucesivas na elaboración dos atlas:

1º) Weigand elaborou un atlas das falas daco-romanesas. Foi un dos fundadores, a nivel mundial, da dialectoloxía científica.

2º) Atlas Lingüístico Romanés, ALR. Elaborado polo Museo da Lingua Romanesa, comprende estudos sobre a distribución xeográfica das formas fonéticas, morfolóxicas, sintácticas, léxicas, e sobre a división dos dialectos romaneses e a súa estrutura dialectal. Realizado segundo o modelo de Gilliéron é un dos máis importantes de toda Europa.

3º) Novo Atlas Lingüístico Romanés, NALR. Atlas rexional, que, a unha distancia de 40 anos do ALR vai mostra-la evolución que sufriron as falas pola transformación da vida e tamén pola influencia da lingua literaria.

Este último atlas, o que fai é afondar nas anteriores enquisas, cun cuestionario que ten en conta o resultado das precedentes.

O NALR é, en realidade un conxunto de oito atlas rexionais, onde cada equipo traballa por separado, e en consecuencia, tamén o seu estado de elaboración se encontra en procesos diferentes.

Algunhas das innovacións máis importantes do NALR son:

- Publicación de datos complementarios ás enquisas: etnografía, demografía...
- Publicación de datos referidos ás enquisas, ás localidades, ós informantes...
- Gravación de textos dialectais para a publicación selectiva xunto co atlas.

Para rematar, os autores examinan cada un dos atlas rexionais, destacando as súas características máis importantes.

"Atlas Lingüístic del Domini Català: Estado de los trabajos"
por Joan Veny e Lidia Pons Grieria

O dominio catalán tamén é un dos mellor estudados en canto á dialectoloxía e xeolingüística, ámbito no que conta xa desde antigo co Atlas de Grieria. Despois dunha breve historia da Cartografía en Cataluña, J. Veny (director do ALDC) e L. Pons preséntannos-lo ALDC.

Entre as características comúns a tódolos atlas cabe destaca-la ausencia dun capítulo de fonética dentro do cuestionario, aspecto que se vai estudar a par-

tir do léxico, obtendo así maior espontaneidade nas respostas. Rexeitaron o método de cuestionario a base de imaxes ou fotografías, que estaba previsto ó principio, pola inseguridade dos informantes, ó se enfrontaren á interpretación das imaxes.

Respecto ós investigadores hai que destacar que hai un de cada zona dialectal investigada, feito importante para lograr así unha maior exhaustividade.

A total gravación das enquisas, trouxo consigo innumerables inconvenientes, polo que se abandonou despois de se realizaren algunhas delas.

En canto á base de datos, divídese en dúas partes:

- Parte Introductoria: identificación de informantes e localidades.
- Parte Lingüística: na que se distingue a información vinculada á pregunta da información vinculada á resposta.

Despois de informárennos sobre o estado dos traballos, os autores anuncian a publicación dun volume de etnotextos e dun inventario de léxico dialectal.

MARI CARME GARCÍA ARES

R E A L
ACADEMIA
GALEGA



CONTIDO

- 7 J. KABATEK
Variedades lingüísticas e
competencia comunicativa
- 19 R. ÁLVAREZ BLANCO
Gramática descritiva e
gramática prescritiva
- 37 X. L. REGUEIRA
Modelos fonéticos e autenticidade lingüística
- 61 X. XOVE FERREIRO
Do designado á expresión: a perspectiva
onomasiolóxica no ensino da lingua sobre o
exemplo da cuantificación
- 89 E. GONZÁLEZ SEOANE
Variedade e empobrecemento do léxico
- 103 F. A. CIDRÁS ESCÁNEO
Modelos de lingua e variación sintáctica
- 119 E. TORRAS OLIVERAS
A aprendizaxe dunha lingua en proceso
de normalización: a tensión
uniformidade/diversidade no caso do catalán
- 133 X. R. GARCÍA SOTO
Reversión evolutiva do castelanismo

CADERNOS DE LINGUA